neste trámite de información pública e emitíronse os informes sectoriais requiridos, emitidos tanto pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior da Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural tamén da Xunta de Galicia, e por parte da Axencia Galega de Infraestruturas.

a la preceptiva información pública, no se presentaron alegaciones en este trámite de información pública y se emitieron los informes sectoriales requeridos, emitidos tanto por la Dirección General de Emergencias e Interior de la Xunta de Galicia, Dirección General de Patrimonio Cultural también de la Xunta de Galicia, y por parte de la Agencia Gallega de Infraestructuras.

Ás once horas e corenta e dous minutos sae do Salón de Sesións o señor Jorquera Caselas.

A las once horas y cuarenta y dos minutos sale del Salón de Sesiones el señor Jorquera Caselas.

Como sabemos, os decretos do estado de alarma suspenderon os trámites administrativos durante ese estado de alarma, que se retomaron e se levantaron o día 1 de xuño de 2020. O 15 de xuño, Showa Denko presenta a nova versión e este estudo de detalle, a maio 2020, co obxecto de dar cumprimento ás observacións que se realizaran desde o Departamento de Planeamento Urbanístico e o que permitiu que o informe técnico-xurídico ao final fose favorable.

Como sabemos, los decretos del estado de alarma suspendieron los trámites administrativos durante ese estado de alarma, que se retomaron y se levantaron el día 1 de junio de 2020. El 15 de junio, Showa Denko presenta la nueva versión y este estudio de detalle, a mayo 2020, con el objeto de dar cumplimiento a las observaciones que se habían realizado desde el Departamento de Planeamiento Urbanístico y lo que permitió que el informe técnico-jurídico al final fuera favorable.

O ámbito obxecto deste estudo de detalle abrangue unha superficie de 80.887,38 m^2 que está clasificada no Plan Xeral vixente como solo urbano consolidado suxeito ao cumprimento da norma zonal 7, como sabemos, de instalacións especiais. En esencia, o obxectivo deste documento dese estudo de detalle é a previsión de 3 novos volumes desta parcela. Xustifícase no expediente o cumprimento da ocupación máxima da parcela que non supera o 45,04 %, inferior, moi inferior ao máximo permitido. Hai unha previsión, tamén, de prazas de aparcamento correspondentes á ampliación solicitada e consta tamén no expediente a xustificación de cumprimento da normativa sectorial que lle afecta á parcela.

El ámbito objeto de este estudio de detalle abarca una superficie de 80.887,38 m2 que está clasificada en el Plan General vigente como suelo urbano consolidado sujeto al cumplimiento de la norma zonal 7, como sabemos, de instalaciones especiales. En esencia, el objetivo de este documento de ese estudio de detalle es la previsión de 3 nuevos volúmenes de esta parcela. Se justifica en el expediente el cumplimiento de la ocupación máxima de la parcela que no supera el 45,04 %, inferior, muy inferior al máximo permitido. Hay una previsión, también, de plazas de aparcamiento correspondientes a la ampliación solicitada y consta también en el expediente la justificación de cumplimiento de la normativa sectorial que le afecta a la parcela.

Como sabemos, despois de que se ditaminase o pasado luns na Comisión de Urbanismo e Vivenda este expediente de estudo de detalle, despois de coñecer tamén o informe preceptivo emitido pola Secretaría Xeral do Pleno, propoñemos a este Pleno a aprobación definitiva deste estudo de detalle e que se poidan iniciar os trámites administrativos para garantir a súa entrada en vigor.

Como sabemos, después de que se hubiera dictaminado el pasado lunes en la Comisión de Urbanismo y Vivienda este expediente de estudio de detalle, después de conocer también el informe preceptivo emitido por la Secretaría General del Pleno, proponemos a este Pleno la aprobación definitiva de este estudio de detalle y que se puedan iniciar los trámites administrativos para garantizar su entrada en vigor.

Eu quero, finalmente, insistir en que este estudo de detalle, aínda que se trata dun instrumento de planeamento de rango inferior pero que precisa aprobación efectivamente plenaria, vai permitir asegurar o futuro desta importantísima planta industrial da cidade no polígono da Grela, que se adica á fabricación dos electrodos de grafito, como sabemos, que ten a máis de 150 empregados e que está dando lugar a un volume de facturación e de ventas importante. Por iso parécenos relevante que, aínda que a natureza deste instrumento de planeamento non sexa dun rango superior porque non é preciso, si que viabiliza precisamente o futuro industrial desta planta na nosa cidade.

Yo quiero, finalmente, insistir en que este estudio de detalle, aunque se trata de un instrumento de planeamiento de rango inferior pero que precisa aprobación efectivamente plenaria, va a permitir asegurar el futuro de esta importantísima planta industrial de la ciudad en el polígono de A Grela, que se dedica a la fabricación de los electrodos de grafito –como sabemos–, que tiene a más de 150 empleados y que está dando lugar a un volumen de facturación y de ventas importante. Por eso nos parece relevante que, aunque la naturaleza de este instrumento de planeamiento no sea de un rango superior porque no es preciso, sí que viabiliza precisamente el futuro industrial de esta planta en nuestra ciudad.

Polo que respecta ao segundo estudo de detalle que traemos tamén para aprobación definitiva deste Pleno, o que ten por obxectivo é completar e reaxustar unicamente, porque é o único obxecto deste estudo de detalle, as rasantes no cruce da avenida de Lamadosa coa rúa Jerónimo Vázquez Franco.

Por lo que respeta al segundo estudio de detalle que traemos también para aprobación definitiva de este Pleno, lo que tiene por objetivo es completar y reajustar únicamente, porque es el único objeto de este estudio de detalle, las rasantes en el cruce de la avenida de Lamadosa con la calle Jerónimo Vázquez Franco.

En xullo de 2019, a compañía promotora, Construcciones Atocha 2007 SL, solicita a aprobación deste estudo de detalle. En novembro, despois dunha serie de requirimentos, presenta un novo estudo modificado que tamén dá lugar a que se poida aprobar por parte da Xunta

En julio de 2019, la compañía promotora, Construcciones Atocha 2007 SL, solicita la aprobación de este estudio de detalle. En noviembre, después de una serie de requerimientos, presenta un nuevo estudio modificado que también da lugar a que se pueda aprobar por

de Goberno Local o pasado 20 de novembro de 2019 inicialmente este estudo. Someteuse a información pública ademais de notificarse aos titulares catastrais dunha parcela que linda co ámbito deste estudo de detalle. Presentáronse dúas alegacións, aínda que unha pode ser idéntica á seguinte, e unha terceira que máis que ser unha alegación o que fai é que solicita unha serie de estudos de afectación do tráfico e emitíronse tamén os correspondentes informes sectoriais polo ámbito... pola ubicación deste ámbito de actuación, emitidos tanto por parte da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural como do Ministerio de Fomento a través da Dirección... do que era o Ministerio de Fomento a través da Dirección Xeral de Carreteras e tamén o informe sectorial necesario da Dirección Xeral de Aviación Civil.

parte de la Xunta de Gobierno Local el pasado 20 de noviembre de 2019 inicialmente este estudio. Se sometió a información pública además de notificarse a los titulares catastrales de una parcela que linda con el ámbito de este estudio de detalle. Se presentaron dos alegaciones, aunque una puede ser idéntica a la siguiente, y una tercera que más que ser una alegación lo que hace es que solicita una serie de estudios de afectación del tráfico y se emitieron también los correspondientes informes sectoriales por el ámbito... por la ubicación de este ámbito de actuación, emitidos tanto por parte de la Dirección General de Patrimonio Cultural como del Ministerio de Fomento a través de la Dirección... del que era el Ministerio de Fomento a través de la Dirección General de Carreteras y también el informe sectorial necesario de la Dirección General de Aviación Civil.

Tamén este expediente sufriu a paralización administrativa dos trámites determinada polo decreto do estado de alarma e tamén levantada esta suspensión de prazos o día 1 de xuño nos permite traer este estudo de detalle a este Pleno para aprobación definitiva unha vez que o promotor tamén completou os documentos nos termos requiridos e o que permitiu tamén que se informase favorablemente tanto desde a perspectiva xurídica como de planeamento.

También este expediente sufrió la paralización administrativa de los trámites determinada por el decreto del estado de alarma y también levantada esta suspensión de plazos el día 1 de junio nos permite traer este estudio de detalle a este Pleno para aprobación definitiva una vez que el promotor también completó los documentos en los términos requeridos y lo que permitió también que se hubiese informado favorablemente tanto desde la perspectiva jurídica como de planeamiento.

Tamén se ditaminou este estudo de detalle na Comisión de Urbanismo e Vivenda deste pasado luns e tamén se emitiu o preceptivo informe da Secretaría Xeral do Pleno polo que solicitamos ou traemos como proposta esta aprobación definitiva que, en todo caso, vai dar lugar a unha mellor colmatación ou remate urbanístico deste cruce que está afectado por esta deficiencia de rasantes.

También se dictaminó este estudio de detalle en la Comisión de Urbanismo y Vivienda de este pasado lunes y también se emitió el preceptivo informe de la Secretaría General del Pleno por lo que solicitamos o traemos como propuesta esta aprobación definitiva que, en todo caso, va a dar lugar a una mejor colmatación o final urbanístico de este cruce que está afectado por esta deficiencia de rasantes.

Máis nada e grazas.

Nada más y gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señor Villoslada.

Muchas gracias, señor Villoslada.

Iniciamos esta quenda de debate. Un único turno de 3 minutos. Señora Martínez.

Iniciamos este turno de debate. Un único turno de 3 minutos. Señora Martínez.

Señora Martínez Lema

Señora Martínez Lema

Moitas grazas, señora alcaldesa.

Muchas gracias, señora alcaldesa.

No que se refire ao primeiro asunto, este estudo de detalle conta co informe técnico-xurídico favorable, nunha superficie de máis de 80.000 m^2. A súa clasificación no PXOM, polo tipo de chan consolidado, está suxeito a unhas condicións como instalación especial que especifica que toda nova edificación que se pretenda construír requirirá a aprobación previa dun estudo de detalle. Tres novos volumes e a creación de 59 prazas de aparcamento que contan co cumprimento da normativa sectorial. E tal e como facía referencia o señor Villoslada, no momento de crise económica que vivimos como consecuencia do covid, permítanme dicir, esta aprobación é motivo de satisfacción. Cando una empresa cumpre con todos os requisitos e ademais xoga un papel importante para a economía da cidade é o indicador de que a industria debe ser unha aliada. Invitándoa tamén a colaborar en medidas medioambientais, todos podemos convivir e medrar porque hai que entenderse.

En lo que se refiere al primer asunto, este estudio de detalle cuenta con el informe técnico-jurídico favorable, en una superficie de más de 80.000 m2. Su clasificación en el PGOM, por el tipo de suelo consolidado, está sujeto a unas condiciones como instalación especial que especifica que toda nueva edificación que se pretenda construir requerirá la aprobación previa de un estudio de detalle. Tres nuevos volúmenes y la creación de 59 plazas de aparcamiento que cuentan con el cumplimiento de la normativa sectorial. Y tal y como hacía referencia el señor Villoslada, en el momento de crisis económica que vivimos a consecuencia del covid, permítanme decir, esta aprobación es motivo de satisfacción. Cuando una empresa cumple con todos los requisitos y además juega un papel importante para la economía de la ciudad es el indicador de que la industria debe ser una aliada. Invitándola también a colaborar en medidas medioambientales, todos podemos convivir y crecer porque hay que entenderse.

Cun importante número de traballadores, os beneficios desta empresa en 2017 foron de 7,5 millóns de euros. É das empresas que optan por investir en mellorar as súas instalacións. Hai un ano investiron un millón de

Con un importante número de trabajadores, los beneficios de esta empresa en 2017 fueron de 7,5 millones de euros. Es de las empresas que optan por invertir en mejorar sus instalaciones. Hace un año invirtieron

euros.

Apoiar o crecemento destas empresas con axilidade na resolución de trámites para que así poidan seguir investindo parte dos beneficios na propia instalación repercutirá en prosperidade para A Coruña, as empresas e os seus empregados. Necesitan sitios que demostren relevancia e dinamismo e Coruña ten moito que achegar apostando polo impulso empresarial tan necesario nestes tempos e nos que están por vir.

Doutra banda, tráese tamén a aprobación definitiva doutro estudo de detalle para complementar e reaxustar rasantes na esquina da avenida Lamadosa coa rúa Jerónimo Vázquez Franco, onde se desestiman alegacións baseándose no informe técnico-xurídico municipal. Xa que novamente esta aprobación conta cos informes favorables, o noso voto será a favor nos dous asuntos.

Moitas grazas.

Presidencia

Moitas grazas, señora Martínez.

Polo Bloque Nacionalista Galego, señora Veira.

Ás once horas e cincuenta e un minutos entra no Salón de Sesións o señor Jorquera Caselas e sae o señor Lage Tuñas.

Señora Veira González

Si, moitas grazas, alcaldesa.

No asunto da aprobación definitiva do estudo de detalle para a ampliación de instalacións de Showa Denko Carbon Spain SA, desde o BNG imos votar a favor. Trátase de autorizar con este

un millón de euros.

Apoyar el crecimiento de estas empresas con agilidad en la resolución de trámites para que así puedan seguir invirtiendo parte de los beneficios en la propia instalación repercutirá en prosperidad para Coruña, las empresas y sus empleados. Necesitan sitios que demuestren relevancia y dinamismo y Coruña tiene mucho que aportar apostando por el impulso empresarial tan necesario en estos tiempos y en los que están por venir.

Por otro lado, se trae también la aprobación definitiva de otro estudio de detalle para complementar y reajustar rasantes en la esquina de la avenida Lamadosa con la calle Jerónimo Vázquez Franco, donde se desestiman alegaciones basándose en el informe técnico-jurídico municipal, Ya que nuevamente esta aprobación cuenta con los informes favorables, nuestro voto será a favor en los dos asuntos.

Muchas gracias.

Presidencia

Muchas gracias, señora Martínez.

Por el Bloque Nacionalista Galego, señora Veira.

A las once horas y cincuenta y un minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Jorquera Caselas y sale el señor Lage Tuñas.

Señora Veira González

Sí, muchas gracias, alcaldesa.

En el asunto de la aprobación definitiva del estudio de detalle para la ampliación de instalaciones de Showa Denko Carbon Spain SA, desde el BNG vamos a votar a favor. Se trata de autorizar con

estudo de detalle a ampliación de volumes da fábrica situada no polígono da Grela. Con este aumento de volumes estamos tamén axudando ao mantemento e incluso ao crecemento da actividade industrial desta fábrica de electrodos de grafito, anteriormente SGL e antes Genosa. Entendemos que é fundamental apoiar a actividade industrial na nosa cidade e na nosa comarca que, cos sucesivos peches ou ameazas de peche, estamos a ver como se converte nun auténtico deserto industrial.

este estudio de detalle la ampliación de volúmenes de la fábrica ubicada en el polígono de la Grela. Con este aumento de volúmenes estamos también ayudando al mantenimiento e incluso al crecimiento de la actividad industrial de esta fábrica de electrodos de grafito, anteriormente SGL y antes Genosa. Entendemos que es fundamental apoyar la actividad industrial en nuestra ciudad y en nuestra comarca que, con los sucesivos cierres o amenazas de cierre, estamos viendo cómo se convierte en un auténtico desierto industrial.

Nesta crise da covid-19 vimos ben de preto os perigos de non producir os bens necesarios no noso país. Vimos os perigos de producir eses bens fóra do noso país. Polo tanto, agora máis que nunca é preciso que nos poñamos a traballar para poder asentar a actividade produtiva no noso país e, nomeadamente, no que nos corresponde a nós nesta Corporación que é a nosa cidade, porque o certo é que temos un capital humano, aínda que non me gusta nada esta expresión, pero é un capital humano moi valioso porque se trata de empregos, ademais, que adoitan ser dunha grande calidade e, polo tanto, hai que traballar a prol de que aumente a actividade industrial na nosa cidade e na nosa comarca.

En esta crisis de la covid-19 vimos bien de cerca los peligros de no producir los bienes necesarios en nuestro país. Vimos los peligros de producir esos bienes fuera de nuestro país. Por lo tanto, ahora más que nunca es preciso que nos pongamos a trabajar para poder asentar la actividad productiva en nuestro país y, especialmente, en lo que nos corresponde a nosotros en esta Corporación que es nuestra ciudad, porque lo cierto es que tenemos un capital humano –aunque no me gusta nada esta expresión–, pero es un capital humano muy valioso porque se trata de empleos, además, que suelen ser de una gran calidad y, por lo tanto, hay que trabajar a favor de que aumente la actividad industrial en nuestra ciudad y en nuestra comarca.

Por iso tamén aproveitamos para esixir a este Goberno Municipal que cumpra cun dos acordos recollidos no acordo de mandato que asinamos en xuño do ano pasado, que é o de desenvolver ou implementar ese plan de industrialización para a cidade e a comarca, porque está pendente. Hai unha diagnose realizada e pagada por este Concello no anterior mandato e cremos que é fundamental que nos poñamos a traballar.

Por eso también aprovechamos para exigir a este Gobierno Municipal que cumpla con uno de los acuerdos recogidos en el acuerdo de mandato que firmamos en junio del año pasado, que es el de desarrollar o implementar ese plan de industrialización para la ciudad y la comarca, porque está pendiente. Hay una diagnosis realizada y pagada por este Ayuntamiento en el anterior mandato y creemos que es fundamental que nos pongamos a trabajar.

E no asunto 5 de aprobación definitiva

Y en el asunto 5 de aprobación definitiva

do estudo de detalle para completar e reaxustar as rasantes da esquina da avenida de Lamadosa coa rúa Jerónimo Vázquez Franco, tamén queremos anunciar o noso voto favorábel, porque o único que se pretende con este estudo de detalle é axustar a rasante dun viario no barrio de Eirís.

del estudio de detalle para completar y reajustar las rasantes de la esquina de la avenida de Lamadosa con la calle Jerónimo Vázquez Franco, también queremos anunciar nuestro voto favorable, porque lo único que se pretende con este estudio de detalle es ajustar la rasante de un viario en el barrio de Eirís.

Se ben é certo que houbo alegacións, estas eran máis ben contrarias á existencia do propio viario e non ao axuste da rasante, que é o que se acorda con este estudo de detalle. O certo é que o viario xa existe no propio PXOM. Entendemos que a súa construción no marco do desenvolvemento urbanístico da zona que está recollido no plan axudaría a unha maior harmonización da contorna e, polo tanto, votamos a favor.

Si bien es cierto que hubo alegaciones, estas eran más bien contrarias a la existencia del propio viario y no al ajuste de la rasante, que es lo que se acuerda con este estudio de detalle. Lo cierto es que el viario ya existe en el propio PGOM. Entendemos que su construcción en el marco del desarrollo urbanístico de la zona que está recogido en el plan ayudaría a una mayor armonización del entorno y, por lo tanto, votamos a favor.

Si queremos lembrar tamén outro acordo de mandato neste asunto, que é o acordo de mandato en canto á desafectación das veciñas e veciños de Elviña, que seguen agardando, e desde o BNG nos comprometemos con eles e se comprometeu tamén o Goberno Local ao asinar o acordo de mandato en xuño de 2019 e queremos facer, unha vez máis, fincapé neste asunto.

Sí queremos recordar también otro acuerdo de mandato en este asunto, que es el acuerdo de mandato en cuanto a la desafectación de las vecinas y vecinos de Elviña, que siguen esperando, y desde el BNG nos comprometemos con ellos y se comprometió también el Gobierno Local al firmar el acuerdo de mandato en junio de 2019 y queremos hacer, una vez más, hincapié en este asunto.

Nada máis.

Nada más.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señora Veira.

Muchas gracias, señora Veira.

Pola Marea Atlántica, señor Varela.

Por la Marea Atlántica, señor Varela.

Señor Varela Gómez

Señor Varela Gómez

Grazas, señora Rey.

Gracias, señora Rey.

Bueno, un saúdo a todas as persoas que nos seguen dende o Pleno ou dende as súas casas.

Bueno, un saludo a todas las personas que nos siguen desde el Pleno o desde sus casas.

Eu si quería comezar, como os colegas do Partido Socialista, facendo mención e sorprendéndome tamén, mostrando a miña sorpresa polo grao de dramatismo das súas intervencións porque, bueno, eu levo moi á miña honra 5 anos neste Salón de Plenos defendendo á cidade e participando de debates e sufrindo tamén as embestidas dos partidos da oposición neste Pleno, e eu creo que non deberían de confundir as desavenencias, as críticas coa falta de respecto, non? Eu creo que non... non sei se é que non teñen memoria ou o que é peor, esqueceron a sabendas o que pasou neste Pleno no pasado...

Yo sí quería comenzar, como los colegas del Partido Socialista, haciendo mención y sorprendiéndome también, mostrando mi sorpresa por el grado de dramatismo de sus intervenciones porque, bueno, yo llevo muy a mi honra 5 años en este Salón de Plenos defendiendo a la ciudad y participando de debates y sufriendo también las embestidas de los partidos de la oposición en este Pleno, y yo creo que no deberían de confundir las desavenencias, las críticas con la falta de respeto, ¿no? Yo creo que no... no sé si es que no tienen memoria o lo que es peor, olvidaron a sabiendas lo que pasó en este Pleno en el pasado...

Ás once horas e cincuenta e cinco minutos entra no Salón de Sesións o señor Lage Tuñas.

A las once horas y cincuenta y cinco minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Lage Tuñas.

... Bueno, alégrome de que volva tamén o señor Lage porque tamén quería facerlle unha mención directa. Eu non paro de escoitar suxerencias, sospeitas, ameazas de acudir á xustiza por xestións ou por actitudes neste Pleno e eu creo que non é unha boa práctica esa. Eu creo que se teñen algo que afear e que cren que é delituoso deberían de ir á xustiza e non infundir ameazas e sospeitas que eu creo que non axudan nada ao bo clima construtivo. E dígolles todo isto dende o cariño, señor Lage, dende o absoluto cariño e o aprecio persoal que teño por vostedes, pero eu creo que non están tendo unha actitude nada seria, nada responsable e nada adecuada, sobre todo tendo en conta a responsabilidade que temos como representantes públicos e a imaxe que damos ao resto da cidade.

... Bueno, me alegro de que vuelva también el señor Lage porque también quería hacerle una mención directa. Yo no paro de escuchar sugerencias, sospechas, amenazas de acudir a la justicia por gestiones o por actitudes en este Pleno y yo creo que no es una buena práctica esa. Yo creo que si tienen algo que afear y que creen que es delictivo deberían de ir a la justicia y no infundir amenazas y sospechas que yo creo que no ayudan nada al buen clima constructivo. Y les digo todo esto desde el cariño, señor Lage, desde el absoluto cariño y el aprecio personal que tengo por ustedes, pero yo creo que no están teniendo una actitud nada seria, nada responsable y nada adecuada, sobre todo teniendo en cuenta la responsabilidad que tenemos como representantes públicos y la imagen que damos al resto de la ciudad.

Vostedes falan de ambiente, falan de falta de respecto. Neste Pleno, neste Pleno vivimos verdadeiras faltas de respecto. Neste Pleno, algúns dos concelleiros que estamos aquí sentados fomos reprobados polo Pleno por

Ustedes hablan de ambiente, hablan de falta de respeto. En este Pleno, en este Pleno vivimos verdaderas faltas de respeto. En este Pleno, algunos de los concejales que estamos aquí sentados fuimos reprobados por el Pleno por

cuestións que se demostraron falsas ante a xustiza. Estou falando da señora Claudia Delso e de min mesmo ou do señor Alberto Lema. Nós si fomos tratados con falta de respecto, por certo, ademais por compañeiros do seu partido, porque lle recordo que houbo compañeiros do seu partido que actuaron como fiscais ante o señor Lema e ante min dentro deste Pleno. Iso eu creo que si que son actitudes nada construtivas e, ademais, vergoñentas e insisto, dende o máximo cariño lles digo todo isto.

cuestiones que se demostraron falsas ante la justicia. Estoy hablando de la señora Claudia Delso y de mí mismo o del señor Alberto Lema. Nosotros sí fuimos tratados con falta de respeto, por cierto, además por compañeros de su partido, porque le recuerdo que hubo compañeros de su partido que actuaron como fiscales ante el señor Lema y ante mí dentro de este Pleno. Eso yo creo que sí que son actitudes nada constructivas y, además, vergonzosas e insisto, desde el máximo cariño les digo todo esto.

E bueno, pasando da cuestión, efectivamente se traen a este Pleno dous asuntos de trámite cos que non estamos en desacordo pero, e resumo radicalmente porque consumín moito tempo da miña intervención coa anterior reflexión, que me parecía importante porque eu creo que se estaban desmadrando de algunha maneira as cousas e a cidadanía non merece iso, pero vamos a absternos nesa votación porque non estamos de acordo en como se está procedendo dende Urbanismo na cuestión da tramitación urbanística porque se nos presentan as cousas xa pechadas, de algunha maneira. Eu creo que, bueno, vostedes decidiron gobernar en minoría, é lícito, é unha decisión que tomaron e é lícito, pero deben buscar acordos e eu creo que a priori e como mostra desa falta de transparencia o que hoxe saía nos xornais sobre a sentenza da Audiencia... **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)**... si, xa remato, a sentenza da Audiencia Nacional respecto á falta de transparencia no Porto, nós nos preguntamos que é o que está pasando no Porto dende que non estamos no Consello de Administración do Porto. Bueno, se demostrou que nós abrimos, intentamos abrir as portas do Porto e dende que xa non estamos no Consello de Administración non sabemos que é o que sucede alí, e tamén

*Y bueno, pasando de la cuestión, efectivamente se traen a este Pleno dos asuntos de trámite con los que no estamos en desacuerdo pero, y resumo radicalmente porque consumí mucho tiempo de mi intervención con la anterior reflexión, que me parecía importante porque yo creo que se estaban desmadrando de alguna manera las cosas y la ciudadanía no merece eso, pero vamos a abstenernos en esa votación porque no estamos de acuerdo en cómo se está procediendo desde Urbanismo en la cuestión de la tramitación urbanística porque se nos presentan las cosas ya cerradas, de alguna manera. Yo creo que, bueno, ustedes decidieron gobernar en minoría, es lícito, es una decisión que tomaron y es lícito, pero deben buscar acuerdos y yo creo que a priori y como muestra de esa falta de transparencia lo que hoy salía en los periódicos sobre la sentencia de la Audiencia... **(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)**... sí, ya finalizo, la sentencia de la Audiencia Nacional respecto a la falta de transparencia en el Puerto, nosotros nos preguntamos qué es lo que está pasando en el Puerto desde que no estamos en el Consejo de Administración del Puerto. Bueno, se demostró que nosotros abrimos, intentamos abrir las puertas del Puerto y desde que ya no estamos en el Consejo*

lle poño outro exemplo para que lle sirva como guía sobre a nosa maneira de proceder no pasado. As grandes decisións, as decisións máis conflitivas ou máis dificultosas a nivel urbanístico como foi a do Porto, intentamos tomalas de maneira concertada convocando, a través dese concurso entre todos os partidos, entre os cales estaba o seu partido, o Partido Socialista. Bueno, eu creo que esa é a maneira de operar, e iso é o que lles pedimos, que nos... **(óense dous sinais acústicos indicativos da finalización do tempo de intervención)**... xa remato, que nos inclúan non a posteriori senón no procedemento inicial de xestación das modificacións urbanísticas e, efectivamente...

*de Administración no sabemos que es lo que sucede allí, y también le pongo otro ejemplo para que le sirva como guía sobre nuestra manera de proceder en el pasado. Las grandes decisiones, las decisiones más conflictivas o más dificultosas a nivel urbanístico como fue la del Puerto, intentamos tomarlas de manera concertada convocando, a través de ese concurso entre todos los partidos, entre los cuales estaba su partido, el Partido Socialista. Bueno, yo creo que esa es la manera de operar, y eso es lo que les pedimos, que nos... **(se oyen dos señales acústicas indicativas de la finalización del tiempo de intervención)**... ya finalizo, que nos incluyan no a posteriori sino en el procedimiento inicial de gestación de las modificaciones urbanísticas y, efectivamente...*

Presidencia

Remate, señor Varela. Rematou o seu turno.

Presidencia

Acabe, señor Varela. Finalizó su turno.

Señor Varela Gómez

... que por favor...

Señor Varela Gómez

... que por favor...

Presidencia

Rematou o seu turno. Señor Varela, rematou o seu turno.

Presidencia

Finalizó su turno. Señor Varela, finalizó su turno.

Señor Varela Gómez

... que por favor convoquen esa mesa... si, xa rematei señora alcaldesa.

Señor Varela Gómez

... que por favor convoquen esa mesa... sí, ya finalicé señora alcaldesa.

Presidencia

Rematou o seu turno. Rematou o seu turno.

Presidencia

Finalizó su turno. Finalizó su turno.

Polo Grupo Popular, señor Deus.

Por el Grupo Popular, señor Deus.

Señor Deus Álvarez

Señor Deus Álvarez

(O señor Varela Gómez continúa falando sen micrófono).

Bo día a...

Presidencia

Perdone un momento, señor Deus.

Mire, señor Varela, non lle tome o pelo á Presidencia. Non é boa idea. Non é boa idea. Vostede non ten a palabra, non ten a palabra. Deille unha vez á campá, deille dúas veces á campá e posteriormente lle dixen que non tiña a palabra. Fíxeno hai media hora con outro concelleiro, que cando lle dixen que rematou o seu turno, rematou de falar. Vostede pretendeu seguir falando por riba da orde que lle estaba dando, e era que non tiña o uso da palabra. Se eu repito unha frase tres veces supoño que é porque a primeira ten dificultades de entendela, e a segunda e a terceira tamén. O que non lle vou tolerar é que fale por riba de min ou que me tome o pelo. Iso non o vou consentir, nin a vostede nin a ningún concelleiro ou concelleira desta Corporación.

Señor Deus, ten a palabra.

Señor Varela Gómez

Podo... podo intervir?

Presidencia

Non, non pode.

Señor Varela Gómez

Pois entón vou marchar do Pleno, señora alcaldesa.

Presidencia

Pois marche do Pleno. Está autorizado.

Señor Deus.

(El señor Varela Gómez continúa hablando sin micrófono).

Buenos días a...

Presidencia

Perdone un momento, señor Deus.

Mire, señor Varela, no le tome el pelo a la Presidencia. No es buena idea. No es buena idea. Usted no tiene la palabra, no tiene la palabra. Le di una vez a la campana, le di dos veces a la campana y posteriormente le dije que no tenía la palabra. Lo hice hace media hora con otro concejal, que cuando le dije que finalizó su turno, acabó de hablar. Usted pretendió seguir hablando por encima de la orden que le estaba dando, y era que no tenía el uso de la palabra. Si yo repito una frase tres veces supongo que es porque la primera tiene dificultades de entenderla, y la segunda y la tercera también. Lo que no le voy a tolerar es que hable por encima de mí o que me tome el pelo. Eso no lo voy a consentir, ni a usted ni a ningún concejal o concejala de esta Corporación.

Señor Deus, tiene la palabra.

Señor Varela Gómez

¿Puedo... puedo intervenir?

Presidencia

No, no puede.

Señor Varela Gómez

Pues entonces voy a irme del Pleno, señora alcaldesa.

Presidencia

Pues váyase del Pleno. Está autorizado.

Señor Deus.

Ás doce horas o señor Varela Gómez sae do Salón de Sesións.

Señor Deus Álvarez

Bo día a todos e a todas.

Debatemos en primeiro lugar o asunto do estudo de detalle que promove a empresa Showa Deco Carbon Spain na parcela do polígono da Grela. O ámbito deste estudo de detalle ocupa unha superficie de 81.000 m2 aproximadamente. Está cualificada como chan urbano consolidado con aplicación da norma zonal 7 de instalacións especiais.

Ás doce horas e un minuto as señoras García Gómez e Cameán Calvete, o señor Lema Suárez, a señora Delso Carreira e o Señor Martínez Durán saen do Salón de Sesións.

O obxecto da tramitación deste estudo de detalle é a necesidade da empresa que está desenvolvendo a actividade de ampliar en 3 volumes os edificios existentes para mellorar o funcionamento dos procesos industriais que se están levando a cabo. Benvidas sexan as empresas que apostan polo crecemento e polo investimento, ademais de ordenar estes volumes volumetricamente e ter en conta as edificacións existentes.

A necesidade de redacción do estudo de detalle vén dada pola propia norma zonal, que fixa unha ocupación máxima para a parcela dun 60 % e unha altura máxima para as edificacións de 25 metros, aínda que se poden autorizar outras alturas como existen nun dos volumes que ten máis de 50 metros.

No documento xustifícase a ocupación total do ámbito polas edificacións que,

A las doce horas el señor Varela Gómez sale del Salón de Sesiones.

Señor Deus Álvarez

Buenos días a todos y a todas.

Debatimos en primer lugar el asunto del estudio de detalle que promueve la empresa Showa Deco Carbon Spain en la parcela del polígono de A Grela. El ámbito de este estudio de detalle ocupa una superficie de 81.000 m^2 aproximadamente. Está calificada como suelo urbano consolidado con aplicación de la norma zonal 7 de instalaciones especiales.

A las doce horas y un minuto las señoras García Gómez y Cameán Calvete, el señor Lema Suárez, la señora Delso Carreira y el Señor Martínez Durán salen del Salón de Sesiones.

El objeto de la tramitación de este estudio de detalle es la necesidad de la empresa que está desarrollando la actividad de ampliar en 3 volúmenes los edificios existentes para mejorar el funcionamiento de los procesos industriales que se están llevando a cabo. Bienvenidas sean las empresas que apuestan por el crecimiento y por la inversión, además de ordenar estos volúmenes volumétricamente y tener en cuenta las edificaciones existentes.

La necesidad de redacción del estudio de detalle viene dada por la propia norma zonal, que fija una ocupación máxima para la parcela de un 60 % y una altura máxima para las edificaciones de 25 metros, aunque se pueden autorizar otras alturas como existen en uno de los volúmenes que tiene más de 50 metros.

En el documento se justifica la ocupación total del ámbito por las

incluídas as novas, pasa a ser de 36.443 m2, o que representa un 45,04 %, inferior ao admitido, e ademais xustifícase a previsión de 59 novas prazas de aparcamento no interior da parcela, cumprindo así os parámetros para a nova superficie edificada.

edificaciones que, incluidas las nuevas, pasa a ser de 36.443 m^2, lo que representa un 45,04 %, inferior al admitido, y además se justifica la previsión de 59 nuevas plazas de aparcamiento en el interior de la parcela, cumpliendo así los parámetros para la nueva superficie edificada.

Para este expediente seguíronse as tramitacións ordinarias para este tipo de instrumentos de planeamento non existindo alegacións no período de exposición pública e contando cos informes sectoriais pertinentes.

Para este expediente se han seguido las tramitaciones ordinarias para este tipo de instrumentos de planeamiento no existiendo alegaciones en el período de exposición pública y contando con los informes sectoriales pertinentes.

O segundo asunto é para completar e reaxustar rasantes na esquina da avenida Lamadosa coa rúa Jerónimo Vázquez Franco. O ámbito deste estudo de detalle cínguese á superficie de cesión que está delimitada pola aliñación do Plan Xeral e a beirarrúa existente, actualmente terreo sen urbanizar na súa totalidade. Este ámbito ten unhas características determinadas e que condiciona a súa posterior urbanización, como son as rasantes da avenida de Lamadosa e Fray Pedro Payo Piñeiro, que se atopan a distinta cota. A rúa Jerónimo Vázquez Franco une ambos viais cunha rúa en pendente ascendente cara á avenida de Lamadosa.

El segundo asunto es para completar y reajustar rasantes en la esquina de la avenida de Lamadosa con la calle Jerónimo Vázquez Franco. El ámbito de este estudio de detalle se ciñe a la superficie de cesión que está delimitada por la alineación del Plan General y la acera existente, actualmente terreno sin urbanizar en su totalidad. Este ámbito tiene unas características determinadas y que condiciona su posterior urbanización, como son las rasantes de la avenida de Lamadosa y Fray Pedro Payo Piñeiro, que se encuentran a distinta cota. La calle Jerónimo Vázquez Franco une ambos viales con una calle en pendiente ascendente hacia la avenida de Lamadosa.

A construción do edificio da esquina inferior, segundo datos catastrais do ano 75, non resolveu os problemas de pechadura de fachada nin de urbanización do espazo de cesión, polo que neste momento é necesario establecer as rasantes do devandito espazo en continuidade co edificio que se vai a construír pechando a mazá.

La construcción del edificio de la esquina inferior, según datos catastrales del año 75, no resolvió los problemas de cierre de fachada ni de urbanización del espacio de cesión, por lo que en este momento es necesario establecer las rasantes de dicho espacio en continuidad con el edificio que se va a construir cerrando la manzana.

No estudo de detalle respéctanse as rasantes das beirarrúas existentes no contorno do ámbito e soluciónase a entrada ao futuro aparcamento do edificio pendente de construción.

En el estudio de detalle se respetan las rasantes de las aceras existentes en el contorno del ámbito y se soluciona la entrada al futuro aparcamiento del edificio pendiente de construcción. Se

Establécense así dous niveis: un inferior á cota da rúa Fray Pedro Payo e outro superior á cota da avenida de Lamadosa, e a comunicación entre ambos niveis resólvese cunha escaleira, existindo un percorrido accesible pola actual beirarrúa. Xérase unha zona peonil con acceso restrinxido ao garaxe para os vehículos do novo edificio. Con este estudo de detalle non se altera o aproveitamento urbanístico do chan nin se reducen as superficies previstas para viais, espazos libres ou dotacións públicas nin ningún outro parámetro urbanístico fixado polo Plan Xeral e tamén se seguiu a tramitación establecida para este tipo de instrumentos de planeamento, tramitación durante a cal se presentaron dúas alegacións que foron desestimadas e que neste momento se traslada a este Pleno para a aprobación definitiva do mesmo, unha vez emitidos os informes sectoriais preceptivos.

Polo tanto, anunciamos o noso voto a favor en ambos os dous asuntos.

Presidencia

Moitas grazas, señor Deus.

Polo Goberno, señor Díaz Villoslada.

Señor Díaz Villoslada

Si, brevemente, señora presidenta, agradecer o apoio da meirande parte da Corporación, a excepción de Marea Atlántica que, bueno, non vou profundar moito, pero a súa actuación, eu creo que é representativa dunha certa... non sei se falta de cultura, entendo que non, pero si menosprezo, como dicía na miña intervención inicial, a este Pleno, e menosprezo incluso, bueno, pois ás máis básicas normas institucionais e democráticas. Pero non creo que dea para máis, non están para escoitar, entón eu creo que non cómpre darlle máis

establecen así dos niveles: uno inferior a cota de la calle Fray Pedro Payo y otro superior a cota de la avenida de Lamadosa, y la comunicación entre ambos niveles se resuelve con una escalera, existiendo un recorrido accesible por la actual acera. Se genera una zona peatonal con acceso restringido al garaje para los vehículos del nuevo edificio. Con este estudio de detalle no se altera el aprovechamiento urbanístico del suelo ni se reducen las superficies previstas para viales, espacios libres o dotaciones públicas ni ningún otro parámetro urbanístico fijado por el Plan General y también se ha seguido la tramitación establecida para este tipo de instrumentos de planeamiento, tramitación durante la cual se han presentado dos alegaciones que han sido desestimadas y que en este momento se traslada a este Pleno para la aprobación definitiva del mismo, una vez emitidos los informes sectoriales preceptivos.

Por lo tanto, anunciamos nuestro voto a favor en ambos asuntos.

Presidencia

Muchas gracias, señor Deus.

Por el Gobierno, señor Díaz Villoslada.

Señor Díaz Villoslada

Sí, brevemente, señora presidenta, agradecer el apoyo de la mayor parte de la Corporación, a excepción de Marea Atlántica que, bueno, no voy a profundizar mucho, pero su actuación, yo creo que es representativa de una cierta… no sé si falta de cultura, entiendo que no, pero sí menosprecio, como decía en mi intervención inicial, a este Pleno, y menosprecio incluso, bueno, pues a las más básicas normas institucionales y democráticas. Pero no creo que dé para más, no están para escuchar, entonces yo creo que no hace

significado nin máis importancia.

falta darle más significado ni más importancia.

O importante foron as posicións dos grupos municipais, que neste caso apoian estes dous estudos de detalle. Si que insistía, non só eu, senón que insistían a señora Martínez e a señora Veira e o señor Deus, na importancia deste estudo de detalle de Showa Denko para garantir o futuro industrial desta importante planta da cidade, que ás veces parece algo descoñecida, pero ten un compoñente, como dicía a señora Veira tamén, de alta calidade de emprego e dunha fabricación dun produto de alta competitividade. Polo tanto, dentro, evidentemente, da normativa urbanística, a necesidade de impulsar os proxectos industriais na nosa cidade na situación actual é unha prioridade básica, como vexo, non só do Goberno Municipal senón da meirande parte desta Corporación.

Lo importante fueron las posiciones de los grupos municipales, que en este caso apoyan estos dos estudios de detalle. Sí que insistía, no solo yo, sino que insistían la señora Martínez y la señora Veira y el señor Deus, en la importancia de este estudio de detalle de Showa Denko para garantizar el futuro industrial de esta importante planta de la ciudad, que a veces parece algo desconocida, pero tiene un componente, como decía la señora Veira también, de alta calidad de empleo y de una fabricación de un producto de alta competitividad. Por lo tanto, dentro, evidentemente, de la normativa urbanística, la necesidad de impulsar los proyectos industriales en nuestra ciudad en la situación actual es una prioridad básica, como veo, no solo del Gobierno Municipal sino de la mayor parte de esta Corporación.

Quero... en relación... o sinalaba creo que o señor Deus no estudo de detalle de Lamadosa, insistir, porque bueno, como había varias alegacións neste sentido, que en ningún momento se está abrindo ningún novo vial senón que o vial é o que está precisamente xa establecido no Plan Xeral. Non se incrementan, por suposto, as alturas máximas edificábeis desas edificacións nin se prevén novos usos nin ordenanzas non previstas polo Plan Xeral, xa que se está a ordenar unicamente o espazo destinado a vial e o proceso urbanizador que, para completar, lle corresponde evidentemente ao promotor. Dígoo para tranquilidade dalgún dos veciños que presentaran estas alegacións.

Quiero... en relación... lo señalaba creo que el señor Deus en el estudio de detalle de Lamadosa, insistir, porque bueno, como había varias alegaciones en este sentido, que en ningún momento se está abriendo ningún nuevo vial sino que el vial es el que está precisamente ya establecido en el Plan General. No se incrementan, por supuesto, las alturas máximas edificables de esas edificaciones ni se prevén nuevos usos ni ordenanzas no previstas por el Plan General, ya que se está ordenando únicamente el espacio destinado a vial y el proceso urbanizador que, para completar, le corresponde evidentemente al promotor. Lo digo para tranquilidad de alguno de los vecinos que habían presentado estas alegaciones.

E finalmente quero rematar case enviándolle ao señor Varela que, polo seu ton, non teño a impresión de que compartira excesivamente as

Y finalmente quiero acabar casi enviándole al señor Varela que, por su tono, no tengo la impresión de que compartiera excesivamente los

formulacións do señor Martínez, que en todo caso, hai cariños ou amores que matan e, precisamente, neses casos non podemos estar neses namoramentos. Grazas.

planteamientos del señor Martínez, que en todo caso, hay cariños o amores que matan y, precisamente, en esos casos no podemos estar en esos enamoramientos. Gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señor Díaz Villoslada.

Muchas gracias, señor Díaz Villoslada.

Rematado este debate imos votar por separado os dous asuntos.

Finalizado este debate vamos a votar por separado los dos asuntos.

Votación do asunto número catro

Votación del asunto número cuatro

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación o asunto número catro referenciado na orde do día, producíndose o seguinte resultado:

Seguidamente por la Presidencia se somete a votación el asunto número cuatro referenciado en el orden del día, produciéndose el siguiente resultado:

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

Vota a favor o Grupo Mixto (1 voto).

Vota a favor el Grupo Mixto (1 voto).

Contabilízanse as abstencións dos seis concelleiros do Grupo Municipal da Marea Atlántica, dona María García Gómez, don Xiao Varela Gómez, dona Silvia Cameán Calvete, don Alberto Lema Suárez, dona Claudia Delso Carreira e don Iago Martínez Durán, de acordo co artigo 100.1 do ROF, por ausentarse do Salón de Sesións unha vez iniciada a deliberación e non estar presentes no momento da votación.

Se contabilizan las abstenciones de los seis concejales del Grupo Municipal de la Marea Atlántica, doña María García Gómez, don Xiao Varela Gómez, doña Silvia Cameán Calvete, don Alberto Lema Suárez, doña Claudia Delso Carreira y don Iago Martínez Durán, de acuerdo con el artículo 100.1 del ROF, por ausentarse del Salón de Sesiones una vez iniciada la deliberación y no estar presentes en el momento de la votación.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas. Queda aprobado

Muchas gracias. Queda aprobado.

Acordo

PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente o documento denominado "ESTUDO DE DETALLE PARA AMPLIACIÓN DE INSTALACIÓNS. SHOWA DENKO CARBON SPAIN S.A. MAIO DE 2020", redactado polo Arquitecto Vicente Fernández-Couto Gómez e o Enxeñeiro Industrial Alberto Castro Martínez, e promovido por Showa Denko Carbón Spain, S.A.

SEGUNDO.- Ordenar a realización dos trámites administrativos recolleitos no artigo 82 e 88 da Lei 2/2026, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e concordantes do regulamento de desenvolvemento desta, para procurar a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do estudo de detalle aprobado.

TERCEIRO.- Notificar este acordo ao promotor do estudo de detalle e ás Áreas Municipais interesadas na tramitación do expediente.

Votación do asunto número cinco

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación o asunto número cinco referenciado na orde do día, producíndose o seguinte resultado:

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

Vota a favor o Grupo Mixto (1 voto).

Contabilízanse as abstencións dos seis concelleiros do Grupo Municipal da

Acordo

PRIMERO.- Aprobar definitivamente el documento denominado "ESTUDIO DE DETALLE PARA AMPLIACIÓN DE INSTALACIONES. SHOWA DENKO CARBON SPAIN S.A. MAYO DE 2020", redactado por el Arquitecto Vicente Fernández-Couto Gómez y el Ingeniero Industrial Alberto Castro Martínez, y promovido por Showa Denko Carbón Spain, S.A.

SEGUNDO.- Ordenar la realización de los trámites administrativos recogidos en el artículo 82 y 88 de la Ley 2/2026, de 10 de febrero, del suelo de Galicia, y concordantes del reglamento de desarrollo de esta, para procurar la eficacia del acto de aprobación definitiva y la entrada en vigor del estudio de detalle aprobado.

TERCERO.- Notificar este acuerdo al promotor del estudio de detalle y a las Áreas Municipales interesadas en la tramitación del expediente.

Votación del asunto número cinco

Seguidamente por la Presidencia se somete a votación el asunto número cinco referenciado en el orden del día, produciéndose el siguiente resultado:

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

Vota a favor el Grupo Mixto (1 voto).

Se contabilizan las abstenciones de los seis concejales del Grupo Municipal de

Marea Atlántica, dona María García Gómez, don Xiao Varela Gómez, dona Silvia Cameán Calvete, don Alberto Lema Suárez, dona Claudia Delso Carreira e don Iago Martínez Durán, de acordo co artigo 100.1 do ROF, por ausentarse do Salón de Sesións unha vez iniciada a deliberación e non estar presentes no momento da votación.

la Marea Atlántica, doña María García Gómez, don Xiao Varela Gómez, doña Silvia Cameán Calvete, don Alberto Lema Suárez, doña Claudia Delso Carreira y don Iago Martínez Durán, de acuerdo con el artículo 100.1 del ROF, por ausentarse del Salón de Sesiones una vez iniciada la deliberación y no estar presentes en el momento de la votación.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas. Queda aprobado

Muchas gracias. Queda aprobado.

Acordo

Acordo

PRIMEIRO.- Desestimar as alegacións formuladas ao estudo de detalle baseándose nos argumentos e criterios sinalados no informe técnico-xurídico municipal do 17.06.2020, reproducidos no apartado II deste informe proposta.

PRIMERO.- Desestimar las alegaciones formuladas al estudio de detalle basándose en los argumentos y criterios señalados en el informe técnico-jurídico municipal del 17.06.2020, reproducidos en el apartado II de este informe propuesta.

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente o documento do "ESTUDO DE DETALLE PARA COMPLETAR E REAXUSTAR RASANTES EN ESQUINA AVENIDA DE LAMADOSA CON RÚA JERÓNIMO VÁZQUEZ FRANCO. Xuño 2020", redactado polos Arquitectos D. Mateo Miyar Olaiz, co número de colexiado do COAG 2.565 e D. Gonzalo Serantes Conchado, co número de colexiado do COAG 1.525 e promovido por Construcións Atocha 2006, S.L.

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente el documento del "ESTUDIO DE DETALLE PARA COMPLETAR Y REAJUSTAR RASANTES EN ESQUINA AVENIDA DE LAMADOSA CON CALLE JERÓNIMO VÁZQUEZ FRANCO. Junio 2020", redactado por los Arquitectos D. Mateo Miyar Olaiz, con el número de colegiado del COAG 2.565 y D. Gonzalo Serantes Conchado, con el número de colegiado del COAG 1.525 y promovido por Construcciones Atocha 2006, S.L.

TERCEIRO.- Ordenar a realización dos trámites administrativos recolleitos no artigo 82 e 88 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e concordantes do regulamento de desenvolvemento desta, para procurar a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do estudo de detalle aprobado.

TERCERO.- Ordenar la realización de los trámites administrativos recogidos en el artículo 82 y 88 de la Ley 2/2016, de 10 de febrero, del suelo de Galicia, y concordantes del reglamento de desarrollo de esta, para procurar la eficacia del acto de aprobación definitiva y la entrada en vigor del estudio de detalle aprobado.

CUARTO.- Notificar este acordo ao

CUARTO.- Notificar este acuerdo al

promotor e ás áreas municipais interesadas na tramitación do expediente.

promotor y a las áreas municipales interesadas en la tramitación del expediente.

Presidencia

Presidencia

Ben, neste momento estaba acordado por parte da Comisión de Voceiros facer unha pausa para a hidratación, que é o que se leva na nova normalidade. Imos facer esa pausa pero vou requirir a presenza dos voceiros e voceiras municipais xunto co secretario xeral do Pleno no Salón Dourado. Solicito, por favor, que, por parte da Secretaría Xeral se convoque á voceira da Marea Atlántica que vén de abandonar o Pleno hai escasos minutos.

Bien, en este momento estaba acordado por parte de la Comisión de Portavoces hacer una pausa para la hidratación, que es lo que se lleva en la nueva normalidad. Vamos a hacer esa pausa pero voy a requerir la presencia de los y las portavoces municipales junto con el secretario general del Pleno en el Salón Dorado. Solicito, por favor, que, por parte de la Secretaría General, se convoque a la portavoz de la Marea Atlántica que acaba de abandonar el Pleno hace escasos minutos.

Moitas grazas. Retomamos a sesión en aproximadamente 15 minutos. Grazas a todos.

Muchas gracias. Retomamos la sesión en aproximadamente 15 minutos. Gracias a todos.

Ás doce horas e sete minutos a Presidencia resolve facer un receso.

A las doce horas y siete minutos la Presidencia resuelve hacer un receso.

Ás doce horas e cincuenta minutos retómase a sesión cos mesmos asistentes relacionados ao comezo, a excepción dos seis concelleiros do Grupo Municipal da Marea Atlántica, dona María García Gómez, don Xiao Varela Gómez, dona Silvia Cameán Calvete, don Alberto Lema Suárez, dona Claudia Delso Carreira e don Iago Martínez Durán.

A las doce horas y cincuenta minutos se retoma la sesión con los mismos asistentes relacionados al comienzo, a excepción de los seis concejales del Grupo Municipal de la Marea Atlántica, doña María García Gómez, don Xiao Varela Gómez, doña Silvia Cameán Calvete, don Alberto Lema Suárez, doña Claudia Delso Carreira y don Iago Martínez Durán.

Presidencia

Presidencia

Ben, retomamos este Pleno ordinario. Quero desculparme por estar tanto tempo fóra aos concelleiros que estiveron agardando e, así mesmo, agradecer aos voceiros e voceiras municipais de todos os grupos a charla que vimos de ter, que creo que cómpre rebaixar un pouco a tensión. Recordar que a Presidencia é quen ordena o debate, que se fai sempre con criterios

Bien, retomamos este Pleno ordinario. Quiero disculparme por estar tanto tiempo fuera ante los concejales que estuvieron esperando y, asimismo, agradecer a los y las portavoces municipales de todos los grupos la charla que acabamos de tener, que creo que hace falta rebajar un poco la tensión. Recordar que la Presidencia es quien ordena el debate, que se hace

de máxima flexibilidade no fondo das intervencións pero que tamén hai acordos da Comisión de Voceiros e Voceiras respecto dos tempos que se teñen que utilizar, dos avisos e, polo tanto, pois bueno... poden pasar, si.

siempre con criterios de máxima flexibilidad en el fondo de las intervenciones pero que también hay acuerdos de la Comisión de Portavoces respecto de los tiempos que se tienen que utilizar, de los avisos y, por lo tanto, pues bueno... pueden pasar, sí.

Ás doce horas e cincuenta e un minutos entran no Salón de Sesións os seis concelleiros do Grupo Municipal da Marea Atlántica, dona María García Gómez, don Xiao Varela Gómez, dona Silvia Cameán Calvete, don Alberto Lema Suárez, dona Claudia Delso Carreira e don Iago Martínez Durán.

A las doce horas y cincuenta y un minutos entran en el Salón de Sesiones los seis concejales del Grupo Municipal de la Marea Atlántica, doña María García Gómez, don Xiao Varela Gómez, doña Silvia Cameán Calvete, don Alberto Lema Suárez, doña Claudia Delso Carreira y don Iago Martínez Durán.

Como dicía, pois trataremos, eu de manter esa flexibilidade e agardo que o resto de concelleiros e concelleiras de respectar como se ordena o debate desde a Presidencia, así que moitas grazas aos voceiros e ás voceiras.

Como decía, pues trataremos, yo de mantener esa flexibilidad y espero que el resto de concejales y concejalas de respetar cómo se ordena el debate desde la Presidencia, así que muchas gracias a los y las portavoces.

Retomamos o debate co asunto número seis da orde do día. Señor secretario.

Retomamos el debate con el asunto número seis del orden del día. Señor secretario.

Señor Secretario

Señor Secretario

Asunto número seis: Aprobación inicial do Plan Local de Protección da Ribeira do Mar contra a Contaminación.

Asunto número seis: Aprobación inicial del Plan Local de Protección de la Orilla del Mar contra la Contaminación.

Maioría simple.

Mayoría simple.

MEDIO AMBIENTE E SOSTIBILIDADE

MEDIO AMBIENTE Y SOSTENIBILIDAD

Medio Ambiente

Medio Ambiente

108.- Aprobación inicial do Plan Local de Protección da Ribeira do Mar contra a Contaminación.

108.- Aprobación inicial del Plan Local de Protección de la Orilla del Mar contra la Contaminación.

Asunto: Aprobación inicial do Plan Local de Protección da Ribeira do Mar contra a Contaminación.

Asunto: *Aprobación inicial del Plan Local de Protección de la Orilla del Mar contra la Contaminación.*

Este asunto foi ditaminado pola Comisión Informativa de Medio Ambiente de data 26 de xuño de 2020, cos votos a favor do Grupo Municipal Socialista, do Partido Popular e Mixto, e a abstención do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, propoñéndose ao Pleno Municipal a adopción dos acordos seguintes:

Este asunto fue dictaminado por la Comisión Informativa de Medio Ambiente de fecha 26 de junio de 2020, con los votos a favor del Grupo Municipal Socialista, del Partido Popular y Mixto, y la abstención del Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego, proponiéndose al Pleno Municipal la adopción de los acuerdos siguientes:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Plan Local de Protección da Ribeira do Mar contra a contaminación no Concello da Coruña.

PRIMERO.- Aprobar inicialmente el Plan Local de Protección de la Orilla del Mar contra la contaminación en el Ayuntamiento de A Coruña.

SEGUNDO.- Somete-lo Plan Local de Protección da Ribeira do Mar contra a contaminación no Concello da Coruña ó trámite de información pública polo prazo de trinta días, contado a partir do día seguinte ó da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, a fin de que os interesados poidan formula-las correspondentes alegacións e suxestións.

SEGUNDO.- Someter el Plan Local de Protección de la Orilla del Mar contra la contaminación en el Ayuntamiento de A Coruña al trámite de información pública por el plazo de treinta días, contado a partir del día siguiente al de la publicación del correspondiente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de A Coruña, a fin de que los interesados puedan formular los correspondientes alegaciones y sugerencias.

O documento do Plan Local de Protección da Ribeira do Mar contra a contaminación no Concello da Coruña estará dispoñible en formato papel nas oficinas de Medio Ambiente, sitas na rúa Pedro Ferrer s/n – Edificio Casa da Auga, 5ª planta, e en formato dixital na web www.coruna.es/medioambiente

El documento del Plan Local de Protección de la Orilla del Mar contra la contaminación en el Ayuntamiento de A Coruña estará disponible en formato papel en las oficinas de Medio Ambiente, sitas en la calle Pedro Ferrer s/n – Edificio Casa del agua, 5ª planta, y en formato digital en la web www.coruna.es/medioambiente

Presidencia

Presidencia

Ben, ten a palabra a concelleira señor Fontán Prado en primeiro lugar e logo haberá un único turno de 3 minutos.

Bien, tiene la palabra la concejala señora Fontán Prado en primer lugar y luego habrá un único turno de 3 minutos.

Señora Fontán Prado

Señora Fontán Prado

Grazas, alcaldesa.

Gracias, alcaldesa.

Bo día a todos e a todas. Quixera manifestar o agradable que é vernos a todos xa nos nosos sitios acostumados, incluído o público, a prensa e, por suposto, os funcionarios. Ogallá que este camiño non teña volta atrás.

Buenos días a todos y a todas. Querría manifestar lo agradable que es vernos a todos ya en nuestros sitios acostumbrados, incluido el público, la prensa y, por supuesto, los funcionarios. Ojalá que este camino no tenga vuelta atrás.

Dito isto, tentarei facer a exposición máis breve posible dun plan que, bueno, que xa foi exposto na Comisión Informativa e tamén na Xunta de Goberno Local na súa xuntanza do pasado 17 de xuño, onde se acordou aprobar o Proxecto do Plan Local de Protección da Ribeira do Mar contra a Contaminación, polo que, seguindo o preceptivo procedemento de aprobación do mesmo, tráese hoxe a este Pleno para a súa aprobación inicial.

Dicho esto, intentaré hacer la exposición más breve posible de un plan que, bueno, que ya fue expuesto en la Comisión Informativa y también en la Junta de Gobierno Local en su reunión del pasado 17 de junio, donde se acordó aprobar el Proyecto del Plan Local de Protección de la Orilla del Mar contra la Contaminación, por lo que, siguiendo el preceptivo procedimiento de aprobación del mismo, se trae hoy a este Pleno para su aprobación inicial.

O intenso tráfico marítimo xunto coas actividades antropoxénicas asociadas ao litoral do noso concello supoñen un risco potencial para a súa costa. Os coruñeses temos, por desgraza, como xa se dixo antes, sobrada experiencia en acontecementos que empañaron dun xeito dramático as nosas costas e as nosas vidas. Precisamente por isto e neste contexto, a cidadanía debe contar coa seguridade de que se establecen os mecanismos necesarios para a protección dos bens con importancia socio-económica e ambiental ante episodios de contaminación accidental.

El intenso tráfico marítimo junto con las actividades antropogénicas asociadas al litoral de nuestro ayuntamiento suponen un riesgo potencial para su costa. Los coruñeses tenemos, por desgracia, como ya se dijo antes, sobrada experiencia en acontecimientos que empañaron de una manera dramática nuestras costas y nuestras vidas. Precisamente por esto y en este contexto, la ciudadanía debe contar con la seguridad de que se establecen los mecanismos necesarios para la protección de los bienes con importancia socio-económica y ambiental ante episodios de contaminación accidental.

O presente plan tenta completar o círculo con outros elementos doutros niveis nacidos coa mesma finalidade de protección como o Cangal a nivel autonómico ou o Sistema de Resposta a nivel estatal.

El presente plan intenta completar el círculo con otros elementos de otros niveles nacidos con la misma finalidad de protección como el Cangal a nivel autonómico o el Sistema de Respuesta a nivel estatal.

Como o propio documento recolle, o obxectivo deste plan é dotar ao Concello da Coruña dunha estratexia e operativo que permitan coordinar a prevención e o

Como el propio documento recoge, el objetivo de este plan es dotar al Ayuntamiento de A Coruña de una estrategia y operativo que permitan

control e a loita eficaz diante dun suceso de contaminación costeira accidental a fin de preservar a saúde das persoas, o medio natural e a seguridade dos bens e servizos, dentro do seu ámbito de aplicación e de acordo cos recursos locais dos que se dispoña, constituíndo un dispositivo plenamente integrado nos plans autonómico e estatal.

coordinar la prevención y el control y la lucha eficaz ante un suceso de contaminación costera accidental a fin de preservar la salud de las personas, el medio natural y la seguridad de los bienes y servicios, dentro de su ámbito de aplicación y de acuerdo con los recursos locales de los que se disponga, constituyendo un dispositivo plenamente integrado en los planes autonómico y estatal.

Nas súas 488 páxinas, 13 capítulos e 12 anexos faise un exhaustivo percorrido pola análise de riscos, áreas vulnerables, diferentes procedementos de actuación, circunstancias de activación do plan, inventario de medios dispoñibles, planos da nosa costa, protocolos de actuación, tipoloxía de substancias contaminantes e o tratamento das mesmas, niveis de emerxencia e un longo etcétera do que me gustaría tamén destacar todo o anexo adicado a ese sector da poboación tan importante neste tipo de actuacións de loita contra a contaminación mariña como é o voluntariado.

En sus 488 páginas, 13 capítulos y 12 anexos se hace un exhaustivo recorrido por el análisis de riesgos, áreas vulnerables, diferentes procedimientos de actuación, circunstancias de activación del plan, inventario de medios disponibles, planos de nuestra costa, protocolos de actuación, tipología de sustancias contaminantes y el tratamiento de las mismas, niveles de emergencia y un largo etcétera del que me gustaría también destacar todo el anexo dedicado a ese sector de la población tan importante en este tipo de actuaciones de lucha contra la contaminación marina como es el voluntariado.

O documento que hoxe sometemos á consideración deste Pleno coido que reflicte tamén o alto grao de cualificación técnica dos funcionarios do noso concello, nomeadamente neste caso os técnicos de Medio Ambiente, a quen quero agradecer a adicación ao traballo desenvolvido nesta tarefa e neste plan.

El documento que hoy sometemos a la consideración de este Pleno creo que refleja también el alto grado de calificación técnica de los funcionarios de nuestro ayuntamiento, especialmente en este caso los técnicos de Medio Ambiente, a quienes quiero agradecer la dedicación al trabajo desarrollado en esta tarea y en este plan.

Para finalizar, só lembrar que o propio plan recolle non seu capítulo 13 o período de vixencia, que é de 4 anos e, polo mesmo, bueno, dende a aprobación definitiva por este Pleno, e polo mesmo, tamén, os procedementos de revisión deste plan se chegara o caso.

Para finalizar, solo recordar que el propio plan recoge en su capítulo 13 el período de vigencia, que es de 4 años y, por lo mismo, bueno, desde la aprobación definitiva por este Pleno, y por lo mismo, también, los procedimientos de revisión de este plan si llegara el caso.

Pola miña parte nada máis nesta breve

Por mi parte nada más en esta breve

intervención e moitas grazas.

intervención y muchas gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señora Fontán.

Muchas gracias, señora Fontán.

Iniciamos a quenda de debate. Tres minutos, señora Martínez.

Iniciamos el turno de debate. Tres minutos, señora Martínez.

Señora Martínez Lema

Señora Martínez Lema

Moitas grazas, señora alcaldesa.

Muchas gracias, señora alcaldesa.

Bueno, aínda que este documento cremos que debería de ter chegado antes, pois, benvido sexa.

Bueno, aunque este documento creemos que debería de haber llegado antes, pues, bienvenido sea.

A nosa hidrografía e orografía lamentablemente coñecen por experiencia o que é un gran accidente ambiental. A nosa cidade presenta dous grandes riscos: risco en terra producido por unha posible explosión na refinería, risco en mar polo derrame de hidrocarburos. O Prestige, o Mar Exeo, xa comentamos anteriormente, tinxiron de negro entre petróleo e fume as nosas vidas e provocaron a morte de moitos seres vivos. Aínda así temos a sorte, como dicía, de que pola nosa orografía e hidrografía, a sabia natureza limpou todo coa súa forza batendo e absorbendo os restas daquelas catástrofes que aínda hoxe nos producen dor ao lembralo.

Nuestra hidrografía y orografía lamentablemente conocen por experiencia lo que es un gran accidente ambiental. Nuestra ciudad presenta dos grandes riesgos: riesgo en tierra producido por una posible explosión en la refinería, riesgo en mar por el derrame de hidrocarburos. El Prestige, el Mar Egeo, ya comentamos anteriormente, tiñeron de negro entre petróleo y humo nuestras vidas y provocaron la muerte de muchos seres vivos. Aun así tenemos la suerte, como decía, de que por nuestra orografía e hidrografía, la sabia naturaleza limpió todo con su fuerza batiendo y absorbiendo los restas de aquellas catástrofes que aún hoy nos producen dolor al recordarlo.

Corenta e dous quilómetros de litoral incluídos os illotes competencia deste concello para os que hai que ter un plan de resposta rápida ante un novo caso, ante un posible novo caso de contaminación. O noso patrimonio de praias e espazos lúdicos, culturais, históricos e arquitectónicos deben ser obxecto de vixilancia e tamén o noso capital produtivo: os caladoiros de pesca, as explotacións acuícolas, portos pesqueiros, o atraque de cruceiros, estacións marítimas, instalacións de

Cuarenta y dos kilómetros de litoral incluidos los islotes competencia de este ayuntamiento para los que hay que tener un plan de respuesta rápida ante un nuevo caso, ante un posible nuevo caso de contaminación. Nuestro patrimonio de playas y espacios lúdicos, culturales, históricos y arquitectónicos deben ser objeto de vigilancia y también nuestro capital productivo: los caladeros de pesca, las explotaciones acuícolas, puertos pesqueros, el atraque de cruceros, estaciones marítimas,

construción naval e terminais de manipulación de mercadorías.

instalaciones de construcción naval y terminales de manipulación de mercancías.

Este Plan Local de Protección da Ribeira do Mar contra a Contaminación tamén debe incluír os outros grandes riscos que nos asexan por perigo de accidente: a EDAR de Bens, as estacións de servizo, a actividade portuaria, os pesqueiros, estaleiros e outros elementos urbanos.

Este Plan Local de Protección de la Orilla del Mar contra la Contaminación también debe incluir los otros grandes riesgos que nos acechan por peligro de accidente: la EDAR de Bens, las estaciones de servicio, la actividad portuaria, los pesqueros, astilleros y otros elementos urbanos.

O noso voto vai ser a favor desta aprobación inicial. Moitas grazas.

Nuestro voto va a ser a favor de esta aprobación inicial. Muchas gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señora Martínez.

Muchas gracias, señora Martínez.

Polo Bloque Nacionalista Galego, señor Jorquera.

Por el Bloque Nacionalista Galego, señor Jorquera.

Señor Jorquera Caselas

Señor Jorquera Caselas

Grazas, señora alcaldesa. Quero reiterar o meu saúdo ao público que está seguindo este Pleno na tribuna ou a través de *streaming*, se é que ten tanta paciencia de seguir seguindo o Pleno.

Gracias, señora alcaldesa. Quiero reiterar mi saludo al público que está siguiendo este Pleno en la tribuna o a través de la retransmisión en directo, si es que tiene tanta paciencia de seguir siguiendo el Pleno.

Dito isto, o BNG vai votar a favor deste Plan Local de Protección da Ribeira do Mar contra a Contaminación, pero quererría aproveitar a ocasión para facer unha serie de consideracións, aínda que algunhas soborden o ámbito concreto do plan.

Dicho esto, el BNG va a votar a favor de este Plan Local de Protección de la Orilla del Mar contra la Contaminación, pero querría aprovechar la ocasión para hacer una serie de consideraciones, aunque algunas sobrepasen el ámbito concreto del plan.

Vivimos nunha das cidades do mundo máis expostas a episodios de contaminación mariña por moito que no plan se identifiquen os perigos mar-terra como moderados. Unha das primeiras lembranzas cando vin vivir á Coruña é a do Ercowit, fronte á praia de Bastiagueiro, varado alí. Era o ano 1970. O varamento de aquel barco cargado de bidóns con pesticida provocou o peche á

Vivimos en una de las ciudades del mundo más expuestas a episodios de contaminación marina por mucho que en el plan se identifiquen los peligros mar-tierra como moderados. Uno de los primeros recuerdos cuando vine a vivir a A Coruña es el del Ercowit, frente a la playa de Bastiagueiro, varado allí. Era el año 1970. El varamiento de aquel barco cargado de bidones con pesticida

pesca e marisqueo da ría da Coruña e que desaparecesen para sempre as bateas de mexillón da nosa ría.

provocó el cierre a la pesca y marisqueo de la ría de A Coruña y que desaparecieran para siempre las bateas de mejillón de nuestra ría.

Igual que teño gravado na miña mente o impacto ao subirme no autobús e mirar pola xanela de atrás da imaxe da inmensa nube de fume negro que cubría A Coruña. Era a nube do petróleo ardendo do Urquiola en 1976. Pero a aquel desastre seguiulle o do Andros Patria, o do Mar Exeo e mesmo do Prestige, pois restos de aquela marea negra tamén chegaron ás nosas costas.

Igual que tengo grabado en mi mente el impacto al subirme en el autobús y mirar por la ventana de atrás de la imagen de la inmensa nube de humo negro que cubría A Coruña. Era la nube del petróleo ardiendo del Urquiola en 1976. Pero a aquel desastre le siguió el del Andros Patria, el del Mar Egeo e incluso el del Prestige, pues restos de aquella marea negra también llegaron a nuestras costas.

Habería que se preguntar se se aprendeu deses desastres, se realmente estamos mellor preparados para evitar estas catástrofes ou se é lóxico, sendo Galiza unha potencia marítima, que as políticas de seguranza e salvamento marítimo sigan residenciadas en Madrid.

Habría que preguntarse si se aprendió de esos desastres, si realmente estamos mejor preparados para evitar estas catástrofes o si es lógico, siendo Galicia una potencia marítima, que las políticas de seguridad y salvamento marítimo sigan residenciadas en Madrid.

En calquera caso, o feito de que no noso termo municipal exista unha refinería e que o porto petroleiro siga estando no corazón da cidade, son factores de risco de contaminación mariña que hai que intentar minimizar.

En cualquier caso, el hecho de que en nuestro término municipal exista una refinería y que el puerto petrolero siga estando en el corazón de la ciudad, son factores de riesgo de contaminación marina que hay que intentar minimizar.

E contaminación mariña tamén é a que sofre a ría do Burgo. Unha ría que podía ser un extraordinario espazo produtivo, un espazo de lecer dun extraordinario valor medioambiental, pero seguimos agardando o seu dragado e rexeneración integral. E mentres seguimos agardando pola rexeneración desta ría, esta ría sofre tamén a ameaza da pretendida implantación na dársena de Oza por parte da empresa Limpoil dunha planta de residuos oleosos. Un proxecto que ten provocado moita preocupación entre a veciñanza.

Y contaminación marina también es la que sufre la ría del Burgo. Una ría que podía ser un extraordinario espacio productivo, un espacio de ocio de un extraordinario valor medioambiental, pero seguimos esperando su dragado y regeneración integral. Y mientras seguimos esperando por la regeneración de esta ría, esta ría sufre también la amenaza de la pretendida implantación en la dársena de Oza por parte de la empresa Limpoil de una planta de residuos oleosos. Un proyecto que ha provocado mucha preocupación entre el vecindario.

Continuando co relato, estes días foi noticia un vertido de escuma no Portiño.

Continuando con el relato, estos días fue noticia un vertido de espuma en el

Os veciños denuncian que estes episodios de contaminación son frecuentes e nese sentido preocúpanos o retraso na execución das obras para evitar que as augas que entran... que as augas do mar entren na estación depuradora de Bens, pois esta parece ser a fonte do vertido.

Portiño. Los vecinos denuncian que estos episodios de contaminación son frecuentes y en ese sentido nos preocupa el retraso en la ejecución de las obras para evitar que las aguas que entran... que las aguas del mar entren en la estación depuradora de Bens, pues esta parece ser la fuente del vertido.

E para concluír o relato, estes días tamén é noticia a situación límite na que se atopa o Instituto Español de Oceanografía, que ten un centro na Coruña. Quero lembrar que este instituto naceu coa finalidade de profundar no coñecemento científico dos océanos, tanto no que ten a ver coa sustentabilidade dos recursos pesqueiros como do propio medio ambiente mariño e, por tanto, pode ser tamén unha ferramenta moi útil na detección e prevención da contaminación mariña.

Y para concluir el relato, estos días también es noticia la situación límite en la que se encuentra el Instituto Español de Oceanografía, que tiene un centro en A Coruña. Quiero recordar que este instituto nació con la finalidad de profundizar en el conocimiento científico de los océanos, tanto en lo que tiene que ver con la sostenibilidad de los recursos pesqueros como del propio medio ambiente marino y, por tanto, puede ser también una herramienta muy útil en la detección y prevención de la contaminación marina.

É posíbel que en Madrid consideren que os centros oceanográficos son prescindibles pero dende unha óptica de país, que Galiza fique sen **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** investigación oceanográfica –e xa vou concluíndo– sería unha auténtica aberración.

*Es posible que en Madrid consideren que los centros oceanográficos son prescindibles pero desde una óptica de país, que Galicia quede sin **(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)** investigación oceanográfica –y ya voy concluyendo– sería una auténtica aberración.*

Cal é a razón deste relato? A razón é que nos parece moi ben a elaboración e aprobación inicial deste plan pero é necesario tamén combater as causas estruturais que fan que esteamos tan expostos á contaminación mariña, porque o mar é a nosa vida, o mar é parte da identidade desta cidade e en boa medida A Coruña segue sendo unha cidade que vive do mar.

¿Cuál es la razón de este relato? La razón es que nos parece muy bien la elaboración y aprobación inicial de este plan pero es necesario también combatir las causas estructurales que hacen que estemos tan expuestos a la contaminación marina, porque el mar es nuestra vida, el mar es parte de la identidad de esta ciudad y en buena medida A Coruña sigue siendo una ciudad que vive del mar.

Reitero, en calquera caso, que o BNG vai votar a favor da aprobación inicial deste plan.

Reitero, en cualquiera caso, que el BNG va a votar a favor de la aprobación inicial de este plan.

Presidencia

Moitas grazas, señor Jorquera.

Pola Marea Atlántica, señora García.

Señora García Gómez

Si, grazas.

Os compañeiros e compañeiras do Grupo Municipal da Marea Atlántica volvemos a este Pleno en sinal de boa vontade, porque efectivamente cremos que cómpre realizar un traballo produtivo se ben, ás veces, é crítico e necesariamente ten que ser crítico. Eu o que lle pido a este Pleno é que non confundan a crítica política, que pode ser máis ou menos dura, cunha ofensa persoal que non está na intención nin miña nin de ninguén dos meus compañeiros.

E dito isto, paso a debater o asunto que nos trae aquí, o Plan de Protección da Ribeira do Mar, no que a Marea Atlántica vai votar a favor por dous motivos. En primeiro lugar, porque é o primeiro plan anti-contaminación para continxencias marítimas, as que veñen por terra, pero sabemos xa por outras experiencias que se mencionaron aquí que, cando hai un gran accidente no mar, tamén é necesaria a actuación do Concello e doutras administracións. E votaremos a favor tamén porque é un plan elaborado integramente pola Marea Atlántica durante o mandato pasado, de feito, enviouse en xuño á Comisión Técnica Permanente de Protección Civil, que o aprobou xa en setembro pasado, seguindo o procedemento que se inclúe no real decreto e que nos indicou o Intecmar en todo momento con quen estivemos en contacto.

O plan tráese ao Pleno tal cal se elaborou durante o mandato pasado e

Presidencia

Muchas gracias, señor Jorquera.

Por la Marea Atlántica, señora García.

Señora García Gómez

Sí, gracias.

Los compañeros y compañeras del Grupo Municipal de la Marea Atlántica volvemos a este Pleno en señal de buena voluntad, porque efectivamente creemos que hace falta realizar un trabajo productivo si bien, a veces, es crítico y necesariamente tiene que ser crítico. Yo lo que le pido a este Pleno es que no confundan la crítica política, que puede ser más o menos dura, con una ofensa personal que no está en la intención ni mía ni de ninguno de mis compañeros.

Y dicho esto, paso a debatir el asunto que nos trae aquí, el Plan de Protección de la Orilla del Mar, en el que la Marea Atlántica va a votar a favor por dos motivos. En primer lugar, porque es el primer plan anti-contaminación para contingencias marítimas, las que vienen por tierra, pero sabemos ya por otras experiencias que se mencionaron aquí que, cuando hay un gran accidente en el mar, también es necesaria la actuación del Ayuntamiento y de otras administraciones. Y votaremos a favor también porque es un plan elaborado íntegramente por la Marea Atlántica durante el mandato pasado, de hecho, se envió en junio a la Comisión Técnica Permanente de Protección Civil, que lo aprobó ya en septiembre pasado, siguiendo el procedimiento que se incluye en el real decreto y que nos indicó el Intecmar en todo momento con quien estuvimos en contacto.

El plan se trae al Pleno tal cual se elaboró durante el mandato pasado y

lamentamos que non se incluíse neste plan algo importante que ocorreu durante este tempo. En xaneiro se aprobou provisionalmente o espazo protexido da Torre de Hércules e cremos que é un acontecemento suficientemente relevante e necesario como para incorporalo tamén a este plan.

lamentamos que no se incluyera en este plan algo importante que ocurrió durante este tiempo. En enero se aprobó provisionalmente el espacio protegido de la Torre de Hércules y creemos que es un acontecimiento suficientemente relevante y necesario como para incorporarlo también a este plan.

O traballo de elaboración do Plan de Protección da Ribeira do Mar forma parte do paquete de políticas medioambientais impulsadas pola Marea Atlántica e, concretamente, voume centrar nas que teñen que ver coa calidade das augas. Levabamos 6 meses no goberno e en 2015 lanzamos o Plan de Vertido Cero, publicando toda serie de vertidos de augas residuais á costa e máis aos ríos que levaban tempo sendo coñecemento do Concello pero que ninguén se preocupara de abordar. Nos 6 primeiros meses tiñamos solucionado o 30 % e neste momento chégase ata o 75-80 %, con máis dificultade, efectivamente, cos puntos de vertido que son responsabilidade doutras administracións.

El trabajo de elaboración del Plan de Protección de la Orilla del Mar forma parte del paquete de políticas medioambientales impulsadas por la Marea Atlántica y, concretamente, me voy a centrar en las que tienen que ver con la calidad de las aguas. Llevábamos 6 meses en el gobierno y en 2015 lanzamos el Plan de Vertido Cero, publicando toda serie de vertidos de aguas residuales a la costa y a los ríos que llevaban tiempo siendo conocimiento del Ayuntamiento pero que nadie se había preocupado de abordar. En los 6 primeros meses habíamos solucionado el 30 % y en este momento se llega hasta el 75-80 %, con más dificultad, efectivamente, con los puntos de vertido que son responsabilidad de otras administraciones.

Grazas a este traballo, o "Goberno da parálise" recuperou a calidade das augas "excelente" na praia de Oza e con iso a bandeira azul. Tamén se retiraron case 6.000 toneladas de residuos do asentamento da Pasaxe nunha tarefa tamén de descontaminación vinculada á ría. Declaráronse dous espazos protexidos e abordouse durante 3 anos o tristemente célebre proxecto do colector de San Roque, que o que pretende é mellorar a depuración, salvagardar o tratamento biolóxico –que é o que é realmente importante da depuración– para evitar que as augas vaian sen depurar ao mar. Digo tristemente célebre, e que en paz descanse, porque mentres estamos aprobando agora mesmo o Plan de Protección da Ribeira do Mar para salvagardar A Coruña da

Gracias a este trabajo, el "Gobierno de la parálisis" recuperó la calidad de las aguas "excelente" en la playa de Oza y con eso la bandera azul. También se retiraron casi 6.000 toneladas de residuos del asentamiento de la Pasaxe en una tarea también de descontaminación vinculada a la ría. Se declararon dos espacios protegidos y se abordó durante 3 años el tristemente célebre proyecto del colector de San Roque, que lo que pretende es mejorar la depuración, salvaguardar el tratamiento biológico –que es lo que es realmente importante de la depuración– para evitar que las aguas vayan sin depurar al mar. Digo tristemente célebre, y que en paz descanse, porque mientras estamos aprobando ahora mismo el Plan de Protección de la Orilla del Mar para

contaminación marítima, estamos dando de baixa un proxecto no que se traballou 3 anos de maneira unilateral polo Goberno local, compromiso orzamentario coa Marea Atlántica, porque non se considera suficientemente importante mellorar a depuración.

salvaguardar A Coruña de la contaminación marítima, estamos dando de baja un proyecto en el que se trabajó 3 años de manera unilateral por el Gobierno local, compromiso presupuestario con la Marea Atlántica, porque no se considera suficientemente importante mejorar la depuración.

Aí están dous modelos... **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)**... dous modelos de xestión: un que se preocupa do medio ambiente cando se fan declaracións institucionais e outro modelo que se preocupa da xestión ambiental para acometer con pasos firmes proxectos e obras de mellora. Moitas grazas.

*Ahí están dos modelos... **(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)**... dos modelos de gestión: uno que se preocupa del medio ambiente cuando se hacen declaraciones institucionales y otro modelo que se preocupa de la gestión ambiental para acometer con pasos firmes proyectos y obras de mejora. Muchas gracias.*

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señora García.

Muchas gracias, señora García.

Polo Grupo Popular, señor Rodríguez.

Por el Grupo Popular, señor Rodríguez.

Señor Rodríguez Martínez

Señor Rodríguez Martínez

Grazas, señora alcaldesa.

Gracias, señora alcaldesa.

Bo día a todos os membros da Corporación así como aos traballadores do Concello e prensa e cidadanía que nos segue a través das redes.

Buenos días a todos los miembros de la Corporación así como a los trabajadores del Ayuntamiento y prensa y ciudadanía que nos sigue a través de las redes.

A nosa cidade naceu ao pé dun faro e foi porto antes que cidade. É tan estreita a relación entre mar e cidade que un coruñés de Torreiro, Wenceslao Fernández Flórez definiuna como un barco. Hai moitos barcos que parecen verdadeiras cidades pero non hai máis ca esta cidade que sexa un barco.

Nuestra ciudad nació al pie de un faro y fue puerto antes que ciudad. Es tan estrecha la relación entre mar y ciudad que un coruñés de Torreiro, Wenceslao Fernández Flórez la definió como un barco. Hay muchos barcos que parecen verdaderas ciudades pero no hay más que esta ciudad que sea un barco.

O Plan local ten por obxectivo establecer unha estratexia e un conxunto de operacións que fagan posible coordinar a prevención, control e intervención ante un caso de

El Plan local tiene por objetivo establecer una estrategia y un conjunto de operaciones que hagan posible coordinar la prevención, control e intervención ante un caso de

contaminación mariña accidental. Ten como finalidade garantir a saúde da poboación, a conservación do medio natural e a seguridade dos bens e servizos do municipio mediante os recursos do propio Concello, aínda que baixo a coordinación do Plan de Continxencias por Contaminación Mariña Accidental de Galicia e o Sistema Nacional de Resposta.

contaminación marina accidental. Tiene como finalidad garantizar la salud de la población, la conservación del medio natural y la seguridad de los bienes y servicios del municipio mediante los recursos del propio Ayuntamiento, aunque bajo la coordinación del Plan de Contingencias por Contaminación Marina Accidental de Galicia y el Sistema Nacional de Respuesta.

A refinería de Repsol e o seu porto petroleiro así como a rede de recollida de augas residuais da EDAR de Bens son unhas instalacións que presentan un maior risco, aínda que a probabilidade de que ocorra é moderada. O Plan menciona expresamente a vertedura de hidrocarburos, como o escenario accidental de maior relevancia e o que maiores consecuencias pode ter para o medio ambiente. No caso da EDAR detalla, evidentemente, a posible chegada ao mar de residuos como consecuencia dun fracaso do sistema.

La refinería de Repsol y su puerto petrolero así como la red de recogida de aguas residuales de la EDAR de Bens son unas instalaciones que presentan un mayor riesgo, aunque la probabilidad de que ocurra es moderada. El Plan menciona expresamente el vertido de hidrocarburos, como el escenario accidental de mayor relevancia y el que mayores consecuencias puede tener para el medio ambiente. En el caso de la EDAR detalla, evidentemente, la posible llegada al mar de residuos a consecuencia de un fracaso del sistema.

Mesmo pode haber espazos protexidos, espazos naturais protexidos, que poidan verse afectados e entre eles está a ría do Burgo. Mencionaba o señor Jorquera a necesidade de reclamar os investimentos pendentes. Neste sentido, pois cómpre lembrar que a Xunta de Galicia ten investido nesa ría máis de 100 millóns para ter completado o saneamento da mesma, que a día de hoxe, pois, nin sequera en tempos de choiva presenta verteduras. Si é certo que está pendente –aí apelo tamén a ese pacto en Madrid e aos seus socios de goberno– pois o investimento para o que é o dragado medioambiental da ría e a retirada dos lodos tóxicos que están aínda no mesmo e que están orzamentados dende o ano 2018 nos orzamentos de Montoro, non os de Montero, os de Montoro. Polo tanto, apelamos a que esa reivindicación a faga tamén aos seus socios de Madrid.

Incluso puede haber espacios protegidos, espacios naturales protegidos, que puedan verse afectados y entre ellos está la ría del Burgo. Mencionaba el señor Jorquera la necesidad de reclamar las inversiones pendientes. En este sentido, pues hace falta recordar que la Xunta de Galicia ha invertido en esa ría más de 100 millones para tener completado el saneamiento de la misma, que a día de hoy, pues, ni siquiera en tiempos de lluvi, presenta vertidos. Sí es cierto que está pendiente –ahí apelo también a ese pacto en Madrid y a sus socios de gobierno– pues la inversión para lo que es el dragado medioambiental de la ría y la retirada de los lodos tóxicos que están aún en lo mismo y que están presupuestados desde el año 2018 en los presupuestos de Montoro, no los de Montero, los de Montoro. Por lo tanto, apelamos a que esa reivindicación la haga también a sus socios de Madrid.

Votaremos a favor desta aprobación inicial. O noso Concello presenta unha vulnerabilidade socio-económica alta ante un caso de vertedura pola elevada poboación e as actividades que se desenvolven, pero bueno, a vulnerabilidade ambiental é moi baixa ou baixa, pero, en todo caso, pensamos que é unha boa nova que este plan chegue hoxe a este Pleno, aínda que o faga pois 3 anos tarde. Afortunadamente, neste caso podemos dicir que máis vale tarde que nunca, dende que se estableceu esta obriga, non antes, onde tamén houbo aquí lembranzas para episodios pasados, pero non é a única obriga pendente na materia. Vimos de deixar atrás o maio máis cálido da serie histórica e as previsións meteorolóxicas apuntan a un verán máis seco do habitual. É bo lembrar que temos pendente a elaboración dun plan de emerxencia ante a situación de seca, ao que vén obrigado este Concello por atender unha poboación igual ou superior a 20.000 habitantes. Neste caso, chegaremos 20 anos tarde. Hai que esperar, en todo caso, que nos siga valendo aquelo de que máis vale tarde que nunca, e tamén é certo que cada vez que quero falar neste Pleno da necesidade de elaborar o plan da seca, pois cae un bo chaparrón. Quen me dera ter esa sorte hai 3 anos cando houbo que xestionar a seca máis importante na historia da nosa Comunidade Autónoma.

Votaremos a favor de esta aprobación inicial. Nuestro Ayuntamiento presenta una vulnerabilidad socio-económica alta ante un caso de vertido por la elevada población y las actividades que se desarrollan, pero bueno, la vulnerabilidad ambiental es muy baja o baja, pero, en todo caso, pensamos que es una buena noticia que este plan llegue hoy a este Pleno, aunque lo haga pues 3 años tarde. Afortunadamente, en este caso podemos decir que más vale tarde que nunca, desde que se estableció esta obligación, no antes, donde también hubo aquí recuerdos para episodios pasados, pero no es la única obligación pendiente en la materia. Acabamos de dejar atrás el mayo más cálido de la serie histórica y las previsiones meteorológicas apuntan a un verano más seco de lo habitual. Es bueno recordar que tenemos pendiente la elaboración de un plan de emergencia ante la situación de sequía, a lo que viene obligado este Ayuntamiento por atender una población igual o superior a 20.000 habitantes. En este caso, llegaremos 20 años tarde. Hay que esperar, en todo caso, que nos siga valiendo aquello de que más vale tarde que nunca, y también es cierto que cada vez que quiero hablar en este Pleno de la necesidad de elaborar el plan de la sequía, pues cae un buen chaparrón. Quien me diera tener esa suerte hace 3 años cuando hubo que gestionar la sequía más importante en la historia de nuestra Comunidad Autónoma.

En todo caso, reiteramos o noso voto favorable...**(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)**... a esta aprobación inicial. Moitas grazas. Máis nada.

*En todo caso, reiteramos nuestro voto favorable...**(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)**... a esta aprobación inicial. Muchas gracias. Nada más.*

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señor Rodríguez.

Muchas gracias, señor Rodríguez.

Señora Fontán, para pechar o debate.

Señora Fontán, para cerrar el debate.

Señora Fontán Prado

Si, moi brevemente, primeiro agradecer a todos os grupos o apoio e, señora Martínez, coincidimos en todo o seu análisis. Señor Jorquera, comparto con vostede a preocupación por contar cos medios necesarios a todos os niveis para desastres como os que temos vivido nas nosas costas. Séguenos preocupando a todos. Este é un mecanismo máis que temos que poñer por parte do Concello e aquí empezamos ese camiño. No que comenta vostede da súa preocupación respecto da EDAR, estamos con iso, non o imos esquecer e vai saír adiante. Respecto de Limpoil, que xa saíu neste Pleno –creo recordar que era unha pregunta do seu grupo–, dicir que dende Medio Ambiente estamos facéndolle un seguimento exhaustivo a este tema. Non vai pasar sen ser examinado en profundidade e recollo a súa preocupación polo Oceanográfico. Teremos que falar diso porque, evidentemente, é algo moi importante para esta cidade.

Señora García, evidentemente tamén, tomo boa conta das súas propostas e falaremos nos vindeiros meses de todo isto que está pendente e fundamentalmente o que ten que ver coa EDAR e coa situación xeral dos bombeos e dos residuos.

Señor Rodríguez, con choiva ou sen choiva, falaremos do plan da seca.

Moitas grazas a todos.

Presidencia

Moitas grazas, señora Fontán.

Procedemos á votación deste punto.

Votación do asunto número seis

Señora Fontán Prado

Sí, muy brevemente, primero agradecer a todos los grupos el apoyo y, señora Martínez, coincidimos en todo su análisis. Señor Jorquera, comparto con usted la preocupación por contar con los medios necesarios a todos los niveles para desastres como los que hemos vivido en nuestras costas. Nos siguen preocupando a todos. Este es un mecanismo más que tenemos que poner por parte del Ayuntamiento y aquí empezamos ese camino. En lo que comenta usted de su preocupación respecto de la EDAR, estamos con eso, no lo vamos a olvidar y va a salir adelante. Respecto de Limpoil, que ya salió en este Pleno –creo recordar que era una pregunta de su grupo–, decir que desde Medio Ambiente estamos haciéndole un seguimiento exhaustivo a este tema. No va a pasar sin ser examinado en profundidad y recojo su preocupación por el Oceanográfico. Tendremos que hablar de eso porque, evidentemente, es algo muy importante para esta ciudad.

Señora García, evidentemente también, tomo buena cuenta de sus propuestas y hablaremos en los próximos meses de todo esto que está pendiente y fundamentalmente lo que tiene que ver con la EDAR y con la situación general de los bombeos y de los residuos.

Señor Rodríguez, con lluvia o sin lluvia, hablaremos del plan de la sequía.

Muchas gracias a todos.

Presidencia

Muchas gracias, señora Fontán.

Procedemos a la votación de este punto.

Votación del asunto número seis

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación o asunto número seis referenciado na orde do día, producíndose o seguinte resultado:

Seguidamente por la Presidencia se somete a votación el asunto número seis referenciado en el orden del día, produciéndose el siguiente resultado:

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal da Marea Atlántica (6 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal de la Marea Atlántica (6 votos).

Vota a favor o Grupo Mixto (1 voto).

Vota a favor el Grupo Mixto (1 voto).

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas. Queda aprobado por unanimidade.

Muchas gracias. Queda aprobado por unanimidad.

Acordo

Acuerdo

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Plan Local de Protección da Ribeira do Mar contra a contaminación no Concello da Coruña.

PRIMERO.- Aprobar inicialmente el Plan Local de Protección de la Orilla del Mar contra la contaminación en el Ayuntamiento de A Coruña.

SEGUNDO.- Someter o Plan Local de Protección da Ribeira do Mar contra a Contaminación no Concello da Coruña ao trámite de información pública polo prazo de trinta días, contado a partir do día seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, a fin de que os interesados poidan formular as correspondentes alegacións e suxestións.

SEGUNDO.- Someter el Plan Local de Protección de la Orilla del Mar contra la Contaminación en el Ayuntamiento de A Coruña al trámite de información pública por el plazo de treinta días, contado a partir del día siguiente al de la publicación del correspondiente anuncio en el Boletín oficial de la provincia de A Coruña, a fin de que los interesados puedan formular los correspondientes alegaciones y sugerencias.

O documento do Plan Local de Protección da Ribeira do Mar contra a contaminación no Concello da Coruña

El documento del Plan Local de Protección de la Orilla del Mar contra la contaminación en el Ayuntamiento de

estará dispoñible en formato papel nas oficinas de Medio Ambiente, sitas na rúa Pedro Ferrer s/n – Edificio Casa da Auga, 5ª planta, e en formato dixital na web www.coruna.es/medioambiente.

A Coruña estará disponible en formato papel en las oficinas de Medio Ambiente, sitas en la calle Pedro Ferrer s/n – Edificio Casa del Agua, 5ª planta, y en formato digital en la web www.coruna.es/medioambiente.

Presidencia

Rematamos xa a parte resolutiva.

Segunda parte non resolutiva: control e seguimento da xestión.

Señor secretario.

Presidencia

Terminamos ya la parte resolutiva.

Segunda parte no resolutiva: control y seguimiento de la gestión.

Señor secretario.

II. PARTE NON RESOLUTIVA. CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN

II. PARTE NO RESOLUTIVA. CONTROL Y SEGUIMIENTO DE LA GESTIÓN

1º.- Toma de coñecemento de resolucións e decretos.

1º.- Toma de conocimiento de resoluciones y decretos.

109. Toma de coñecemento

109. Toma de conocimiento

Señor Secretario Xeral do Pleno

Señor Secretario General del Pleno

Toma de coñecemento das resolucións da Xunta de Goberno Local, desde a número seis mil cento once (6.111) do 1 de xuño de 2020, á número sete mil setecentos (7.700) do vinte e catro de xuño de 2020.

Toma de conocimiento de las resoluciones de la Junta de Gobierno Local, desde la número seis mil ciento once (6.111) de 1 de junio de 2020 a la número siete mil setecientos (7.700) de veinticuatro de junio de 2020.

E dos decretos da Alcaldía, desde o número tres mil cento corenta e un (3.141) do 1 de xuño de 2020 ao número tres mil novecentos (3.900) do vinte e seis de xuño de 2020.

Y de los decretos de la Alcaldía, desde el número tres mil ciento cuarenta y uno (3.141) de 1 de junio de 2020 al número tres mil novecientos (3.900) de veintiséis de junio de 2020.

En cumprimento do previsto no artigo 124-4-h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a dación de conta para a toma de coñecemento antedita inclúe os decretos ditados pola Alcaldía relacionados coa crise provocada polo covid-19.

En cumplimiento de lo previsto en el artículo 124-4- h) de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, la dación de cuenta para la toma de conocimiento antedicha incluye los decretos dictados por la Alcaldía relacionados con la crisis provocada por el covid-19.

A continuación, mocións, rogos e

A continuación, mociones, ruegos y

preguntas.

2º.- Mocións

MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MIXTO E PARTIDO POPULAR

Moción conxunta presentada polos Grupos Municipais Mixto e do Partido Popular, transaccionada cos Grupos Municipais do Bloque Nacionalista Galego e da Marea Atlántica, para reclamar que se cumpran os compromisos da Concellaría de Deportes.

Intervencións

Presidencia

Moitas grazas.

Iniciamos o debate das mocións coa moción conxunta presentada polo Grupo Mixto e Partido Popular, á cal hai unha emenda de adición do BNG e unha emenda de adición da Marea Atlántica.

Inicia o debate a señora Martínez.

Señora Martínez Lema

Moitas grazas, señora alcaldesa.

Dicir que as dúas emendas as acoplamos na moción, co cal xa está, xa teñen todos os Grupos a definitiva.

Ben, o mundo do deporte afronta tamén unha dura realidade na volta á normalidade. Os clubs da cidade teñen que planificar unha temporada que presenta moitas dúbidas e atópanse cunha dificultade engadida: a falta de planificación do Servizo de Deportes. Xa en setembro de 2019 reclamamos

preguntas.

2º.- Mociones

MOCIÓN CONJUNTA DE LOS GRUPOS MIXTO Y PARTIDO POPULAR

Moción conjunta presentada por los Grupos Municipales Mixto y del Partido Popular, transaccionada con los Grupos Municipales del Bloque Nacionalista Galego y de la Marea Atlántica, para reclamar que se cumplan los compromisos de la Concejalía de Deportes.

Intervenciones

Presidencia

Muchas gracias.

Iniciamos el debate de las mociones con la moción conjunta presentada por el Grupo Mixto y Partido Popular, a la cual hay una enmienda de adición del BNG y una enmienda de adición de la Marea Atlántica.

Inicia el debate la señora Martínez.

Señora Martínez Lema

Muchas gracias, señora alcaldesa.

Decir que las dos enmiendas las acoplamos en la moción, con lo cual ya está, ya tienen todos los Grupos la definitiva.

Bien, el mundo del deporte afronta también una dura realidad en la vuelta a la normalidad. Los clubes de la ciudad tienen que planificar una temporada que presenta muchas dudas y se encuentran con una dificultad añadida: la falta de planificación del Servicio de Deportes. Ya en septiembre de 2019 reclamamos

neste Pleno a elaboración dunha ordenanza municipal ou un regulamento que regule o réxime de utilización e xestión das distintas instalacións deportivas municipais, garantindo os dereitos dos usuarios por unha banda e por outro establecendo as necesarias obrigacións e deberes deste. Como contamos naquela ocasión e repetimos desde entón, a regulación pola que agora se rexe o Concello data do ano 2007 e trátase dunha normativa aprobada en Xunta de Goberno Local pero non en Pleno, polo que a súa inadecuación legal e a súa case nula operatividade nalgúns puntos —ademais de que se atopa obsoleta en moitos aspectos— fan necesaria a introdución dun novo marco normativo que regule os usos das instalacións deportivas da cidade.

en este Pleno la elaboración de una ordenanza municipal o un reglamento que regule el régimen de utilización y gestión de las distintas instalaciones deportivas municipales, garantizando los derechos de los usuarios por una parte y por otro estableciendo las necesarias obligaciones y deber de este. Como contamos en aquella ocasión y repetimos desde entonces, la regulación por la que ahora se rige el Ayuntamiento data del año 2007 y se trata de una normativa aprobada en Junta de Gobierno Local pero no en Pleno, por lo que su inadecuación legal y su casi nula operatividad en algunos puntos —además de que se encuentra obsoleta en muchos aspectos— hacen necesaria la introducción de un nuevo marco normativo que regule los usos de las instalaciones deportivas de la ciudad.

A necesidade de manter en perfecto estado o patrimonio deportivo municipal, a introdución de normas básicas de respecto e convivencia no seu interior e o interese por utilizar responsablemente os recursos públicos son argumentos que motivan o impulso da petición desta ordenanza ou regulamento.

La necesidad de mantener en perfecto estado el patrimonio deportivo municipal, la introducción de normas básicas de respeto y convivencia en su interior y el interés por utilizar responsablemente los recursos públicos son argumentos que motivan el impulso de la petición de esta ordenanza o reglamento.

Cando xa se consumiu máis dun cuarto de mandato, o Servizo de Deportes non puxo en marcha nada do prometido, ou case nada. Non hai Plan Estratéxico, non hai Consello Municipal de Deportes, non hai nova repartición de horarios, os clubs seguen preguntándose que criterios se seguen para a repartición de horas, seguen sen saber que horarios se lles van asignar e se van a adaptar as súas demandas ou se se van a prorrogar por quinto ano consecutivo.
É digno recoñecer o esforzo que fan os clubs atendendo ao fomento do deporte e á educación deportiva de miles de nenos desta cidade, chegando alá onde non pode chegar o Concello. É digno pois, atendelos e axudalos, pagar en

Cuando ya se consumió más de un cuarto de mandato, el Servicio de Deportes no puso en marcha nada de lo prometido, o casi nada. No hay Plan Estratégico, no hay Consejo Municipal de Deportes, no hay nuevo reparto de horarios, los clubes siguen preguntándose qué criterios se siguen para el reparto de horas, siguen sin saber qué horarios se les van a asignar y si van a adaptar sus demandas o si se van a prorrogar por quinto año consecutivo. Es digno reconocer el esfuerzo que hacen los clubes atendiendo al fomento del deporte y a la educación deportiva de miles de niños de esta ciudad, llegando allá donde no puede llegar el Ayuntamiento. Es digno pues,

tempo, non poñerlles trabas e que todos teñan as mesmas posibilidades.

atenderlos y ayudarlos, pagar en tiempo, no ponerles trabas y que todos tengan las mismas posibilidades.

Por todo o exposto, o Pleno do Concello adopta os seguintes acordos:

Por todo lo expuesto, el Pleno del Ayuntamiento adopta los siguientes acuerdos:

- Que se elabore unha ordenanza e/ou que se actualice a normativa existente tal e como se acordou no Pleno de setembro de 2019.

- Que se elabore una ordenanza y/o que se actualice la normativa existente tal y como se acordó en el Pleno de septiembre de 2019.

- Que se cumpra co prometido en materia de horarios, convenios, creación do Consello Municipal de Deportes e todos os outros compromisos para que o deporte desta cidade poida ser fonte de beneficio para todos.

- Que se cumpla con lo prometido en materia de horarios, convenios, creación del Consejo Municipal de Deportes y todos los otros compromisos para que el deporte de esta ciudad pueda ser fuente de beneficio para todos.

- Que se poña en orde de maneira prioritaria a situación de todos os contratos estruturais da Concellaría de Deportes que se atopan actualmente caducados.

- Que se ponga en orden de manera prioritaria la situación de todos los contratos estructurales de la Concejalía de Deportes que se encuentran actualmente caducados.

- Que se estude a viabilidade da xestión directa das instalacións deportivas municipais, nomeadamente do Centro Deportivo do Castrillón e do Complexo Deportivo Municipal de San Diego, e que se estude o desenvolvemento dun carné único para os usuarios.

- Que se estudie la viabilidad de la gestión directa de las instalaciones deportivas municipales, especialmente del Centro Deportivo del Castrillón y del Complejo Deportivo Municipal de San Diego, y que se estudie el desarrollo de un carné único para los usuarios.

- Que se inicie un proceso de negociación coa Xunta de Galicia para reclamar a transferencia ao Concello dos complexos deportivos de Elviña, A Sardiñeira, Agra I na Agra do Orzán.

- Que se inicie un proceso de negociación con la Xunta de Galicia para reclamar la transferencia al Ayuntamiento de los complejos deportivos de Elviña, A Sardiñeira, Agra I en el Agra del Orzán.

- E instar por último ao Concello da Coruña a iniciar ante a Xunta de Galicia a solicitude de cesión de uso das instalacións deportivas de titularidade da Xunta: os pavillóns de Monte Alto, As Moas, Elviña 2 e Agra 2, e xestionadas pola Fundación Deporte Galego.

- E instar por último al Ayuntamiento de A Coruña a iniciar ante la Xunta de Galicia la solicitud de cesión de uso de las instalaciones deportivas de titularidad de la Xunta: los pabellones de Monte Alto, As Moas, Elviña 2 y Agra 2, y gestionadas por la Fundación Deporte Gallego.

Moitas grazas.

Muchas gracias.

Presidencia

Moitas grazas, señora Martínez.

Polo Grupo Popular, señor García.

Presidencia

Muchas gracias, señora Martínez.

Por el Grupo Popular, señor García.

Señor García Fernández

Moitas grazas, señora alcaldesa.

Permítame definir un pouco ata o de agora o que é a xestión da Concellería de Deportes e do Concello: está hipertrofiada —refírome deportivamente—. Nunha planificación dun adestramento dun club calquera, hai unha fase onde se busca o músculo, ter moito nivel, moita intensidade de traballo, moito volume. Pero, que pasa?, que carece desa motricidade, iso é un pouco o que está a suceder neste Concello.

Permítame, señora alcaldesa, que xa no 14 de outubro do 2019, nunha Comisión Informativa, preguntamos pola situación de varios procedementos administrativos de varios servizos que presta o Servizo de Deportes. Hai cinco. Naquel momento un estaba en vigor. A día de hoxe os outros catro seguen estando da mesma maneira. Contratos de mantemento, por exemplo, de campos de fútbol: hai un apartado que é campos de terra, vostedes coñecen o campo Virxe do Carmen? Saben cal é? É o que está en Labañou. Mire, señora alcaldesa, hoxe non está así. ***(O señor Deus mostra unha fotografía)****. En maio, estaba así, así. Ese é o mantemento dos campos de fútbol que fan en Coruña e que ademais ese servizo está a prestarse sen un contrato —e creo eu que non está ben pagar un servizo que non se está realizando—. Ou os contratos que estamos pendentes de facer os campos de fútbol da Torre, na última comisión o señor Borrego dixo*

Señor García Fernández

Muchas gracias, señora alcaldesa.

Permítame definir un poco hasta ahora lo que es la gestión de la Concejalía de Deportes y del Concello: está hipertrofiada —me refiero deportivamente—. En una planificación de un entrenamiento de un club cualquiera, hay una fase en donde se busca el músculo, tener mucho nivel, mucha intensidad de trabajo, mucho volumen. Pero, ¿qué pasa?, que carece de esa motricidad, eso es un poco lo que está sucediendo en este Concello.

Permítame, señora alcaldesa, que ya en el 14 de octubre del 2019, en una Comisión Informativa, hemos preguntado por la situación de varios procedimientos administrativos de varios servicios que presta el Servicio de Deportes. Hay cinco. En aquel momento uno estaba en vigor. A día de hoy los otros cuatro siguen estando de la misma manera. Contratos de mantenimiento, por ejemplo, de campos de fútbol: hay un apartado que es campos de tierra, ¿ustedes conocen el campo Virgen del Carmen? ¿Saben cuál es? Es el que está en Labañou. Mire, señora alcaldesa, hoy no está así. ***(El señor Deus muestra una fotografía)****. En mayo, estaba así, así. Ese es el mantenimiento de los campos de fútbol que hacen en Coruña y que además ese servicio se está prestando sin un contrato —y creo yo que no está bien pagar un servicio que no se está realizando—. O los contratos que estamos pendientes de hacer los campos de fútbol de la Torre, en la última*

que ata o 2021 non estaría.

Regulamento de instalacións deportivas. Creo que o dixo a señora Martínez, pois o mesmo. Dinos que non se avanzou nada, non se moveu unha coma. E como cre que podemos ter unha convocatoria de uso de instalacións deportivas se non temos un regulamento adecuado que contemple todas as necesidades de agora dos clubs? Como pode ser? É imposible. Os protocolos nun Concello de 260 millóns, con dúas follas de protocolos para o uso de instalacións, é incrible. As entidades, á parte de impartir as técnicas, os valores, teñen ademais que fregar as instalacións deportivas. Os convenios, onde están? O Consello Municipal, non aparece. Creo que a radiografía fíxoa moi ben a señora Martínez. E que queren vostedes que fagamos? Que non denunciemos esta inacción? Pois non, nós imos seguir denunciando esta hipertrofia que ten o Servizo de Deportes e este Concello.

Mire, vou poñer un exemplo: o outro día paseando pola zona de Monte Alto, pola zona de Bens, pola zona do Agra, a xente, os comerciantes, dicíannos como estaba a situación do Concello para determinadas axudas aos comercios, porque claro, a 5 quilómetros de aquí, tras o covid, o Concello de Arteixo saca 4 millóns de euros e xa están iniciadas unha primeira fase en abril, outras en maio e están pagadas en xuño. E aquí non hai ningunha. Esta é a xestión que ten este Concello.

En resumidas contas, á Coruña interésalle ter os dous pés no presente pero poñendo cara sempre cara ao futuro. O valor dun programa electoral non se mide polas palabras, señora alcaldesa e señor Borrego, mídese

comisión el señor Borrego dijo que hasta el 2021 no estaría.

Reglamento de instalaciones deportivas. Creo que lo dijo la señora Martínez, pues lo mismo. Nos dice que no se ha avanzado nada, no se ha movido una coma. ¿Y cómo cree que podemos tener una convocatoria de uso de instalaciones deportivas si no tenemos un reglamento adecuado que contemple todas las necesidades de ahora de los clubes? ¿Cómo puede ser? Es imposible. Los protocolos en un Ayuntamiento de 260 millones, con dos hojas de protocolos para el uso de instalaciones, es increíble. Las entidades, aparte de impartir las técnicas, los valores, tienen además que fregar las instalaciones deportivas. Los convenios, ¿dónde están? El Consello Municipal, no aparece. Creo que la radiografía la ha hecho muy bien la señora Martínez. ¿Y qué quieren ustedes que hagamos? ¿Qué no denunciemos esta inacción? Pues no, nosotros vamos a seguir denunciando esta hipertrofia que tiene el Servicio de Deportes y este Concello.

Mire, les voy a poner un ejemplo: el otro día paseando por la zona de Monte Alto, por la zona de Bens, por la zona del Agra, la gente, los comerciantes, nos decían cómo estaba la situación del Ayuntamiento para determinadas ayudas a los comercios, porque claro, a 5 quilómetros de aquí, tras el covid, el Ayuntamiento de Arteixo saca 4 millones de euros y ya están iniciadas una primera fase en abril, otras en mayo y están pagadas en junio. Y aquí no hay ninguna. Esta es la gestión que tiene este Ayuntamiento.

En resumidas cuentas, a La Coruña le interesa tener los dos pies en el presente pero poniendo cara siempre hacia el futuro. El valor de un programa electoral no se mide por las palabras, señora alcaldesa y señor Borrego, se

*polos feitos e polas accións, e despois dun ano, auditado o seu ano, a única realidade é que non avanzamos nada. Creo que teñen vostedes encima da mesa un carameliño con esta moción, porque todo o que ansiamos, que son as instalacións... (***óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención.** *) ...téñeno aquí para poder solicitalo. Nós, a Xunta, si que imos tentar que se recollan esas instalacións e, señor Borrego, eses horarios, eses horarios que vostede dicía da Xunta de Galicia e dese uso de instalacións, son máis de 10.000 horas que a vostede quítalle quebradizos de cabeza, porque o utilizan centros escolares do seu compañeiro Celemín para impartir educación física e os clubs para poder facer actividade federada.*

mide por los hechos y por las acciones, y después de un año, auditado su año, la única realidad es que no hemos avanzado nada. Creo que tienen ustedes encima de la mesa un caramelito con esta moción, porque todo lo que ansiamos, que son las instalaciones… ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención.*** *) …lo tienen aquí para poder solicitarlo. Nosotros, la Xunta, sí que vamos a intentar que se recojan esas instalaciones y, señor Borrego, esos horarios, esos horarios que usted decía de la Xunta de Galicia y de ese uso de instalaciones, son más de 10.000 horas que a usted le quita quebraderos de cabeza, porque lo utilizan centros escolares de su compañero Celemín para impartir educación física y los clubes para poder hacer actividad federada.*

Nada máis, nós imos votar a favor, agradezo tamén as achegas de Marea e do Bloque e moi agradecido por esta iniciativa e repito, teñen un carameliño encima da mesa.

Nada más, nosotros vamos a votar a favor, agradezco también las aportaciones de Marea y del Bloque y muy agradecido por esta iniciativa y repito, tienen un caramelito encima de la mesa.

Presidencia

Moitas grazas, señor García.

Polo Bloque Nacionalista Galego, señor Jorquera.

Presidencia

Muchas gracias, señor García.

Por el Bloque Nacionalista Galego, señor Jorquera.

Señor Jorquera Caselas

Grazas, señora alcaldesa.

O Grupo Municipal do BNG presentou unha emenda a esta moción na que se propuña orixinalmente a adición de dous puntos. No primeiro, propúñamos que se estude a viabilidade da xestión directa das instalacións deportivas municipais, nomeadamente o Centro Deportivo do Castrillón e do Complexo Deportivo Municipal de San Diego. E facémolo porque consideramos que a xestión

Señor Jorquera Caselas

Gracias, señora alcaldesa.

El Grupo Municipal del BNG presentó una enmienda a esta moción en la que se proponía originalmente la adición de dos puntos. En el primero, proponíamos que se estudie la viabilidad de la gestión directa de las instalaciones deportivas municipales, especialmente el Centro Deportivo del Castrillón y del Complejo Deportivo Municipal de San Diego. Y lo hacemos porque consideramos que la

directa é a que mellor asegura a optimización das instalacións existentes e un acceso en condicións de equidade ás mesmas. Cremos que é irracional un modelo como o actual onde hai piscinas municipais de xestión directa e outras cuxa explotación está concesionada, un modelo que provoca por exemplo que haxa unha piscina olímpica cuberta na Casa da Auga á que practicamente non se lle extrae partido, con situacións tan absurdas como que esa piscina e as bancadas de espectadores dependan de distintas empresas concesionarias.

gestión directa es la que mejor asegura la optimización de las instalaciones existentes y un acceso en condiciones de equidad a las mismas. Creemos que es irracional un modelo como el actual donde hay piscinas municipales de gestión directa y otras cuya explotación está concesionada, un modelo que provoca por ejemplo que haya una piscina olímpica cubierta en la Casa del agua a la que prácticamente no se le extrae partido, con situaciones tan absurdas como que esa piscina y las bancadas de espectadores dependan de distintas empresas concesionarias.

Nunha recente reunión da Comisión de Deporte, proporcionouse un informe sobre o Centro Deportivo do Castrillón, no que se considera que a xestión directa sería a máis axeitada. E as razóns que se apuntan nese informe chámannos poderosamente a atención. Así, no informe dise textualmente que o deseño da instalación e a capacidade dos espazos non parece atractivo para un licitador, non sendo posíbel obter un número de abonados o suficientemente amplo para que resulte rendíbel. E creo que cabe facerse unha pregunta: por que a xestión directa é axeitada cando a explotación da instalación non é rendíbel e en cambio no é axeitada cando si o é. Nese informe, para xustificar a xestión directa, apúntase que existe moita demanda para anotarse nas Escolas Deportivas Municipais de natación que non pode ser atendida por falta de espazos, pois resulta que vence a concesión do complexo de San Diego e esa é unha oportunidade para intentar paliar ese problema. Por exemplo, resolvendo situacións como as existentes ate agora, pois existía un contrato privado para a asignación de espazos entre a concesionaria e un único club, que dificultaba poder atender outras demandas e necesidades.

En una reciente reunión de la Comisión de Deporte, se proporcionó un informe sobre el Centro Deportivo del Castrillón, en el que se considera que la gestión directa sería la más idónea. Y las razones que se apuntan en ese informe nos llaman poderosamente la atención. Así, en el informe se dice textualmente que el diseño de la instalación y la capacidad de los espacios no parece atractivo para un licitador, no siendo posible obtener un número de abonados lo suficientemente amplio para que resulte rentable. Y creo que cabe hacerse una pregunta: por qué la gestión directa es adecuada cuando la explotación de la instalación no es rentable y en cambio no es adecuada cuando sí lo es. En ese informe, para justificar la gestión directa, se apunta que existe mucha demanda para anotarse en las Escuelas Deportivas Municipales de natación que no puede ser atendida por falta de espacios, pues resulta que vence la concesión del complejo de San Diego y esa es una oportunidad para intentar paliar ese problema. Por ejemplo, resolviendo situaciones como las existentes hasta ahora, pues existía un contrato privado para la asignación de espacios entre la concesionaria y un único club, que dificultaba poder atender otras demandas y necesidades.

Pero tamén é irracional un modelo onde hai instalacións de titularidade municipal e outras que dependen da Xunta de Galiza. Na Coruña hai un déficit de instalacións deportivas para atender a crecente demanda. É necesario incrementar o número de equipamentos, mellorar os existentes e mellorar tamén o seu réxime de usos para que podan ter a máxima rendibilidade social, e un xeito de optimizar eses recursos é evitar a dispersión e a fragmentación nas súas formas de xestión actual. Por iso, segundo o punto da nosa emenda propón que se inicie un proceso de negociación coa Xunta de Galiza para reclamar a transferencia ao Concello dos complexos deportivos de Elviña, A Sardiñeira e Agra I na Agra do Orzán.

Pero también es irracional un modelo donde hay instalaciones de titularidad municipal y otras que dependen de la Xunta de Galicia. En A Coruña hay un déficit de instalaciones deportivas para atender la creciente demanda. Es necesario incrementar el número de equipamientos, mejorar los existentes y mejorar también su régimen de usos para que puedan tener la máxima rentabilidad social, y una manera de optimizar esos recursos es evitar la dispersión y la fragmentación en sus formas de gestión actual. Por eso, según el punto de nuestra enmienda propone que se inicie un proceso de negociación con la Xunta de Galicia para reclamar la transferencia al Ayuntamiento de los complejos deportivos de Elviña, A Sardiñeira y Agra I en el Agra del Orzán.

Afortunadamente estas emendas foron asumidas, chegouse a unha transacción entre os grupos propoñentes e emendantes que nos parece satisfactoria, e o BNG loxicamente vai votar a favor desta moción.

Afortunadamente estas enmiendas fueron asumidas, se llegó a una transacción entre los grupos proponentes y enmendantes que nos parece satisfactoria, y el BNG lógicamente va a votar a favor de esta moción.

Moitas grazas.

Muchas gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señor Jorquera.

Muchas gracias, señor Jorquera.

Pola Marea Atlántica, señora Delso.

Por la Marea Atlántica, señora Delso.

Señora Delso Carreira

Señora Delso Carreira

Si, moi bo día a todos e todas as compañeiras de Corporación, persoal municipal, medios de comunicación e todas as persoas que nos estades seguindo neste Pleno, presencialmente e tamén as que nos seguides a través do *streaming*.

Sí, muy buen día a todos y todas las compañeras de Corporación, personal municipal, medios de comunicación y todas las personas que nos estáis siguiendo en este Pleno, presencialmente y también las que nos seguís a través de la retransmisión en directo.

Antes de comezar esta moción gustaríame compartir unha reflexión

Antes de comenzar esta moción me gustaría compartir una reflexión en este

neste Salón de Plenos: creo que política e sobre todo xestionar o conflito, e o conflito inclúe a crítica, aceptala e escoitala, non só dos outros grupos políticos senón tamén da cidadanía, e penso que esta moción na que todos os Grupos da oposición estamos de acordo, é unha mostra de que a cara do diálogo e da amabilidade do actual Goberno Municipal é unha cara máis ben de cartón pedra, porque levamos meses alertando nas Comisións de Deportes da situación da Concellería de Deportes. E imos apoiar esta moción e presentamos emendas que foron incorporadas porque preocúpanos e moito o que está acontecendo na Concellería de Deportes —ou mellor dito, o que non está acontecendo—, a ausencia completa dunha política deportiva, a falta completa de planificación do Servizo de Deportes. Teñen todos os contratos estruturais da área caducados, e os pregos sen facer, concesións caducadas, é verdadeiramente preocupante. O tecido deportivo da nosa cidade non se merece o que está acontecendo, e a cidadanía tampouco, señor Borrego. E de todas as promesas e todas as expectativas xeradas pola súa Concellería—por certo, Concellería en exclusiva que xa nos tería gustado a calquera que gobernamos ter tido unha competencia en exclusiva— o balance deste ano de mandato é un balance dun ano en branco, un ano perdido. E o señor Borrego co seu facer está logrando algo pouco habitual e difícil que é, como digo, poñernos de acordo a todos os Grupos da oposición.

Salón de Plenos: creo que política es sobre todo gestionar el conflicto, y el conflicto incluye la crítica, aceptarla y escucharla, no solo de los otros grupos políticos sino también de la ciudadanía, y pienso que esta moción en la que todos los Grupos de la oposición estamos de acuerdo, es una muestra de que la cara del diálogo y de la amabilidad del actual Gobierno Municipal es una cara más bien de cartón piedra, porque llevamos meses alertando en las Comisiones de Deportes de la situación de la Concejalía de Deportes. Y vamos a apoyar esta moción y presentamos enmiendas que fueron incorporadas porque nos preocupa y mucho lo que está sucediendo en la Concejalía de Deportes —o mejor dicho, lo que no está sucediendo—, la ausencia completa de una política deportiva, la falta completa de planificación del Servicio de Deportes. Tienen todos los contratos estructurales del área caducados, y los pliegos sin hacer, concesiones caducadas, es verdaderamente preocupante. El tejido deportivo de nuestra ciudad no se merece lo que está sucediendo, y la ciudadanía tampoco, señor Borrego. Y de todas las promesas y todas las expectativas generadas por su Concejalía—por cierto, Concejalía en exclusiva que ya nos hubiera gustado a cualquiera que gobernamos haber tenido una competencia en exclusiva— el balance de este año de mandato es un balance de un año en blanco, un año perdido. Y el señor Borrego con su hacer está logrando algo poco habitual y difícil que es, como digo, ponernos de acuerdo a todos los Grupos de la oposición.

Estamos de acordo na necesidade de elaborar, dende a Marea Atlántica estamos de acordo na necesidade de elaborar unha ordenanza municipal que actualice o sistema de utilización das instalacións deportivas, pero hai algo que nos parece máis prioritario todavía e

Estamos de acuerdo en la necesidad de elaborar, desde la Marea Atlántica estamos de acuerdo en la necesidad de elaborar una ordenanza municipal que actualice el sistema de utilización de las instalaciones deportivas, pero hay algo que nos parece más prioritario todavía

por iso incorporámolo na emenda e é que o Concello estude e decida definitivamente o modelo de xestión que quere para os equipamentos deportivos municipais —nomeadamente da piscina do Castrillón e do polideportivo de San Diego—. Esta cidade ten unha oportunidade de apostar por un modelo único de xestión pública e dun sistema integral, dun sistema de xestión integral e público que sería máis eficiente, aforraría custos, garantiría un emprego de calidade e un mellor servizo aos usuarios permitindo ademais poder desenvolver a medio-longo prazo un carné único para todos e todas as usuarias de todas as instalacións deportivas.

y por eso lo incorporamos en la enmienda y es que el Ayuntamiento estudie y decida definitivamente el modelo de gestión que quiere para los equipamientos deportivos municipales —especialmente de la piscina del Castrillón y del polideportivo de San Diego—. Esta ciudad tiene una oportunidad de apostar por un modelo único de gestión pública y de un sistema integral, de un sistema de gestión integral y público que sería más eficiente, ahorraría costes, garantizaría un empleo de calidad y un mejor servicio a los usuarios permitiendo además poder desarrollar a medio-largo plazo un carné único para todos y todas las usuarias de todas las instalaciones deportivas.

Dende a Marea Atlántica sempre defendemos e seguiremos defendendo e empurrando por este modelo, por un modelo de un sistema de xestión integral único e público. Pensamos que é perfectamente viable e que é perfectamente viable a través de EMVSA, e por iso levamos meses insistindo en que o Goberno Municipal estude esta posibilidade e solicite un informe de viabilidade de esta posibilidade canto antes. Xa vai tarde, pero todavía está a tempo.

Desde la Marea Atlántica siempre defendemos y seguiremos defendiendo y empujando por este modelo, por un modelo de un sistema de gestión integral único y público. Pensamos que es perfectamente viable y que es perfectamente viable a través de EMVSA, y por eso llevamos meses insistiendo en que el Gobierno Municipal estudie esta posibilidad y solicite un informe de viabilidad de esta posibilidad lo antes posible. Ya va tarde, pero todavía está a tiempo.

Queda pouco tempo para que a piscina do Castrillón abra as súas portas, e despois de anos agardando un equipamento deportivo —que por certo desbloqueou o Goberno da Marea Atlántica co alcalde Xulio Ferreiro— imos ter moi pronto un novo equipamento deportivo na cidade e unha das concesións, a de San Diego, está vencida.

Queda poco tiempo para que la piscina del Castrillón abra sus puertas, y después de años esperando un equipamiento deportivo —que por cierto desbloqueó el Gobierno de la Marea Atlántica con el alcalde Xulio Ferreiro— vamos a tener muy pronto un nuevo equipamiento deportivo en la ciudad y una de las concesiones, la de San Diego, está vencida.

É o momento de repensar o modelo de xestión das instalacións deportivas municipais. Saben que contarían co noso apoio se se atreven a facelo. Pedimos valentía, rigor e seriedade. Gobernen e

Es el momento de repensar el modelo de gestión de las instalaciones deportivas municipales. Saben que contarían con nuestro apoyo si se atreven a hacerlo. Pedimos valentía, rigor y seriedad.

deixen de remolonear, fágano pola cidade.

Presidencia

Moitas grazas, señora Delso.

Pecha o debate o señor Borrego.

Señor Borrego Vázquez

Bos días a todos e a todas.

Efectivamente esta moción é interesantísima. Xa avanzo que o noso voto é favorable por unha cuestión, porque os compromisos supoñen a adquisición dunha obriga, en este caso por parte da Concellaría e por parte deste Goberno Municipal os compromisos vanse cumprir.

É certo que hai cuestións tamén prioritarias, é certo que hai pandemias polo medio, é certo que independentemente de todas as cuestións das que carecemos e que teremos que ir poñendo a punto, aquí estamos falando de que neste tempo de mandato puxemos ó día as subvencións do 19, puxemos ó día a saída das subvencións do 20, finalizamos o pago dos convenios do 19, estamos empezando xa cos do 20, emitimos as bolsas deportivas, plantexamos a recuperación e posta en marcha dos proxectos do campo de Eirís, estamos finalizando xa para que saia canto antes a contratación aos campos da Torre —non sei a que se refería o señor García cando dicía os regulamentos dos campos da Torre, non sei a que se refería, pero bueno—. É certo que todavía falta moito por facer na Concellaría de Deportes, é certo que hai un compromiso enorme de Consello Municipal que vai saír en breve, non saíu antes precisamente porque estamos vendo que se reclaman cousas para que se presenten e despois se diga que se están utilizando en períodos electorais.

Gobiernen y dejen de remolonear, háganlo por la ciudad.

Presidencia

Muchas gracias, señora Delso.

Cierra el debate el señor Borrego.

Señor Borrego Vázquez

Buenos días a todos y a todas.

Efectivamente esta moción es interesantísima. Ya avanzo que nuestro voto es favorable por una cuestión, porque los compromisos suponen la adquisición de un deber, en este caso por parte de la Concejalía y por parte de este Gobierno Municipal los compromisos se van a cumplir.

Es cierto que hay cuestiones también prioritarias, es cierto que hay pandemias de por medio, es cierto que independientemente de todas las cuestiones de las que carecemos y que tendremos que ir poniendo a punto, aquí estamos hablando de que en este tiempo de mandato pusimos al día las subvenciones del 19, pusimos al día la salida de las subvenciones del 20, finalizamos el pago de los convenios del 19, estamos empezando ya con los del 20, emitimos las bolsas deportivas, planteamos la recuperación y puesta en marcha de los proyectos del campo de Eirís, estamos finalizando ya para que salga lo antes posible la contratación a los campos de la Torre —no sé a qué se refería el señor García cuando decía los reglamentos de los campos de la Torre, no sé a qué se refería, pero bueno—. Es cierto que todavía falta mucho por hacer en la Concejalía de Deportes, es cierto que hay un compromiso enorme de Consejo Municipal que va a salir en breve, no salió antes precisamente porque estamos viendo que se reclaman cosas para que se presenten y después se

O Consello, saben vostedes —porque coñecen moito as entidades deportivas— que xa se falou cunha serie de entidades, que xa ten unha persoa incluso que vai coordinar e que o único que falta é poñelo en marcha e presentalo. Ese Consello será a voz do deporte da cidade, ese Consello será onde se defina o Plan Director, ese Consello será desde as propias entidades e o deporte de base, e o deporte amateur e o deporte aficionado, quen defina todos os plans.

diga que se están utilizando en periodos electorales. El Consejo, saben ustedes —porque conocen mucho las entidades deportivas— que ya se habló con una serie de entidades, que ya tiene una persona incluso que va a coordinar y que lo único que falta es ponerlo en marcha y presentarlo. Ese Consejo será la voz del deporte de la ciudad, ese Consejo será donde se defina el Plan Director, ese Consejo será desde las propias entidades y el deporte de base, y el deporte amateur y el deporte aficionado, quien defina todos los planes.

Con respecto, efectivamente, a contratos, situacións contractuais da Concellaría, non sei que contestar á señora Delso sobre o que nos encontramos nós cando chegamos alí. Curiosamente debeu ser que finalizou todo e prorrogouse todo e acabou todo en 9 meses, en 10 meses de goberno, nun ano, non sei, igual esa é a visión que ten vostede pero a realidade é que estamos poñendo todo en marcha e a marchas forzadas. Quero desde aquí agradecer o traballo inxente do Servicio Municipal de Deportes, non sei se saben que para tramitar determinados expedientes ou para acadar determinadas cuestións administrativas fai falta moita xente traballando, informando e definindo.

Con respeto, efectivamente, a contratos, situaciones contractuales de la Concejalía, no sé qué contestar a la señora Delso sobre lo que nos encontramos nosotros cuando llegamos allí. Curiosamente debió ser que finalizó todo y se prorrogó todo y acabó todo en 9 meses, en 10 meses de gobierno, en un año, no sé, igual esa es la visión que tiene usted pero la realidad es que estamos poniendo todo en marcha y a marchas forzadas. Quiero desde aquí agradecer el trabajo ingente del Servicio Municipal de Deportes, no sé si saben que para tramitar determinados expedientes o para conseguir determinadas cuestiones administrativas hace falta mucha gente trabajando, informando y definiendo.

Claro que se vai facer, estase xa presentando unha nova ordenanza fiscal para o tema da xestión económica e dos pagos e dos custes das instalacións deportivas. Claro que se vai tamén poñer en marcha desde o Consello de Deportes o Plan Director, e non só o Regulamento de Instalacións, na que espero que todos os Grupos compartan e traballen nel e que poidamos chegar algún día a unha Comisión de Deportes con algún expediente para tratar en Pleno. Ese Consello tamén definirá e decidirá sobre a esixencia das normativas e das

Claro que se va a hacer, se está ya presentando una nueva ordenanza fiscal para el tema de la gestión económica y de los pagos y de los costes de las instalaciones deportivas. Claro que se va también a poner en marcha desde el Consejo de Deportes el Plan Director, y no solo el Reglamento de Instalaciones, en la que espero que todos los Grupos compartan y trabajen en él y que podamos llegar algún día a una Comisión de Deportes con algún expediente para tratar en Pleno. Ese Consejo también definirá y decidirá

homologacións das instalacións deportivas que tamén nos falta.

sobre la exigencia de las normativas y de las homologaciones de las instalaciones deportivas que también nos falta.

Hai moito por facer, eu garántolles que este Concelleiro e a Concellería de Deportes, os compromisos vainos cumprir. Quizais non esperábamos ter que parar 3 meses un montón de cousas, desmontar a planificación deportiva, replantexar o día a día cas entidades para que teñan ó día os regulamentos e as normativas e as esixencias sanitarias desde o Goberno de España ou agora desde a Xunta, pero bueno, apoiamos esta moción porque é necesaria, darémoslle un pouquiño máis de empurrón ó acelerador, e por suposto aseguraremos os compromisos.

Hay mucho por hacer, yo les garantizo que este Concejal y la Concejalía de Deportes, los compromisos los va a cumplir. Quizás no esperábamos tener que parar 3 meses un montón de cosas, desmontar la planificación deportiva, replantear el día a día con las entidades para que tengan al día los reglamentos y las normativas y las exigencias sanitarias desde el Gobierno de España o ahora desde la Xunta, pero bueno, apoyamos esta moción porque es necesaria, le daremos un poquito más de empujón al acelerador, y por supuesto aseguraremos los compromisos.

Moitas grazas.

Muchas gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señor Borrego.

Muchas gracias, señor Borrego.

Procedemos á votación unha vez que están incorporadas as dúas emendas presentadas.

Procedemos a la votación una vez que están incorporadas las dos enmiendas presentadas.

Votación da moción conxunta presentada polos Grupos Municipais Mixto e do Partido Popular, transaccionada cos Grupos Municipais do Bloque Nacionalista Galego e da Marea Atlántica

Votación de la moción conjunta presentada por los Grupos Municipales Mixto y del Partido Popular, transaccionada con los Grupos Municipales del Bloque Nacionalista Galego y de la Marea Atlántica

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación a moción conxunta presentada polos Grupos Municipais Mixto e do Partido Popular, transaccionada cos Grupos Municipais do Bloque Nacionalista Galego e da Marea Atlántica, para reclamar que se cumpran os compromisos da Concellaría de Deportes, producíndose o seguinte resultado:

Seguidamente por la Presidencia se somete a votación la moción conjunta presentada por los Grupos Municipales Mixto y del Partido Popular, transaccionada con los Grupos Municipales del Bloque Nacionalista Galego y de la Marea Atlántica, para reclamar que se cumplan los compromisos de la Concejalía de Deportes, produciéndose el siguiente resultado:

Vota a favor o Grupo Municipal do

Vota a favor el Grupo Municipal del

Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal de Marea Atlántica (MA) (6 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal de Marea Atlántica (MA) (6 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

Vota a favor o Grupo Mixto (1 voto).

Vota a favor el Grupo Mixto (1 voto).

Presidencia

Presidencia

Moi ben, moitas grazas.

Muy bien, muchas gracias.

Queda aprobada por unanimidade.

Queda aprobada por unanimidad.

110.- Moción conxunta presentada polos Grupos Municipais Mixto e do Partido Popular, transaccionada cos Grupos Municipais do Bloque Nacionalista Galego e da Marea Atlántica, para reclamar que se cumpran os compromisos da Concellaría de Deportes.

110.-Moción conjunta presentada por los Grupos Municipales Mixto y del Partido Popular, transaccionada con los Grupos Municipales del Bloque Nacionalista Galego y de la Marea Atlántica, para reclamar que se cumplan los compromisos de la Concejalía de Deportes.

Acordo

Acuerdo

1. Que se elabore unha ordenanza e/ou que se actualice a normativa existente tal e como se acordou no Pleno de setembro de 2019.

1. Que se elabore una ordenanza y/o que se actualice la normativa existente tal y como se acordó en el Pleno de septiembre de 2019.

2. Que se cumpra co prometido en materia de horarios, convenios, creación do Consello Municipal de Deportes e todos os outros compromisos para que o deporte desta cidade poida ser fonte de beneficio para todos.

2. Que se cumpla con lo prometido en materia de horarios, convenios, creación del Consejo Municipal de Deportes y todos los otros compromisos para que el deporte de esta ciudad pueda ser fuente de beneficio para todos.

3. Que se poña en orde de maneira prioritaria a situación de todos os contratos estruturais da Concellaría de Deportes que se atopan actualmente caducados.

3. Que se ponga en orden de manera prioritaria la situación de todos los contratos estructurales de la Concejalía de Deportes que se encuentran actualmente caducados.

4. Que se estude a viabilidade da xestión directa das instalacións deportivas municipais, nomeadamente do Centro Deportivo do Castrillón e do Complexo Deportivo Municipal de San Diego, e que se estude o desenvolvemento dun carné único para os usuarios.

4. Que se estudie la viabilidad de la gestión directa de las instalaciones deportivas municipales, especialmente del Centro Deportivo del Castrillón y del Complejo Deportivo Municipal de San Diego, y que se estudie el desarrollo de un carné único para los usuarios.

5. Que se inicie un proceso de negociación coa Xunta de Galicia para reclamar a transferencia ao Concello dos complexos deportivos de Elviña, A Sardiñeira e Agra I na Agra do Orzán.

5. Que se inicie un proceso de negociación con la Xunta de Galicia para reclamar la transferencia al Ayuntamiento de los complejos deportivos de Elviña, Sardiñeira y Agra I en el Agra del Orzán.

6. Instar ao Concello da Coruña a iniciar ante a Xunta de Galicia a solicitude de cesión de uso das instalacións deportivas de titularidade da Xunta (pavillóns de Monte Alto, As Moas, Elviña 2 e Agra 2) e xestionadas pola Fundación Deporte Galego.

6. Instar al Ayuntamiento de A Coruña a iniciar ante la Xunta de Galicia la solicitud de cesión de uso de las instalaciones deportivas de titularidad de la Xunta (pabellones de Monte Alto, As Moas, Elviña 2 y Agra 2) y gestionadas por la Fundación Deporte Gallego.

MOCIÓNS PRESENTADAS POLO GRUPO MIXTO

MOCIONES PRESENTADAS POR El GRUPO MIXTO

Primeira. Moción para reclamar bolsas para os mozos que por cuestións económicas non se poidan custear a práctica deportiva.

Primera. Moción para reclamar becas para los jóvenes que por cuestiones económicas no se puedan costear la práctica deportiva.

Sobre esta moción os Grupos Municipais da Marea Atlántica e do Partido Socialista presentan cadansúa emenda de adición, que non son aceptadas polo Grupo Mixto.

Sobre esta moción los Grupos Municipales de la Marea Atlántica y del Partido Socialista presentan sendas enmiendas de adición, que no son aceptadas por el Grupo Mixto.

Presidencia

Presidencia

Segunda das mocións presentadas polo Grupo Mixto. Moción para reclamar bolsas para os mozos que por cuestións económicas non se poidan custear a práctica deportiva.

Segunda de las mociones presentadas por el Grupo Mixto. Moción para reclamar bolsas para los jóvenes que por cuestiones económicas no se puedan costear la práctica deportiva.

A esta moción hai dúas emendas presentadas: unha emenda de adición da Marea Atlántica e unha emenda de adición do Grupo Socialista.

A esta moción hay dos enmiendas presentadas: una enmienda de adición de la Marea Atlántica y una enmienda de adición del Grupo Socialista.

Cando queira, señora Martínez.

Señora Martínez Lema

Grazas, señora alcaldesa.

Xa adianto que non acepto ningunha das dúas emendas porque prefiro manter tal cal está a moción segundo ma trasladaron, porque foi trasladada desde os propios clubs e prefiro mantela na súa orixinalidade.

O dano económico do coronavirus sobre o deporte é incalculable. A crise epidémica provocou un estancamento no deporte paralizando toda a actividade económica ligada ao mesmo nesta cidade. As entidades deportivas adoecen nestes momentos dunha falta absoluta de ingresos, cotas, taquillas e patrocinadores e tamén que a falta de recursos nas familias mingüen aínda máis o seu labor.

Por falar sobre datos, neste pasado mes de xuño, 1.403 familias da Coruña recibiron o ingreso mínimo vital do Goberno. Consideramos desde este Grupo que toca reinventarse e buscar medidas excepcionais para garantir que ninguén poida ser excluído da práctica deportiva por falta de medios económicos.

É deber deste Concello dar resposta ás necesidades xeradas pola cidadanía en materia deportiva. Conscientes da complicada situación económica, o Concello debería abrir unha liña de bolsas dirixidas aos rapaces con dificultades para seguir adiante coa práctica deportiva e que por unha cuestión económica as súas familias non poidan asumir os custes das matrículas dos clubs, cotas mensuais ou equipamentos deportivos.

É certo que sempre hai cousas máis

Cuando quiera, señora Martínez.

Señora Martínez Lema

Gracias, señora alcaldesa.

Ya adelanto que no acepto ninguna de las dos enmiendas porque prefiero mantener tal cual está la moción según me la trasladaron, porque fue trasladada desde los propios clubes y prefiero mantenerla en su originalidad.

El daño económico del coronavirus sobre el deporte es incalculable. La crisis epidémica provocó un estancamiento en el deporte paralizando toda la actividad económica ligada al mismo en esta ciudad. Las entidades deportivas adolecen en estos momentos de una falta absoluta de ingresos, cuotas, taquillas y patrocinadores y también que la falta de recursos en las familias mermen aún más su labor.

Por hablar sobre datos, en este pasado mes de junio, 1.403 familias de A Coruña recibieron el ingreso mínimo vital del Gobierno. Consideramos desde este Grupo que toca reinventarse y buscar medidas excepcionales para garantizar que nadie pueda ser excluido de la práctica deportiva por falta de medios económicos.

Calquera das dúas causas déixalles mal, ou mellor dito, moi mal: un, non se pode limpar tan facilmente a conciencia presentando unha moción que saben tan ben como nós, como nos ilustrou a señora Fontán, que no Pleno do Concello non están obrigados a cumprilas. Eu non lles vou recitar a Pablo Neruda, como fixo o meu compañeiro o señor Rodríguez, nin a musitar, como lle contestou a alcaldesa. Eu voulles ler as palabras de Yolanda Díaz na Comisión de Industria de fai menos dun ano, cando aínda non era ministra –claro– e dicíalle á ministra Maroto: a súa intervención e a súa noticia respecto ao que vai facer aquí ata o 30 de xuño para salvar os 700 postos de traballo directos que hai en Alcoa e os 2.000 indirectos que temos en ambos os centros produtivos é moi hábil. Despexar o problema para a Xunta de Galicia e para a Xunta do Principado. Vostede sabe, como eu, que nin a Xunta nin o Principado teñen competencias, por exemplo, en arranxar o prezo da enerxía neste país. Por tanto, é moi hábil, sácase a presión e alóngaa para a Xunta e a Xunta do Principado pero é que é a súa obrigación resolver estes problemas. Se como este grupo

Cualquiera de las dos causas les deja mal, o mejor dicho, muy mal: uno, no se puede limpiar tan fácilmente la conciencia presentando una moción que saben tan bien como nosotros, como nos ilustró la señora Fontán, que en el Pleno del Ayuntamiento no están obligados a cumplirlas. Yo no les voy a recitar a Pablo Neruda, como hizo mi compañero el señor Rodríguez, ni a musitar, como le contestó la alcaldesa. Yo les voy a leer las palabras de Yolanda Díaz en la Comisión de Industria de hace menos de un año, cuando aún no era ministra –claro– y le decía a la ministra Maroto: su intervención y su noticia respecto a lo que va a hacer aquí hasta el 30 de junio para salvar los 700 puestos de trabajo directos que hay en Alcoa y los 2.000 indirectos que tenemos en ambos centros productivos es muy hábil. Despejar el problema para la Xunta de Galicia y para la Junta del Principado. Usted sabe, como yo, que ni la Xunta ni el Principado tienen competencias, por ejemplo, en arreglar el precio de la energía en este país. Por tanto, es muy hábil, se saca la presión y la alarga para la Xunta y la Junta del Principado pero es que es su obligación resolver estos problemas. Si como este grupo considera

considera e vostede considera na súa intervención, estamos a falar dun sector estratéxico –pecho as comiñas–.

A ministra galega de Podemos, que ademais é a de Traballo, deixou abandonados os traballadores das electrointensivas. Isto só ten unha solución, que é poñer a Galicia por diante e os traballadores da nosa industria **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** *xa remato. Iso vese reflectido nos datos que saíron hoxe do paro: Galicia é a comunidade onde máis baixa o paro no mes de xuño en números absolutos e a segunda en números relativos. Por iso dicimos: si a Alcoa, si a Alu Ibérica, si á industria electrointensiva galega, si a Ence, si a Meirama, si ás Pontes, si ás nosas conserveiras, si á Edar de Bens, entre outras. En definitiva, dicimos si a Galicia. Moitas grazas.*

Presidencia

Moitas grazas, señora Peñalosa.

Pecha o debate polo Grupo Socialista a señora Martínez Acón.

Ás dezaseis horas e vinte e cinco minutos entra no Salón de Sesións o señor Fernández Prado.

Señora Martínez Acón

Moitas grazas, alcaldesa. Boa tarde a todas e a todos.

Con respecto á petición do BNG sobre a situación da planta de aluminio de San Cibrao lembrar e poñer en valor todo o esforzo que dende o Goberno local e estatal se está facendo para a defensa do noso tecido industrial e do mantemento dos postos de traballo da planta de Alcoa. Para o Partido Socialista é central a importancia de definir e levar a cabo

y usted considera en su intervención, estamos hablando de un sector estratégico –cierro las comillas–.

La ministra gallega de Podemos, que además es la de Trabajo, ha dejado abandonados a los trabajadores de las electrointensivas. Esto solo tiene una solución, que es poner a Galicia por delante y a los trabajadores de nuestra industria ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** *ya acabo. Eso se ve reflejado en los datos que han salido hoy del paro: Galicia es la comunidad donde más baja el paro en el mes de junio en números absolutos y la segunda en números relativos. Por eso decimos: sí a Alcoa, sí a Alu Ibérica, sí a la industria electrointensiva gallega, sí a Ence, sí a Meirama, sí a As Pontes, sí a nuestras conserveras, sí a la Edar de Bens, entre otras. En definitiva, decimos sí a Galicia. Muchas gracias.*

Presidencia

Muchas gracias, señora Peñalosa.

Cierra el debate por el Grupo Socialista la señora Martínez Acón.

A las dieciséis horas y veinticinco minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Fernández Prado.

Señora Martínez Acón

Muchas gracias, alcaldesa. Buenas tardes a todas y a todos.

Con respecto a la petición del BNG sobre la situación de la planta de aluminio de San Cibrao recordar y poner en valor todo el esfuerzo que desde el Gobierno local y estatal se está haciendo para la defensa de nuestro tejido industrial y del mantenimiento de los puestos de trabajo de la planta de Alcoa. Para el Partido Socialista es

unha política industrial eficiente para a nosa comunidade, recuperando a importancia da nosa riqueza enerxética, garantindo os postos de traballo e abaratando os custos de produción. Por iso vimos denunciando dende fai tempo a inexistente política en materia industrial. Todos sabemos que a Xunta de Galicia ten plenas competencias en materia de industria e de fomento de actividades económicas, así como de emprego e soamente hai que consultar as hemerotecas para ver que o actual Goberno da Xunta de Galicia nunca solicitou o anterior Goberno da súa mesma cor unha aprobación do estatuto dos consumidores electrointensivos e soamente este novo Goberno do PSOE avanzou neste último ano na súa elaboración, para beneficio de todas as galegas e galegos.

central la importancia de definir y llevar a cabo una política industrial eficiente para nuestra comunidad, recuperando la importancia de nuestra riqueza energética, garantizando los puestos de trabajo y abaratando los costes de producción. Por eso venimos denunciando desde hace tiempo la inexistente política en materia industrial. Todos sabemos que la Xunta de Galicia tiene plenas competencias en materia de industria y de fomento de actividades económicas, así como de empleo y solamente hay que consultar las hemerotecas para ver que el actual Gobierno de la Xunta de Galicia nunca solicitó al anterior Gobierno de su mismo color una aprobación del estatuto de los consumidores electrointensivos y solamente este nuevo Gobierno del PSOE avanzó en este último año en su elaboración, para beneficio de todas las gallegas y gallegos.

O señor Feijóo pide que solucionemos o que el non fixo en 11 anos, 7 co señor Rajoy como presidente do Goberno, 11 anos en política industrial de inacción onde nin sequera mantivo a industria existente cando chegou á Xunta.

El señor Feijóo pide que solucionemos lo que él no hizo en 11 años, 7 con el señor Rajoy como presidente del Gobierno, 11 años en política industrial de inacción donde ni siquiera mantuvo la industria existente cuando llegó a la Xunta.

O Goberno estatal, en 2 anos achegou á planta de Alcoa de San Cibrao 38 millóns de euros. Non foi sen tempo que o PP diga en palabras do señor Feijóo: *non nos podemos permitir o luxo de perder a nosa industria básica*, ou o conselleiro Francisco Conde: non se poden perder postos de traballo en industrias que son viables economicamente.

El Gobierno estatal, en 2 años aportó a la planta de Alcoa de San Cibrao 38 millones de euros. No fue sin tiempo que el PP diga en palabras del señor Feijóo: no nos podemos permitir el lujo de perder nuestra industria básica, o el conselleiro Francisco Conde: no se pueden perder puestos de trabajo en industrias que son viables económicamente.

Parece que non tiveron responsabilidades de goberno en todos estes anos. Non queremos lembrar nin facer sangue co fracaso da actual Xunta con temas como Pemex, os alimentos lácteos ou a nefasta política eólica e

Parece que no tuvieron responsabilidades de gobierno en todos estos años. No queremos recordar ni hacer sangre con el fracaso de la actual Xunta con temas como Pemex, los alimentos lácteos o la nefasta política

todas as consecuencias negativas para a nosa economía industrial e o noso emprego que estamos sufrindo as galegas e os galegos agora mesmo. Por iso, pese a discrepar en algún punto, apoiaremos no substancial unha política industrial ambiciosa e eficiente para Galicia, abaratamento dos custos de produción, mantemento do emprego, colaboración entre administracións para sacar adiante o estatuto do consumidor electrointensivo desta moción que presenta hoxe neste Pleno o BNG porque nós, ao contrario do Goberno actual da Xunta de Galicia, si cremos no potencial enerxético de Galicia, unha Galicia equitativa, ecolóxica, punteira, cunha política industrial eficiente ao servizo dos galegos e galegas e por iso de aí xurde o forte compromiso do Goberno central actual, a diferenza do anterior, coa actividade produtiva e industrial da nosa terra. Destacar que neste Pleno acabamos de aprobar a ampliación da instalación de Showa Denko Carbon Spain SA, empresa cunha cifra de negocio importante e que conta con 157 traballadores. Este Goberno municipal vai favorecer o desenvolvemento industrial en Coruña como –neste caso– na Agrela. O Partido Socialista, onde queira que estea, facilitará, apoiará e impulsará as medidas e accións que redunden en beneficio do noso pobo. Isto foi, é e será incuestionable para nós. Moitas grazas.

eólica y todas las consecuencias negativas para nuestra economía industrial y nuestro empleo que estamos sufriendo las gallegas y los gallegos ahora mismo. Por eso, pese a discrepar en algún punto, apoyaremos en lo sustancial una política industrial ambiciosa y eficiente para Galicia, abaratamiento de los costes de producción, mantenimiento del empleo, colaboración entre administraciones para sacar adelante el estatuto del consumidor electrointensivo de esta moción que presenta hoy en este Pleno el BNG porque nosotros, al contrario del Gobierno actual de la Xunta de Galicia, sí creemos en el potencial energético de Galicia, una Galicia equitativa, ecológica, puntera, con una política industrial eficiente al servicio de los gallegos y gallegas y por eso de ahí surge el fuerte compromiso del Gobierno central actual, a diferencia del anterior, con la actividad productiva e industrial de nuestra tierra. Destacar que en este Pleno acabamos de aprobar la ampliación de la instalación de Showa Denko Carbon Spain SA, empresa con una cifra de negocio importante y que cuenta con 157 trabajadores. Este Gobierno municipal va a favorecer el desarrollo industrial en Coruña como –en este caso– en Agrela. El Partido Socialista, donde quiera que esté, facilitará, apoyará e impulsará las medidas y acciones que redunden en beneficio de nuestro pueblo. Esto fue, es y será incuestionable para nosotros. Muchas gracias.

Presidencia

Moitas grazas, señora Martínez Acón.

Procedemos a votar en primeiro lugar a emenda do Partido Popular e despois a moción.

Votación da emenda de substitución do Grupo Municipal do Partido

Presidencia

Muchas gracias, señora Martínez Acón.

Procedemos a votar en primer lugar la enmienda del Partido Popular y después la moción.

Votación de la enmienda de sustitución del Grupo Municipal del Partido

Popular á terceira moción do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación a emenda de substitución do Grupo Municipal do Partido Popular á terceira moción do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación da planta de aluminio de San Cibrao e a problemática das industrias electrointensivas, producíndose o seguinte resultado:

Vota en contra o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 votos).

Vota en contra o Grupo Municipal da Marea Atlántica (MA) (6 votos).

Vota en contra o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

Abstense o Grupo Mixto (1 abstención).

Presidencia

Queda rexeitada a emenda.

Pasamos á votación da moción.

Votación da terceira moción do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación a terceira moción do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación da planta de aluminio de San Cibrao e a problemática das industrias electrointensivas, producíndose o seguinte resultado:

Popular a la tercera moción del Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego

Seguidamente por la Presidencia se somete a votación la enmienda de sustitución del Grupo Municipal del Partido Popular a la tercera moción del Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego, sobre la situación de la planta de aluminio de San Cibrao y la problemática de las industrias electrointensivas, produciéndose el siguiente resultado:

Vota en contra el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 votos).

Vota en contra el Grupo Municipal de la Marea Atlántica (MA) (6 votos).

Vota en contra el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

Se abstiene el Grupo Mixto (1 abstención).

Presidencia

Queda rechazada la enmienda.

Pasamos a la votación de la moción.

Votación de la tercera moción del Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego

Seguidamente por la Presidencia se somete a votación la tercera moción del Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego, sobre la situación de la planta de aluminio de San Cibrao y la problemática de las industrias electrointensivas, produciéndose el siguiente resultado:

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Abstense o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 abstencións).

Se abstiene el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 abstenciones).

Vota a favor o Grupo Municipal da Marea Atlántica (MA) (6 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal de la Marea Atlántica (MA) (6 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

Abstense o Grupo Mixto (1 abstención).

Se abstiene el Grupo Mixto (1 abstención).

Presidencia

Presidencia

Queda aprobada a moción. Moitas grazas o Bloque Nacionalista Galego.

Queda aprobada la moción. Muchas gracias al Bloque Nacionalista Galego.

115. Moción presentada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego sobre a situación da planta de aluminio de San Cibrao e a problemática das industrias electrointensivas

115. Moción presentada por el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego sobre la situación de la planta de aluminio de San Cibrao y la problemática de las industrias electrointensivas

Acordo

Acuerdo

1. Solicitar á Xunta de Galiza que demande do Goberno Central a adopción das seguintes medidas:

1. Solicitar a la Xunta de Galicia que demande del Gobierno Central la adopción de las siguientes medidas:

1.1. A intervención de Alcoa para retornala ao ámbito público, nacionalizando a planta, para así manter os postos de traballo que dependen da mesma e o futuro económico e social de toda a comarca da Mariña.

1.1. La intervención de Alcoa para retornarla al ámbito público, nacionalizando la planta, para así mantener los puestos de trabajo que dependen de la misma y el futuro económico y social de toda la comarca de A Mariña.

1.2. Posibilitar unha tarifa eléctrica galega que resarza a Galiza dos custos de produción, que permita ás familias beneficiarse da riqueza enerxética do seu país e ao mesmo tempo favoreza a viabilidade da industria asentada no seu

1.2. Posibilitar una tarifa eléctrica gallega que resarza a Galicia de los costes de producción, que permita a las familias beneficiarse de la riqueza energética de su país y al mismo tiempo favorezca la viabilidad de la industria

territorio.

1.3. Pór en funcionamento o Estatuto do consumidor electrointensivo que permita que factorías como Alcoa San Cibrao, Alu Ibérica na Coruña e outras industrias electrointensivas asentadas no noso país, poidan manter a súa actividade produtiva sen perdas económicas e así garantir o futuro da actividade produtiva e dos postos de traballo da mesma.

2. Instar o Goberno Municipal a dar traslado deste acordo á Xunta de Galiza e ao Goberno Central.

Presidencia

Turno xa para a Marea Atlántica. A primeira das mocións sobre a situación dos servizos sanitarios e sociosanitarios tras a crise do covid-19. Non hai emendas a esta moción. Ten a palabra a señora García.

MOCIÓNS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DA MAREA ATLÁNTICA

Primeira. Moción sobre a situación dos servizos sanitarios e sociosanitarios tras a crise do covid-19

Señora García Gómez

Grazas. Hoxe pola tarde falou neste Pleno a representación das traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar, a quen queremos saudar e agradecer por un traballo realizado dende hai moito tempo con moitísimo esforzo físico e esforzo emocional e desgraciadamente, como tantas veces ocorre nestes traballos relacionados cos coidados, traballos moi feminizados, pois, un traballo pouco recoñecido e moi precarizado. Se isto xa era así antes da epidemia do coronavirus, a pandemia o que fai é expoñelas aínda máis á

asentada en su territorio.

1.3. Poner en funcionamiento el Estatuto del consumidor electrointensivo que permita que factorías como Alcoa San Cibrao, Alu Ibérica en A Coruña y otras industrias electrointensivas asentadas en nuestro país, puedan mantener su actividad productiva sin pérdidas económicas y así garantizar el futuro de la actividad productiva y de los puestos de trabajo de la misma.

2. Instar al Gobierno Municipal a dar traslado de este acuerdo a la Xunta de Galicia y al Gobierno Central.

Presidencia

Turno ya para la Marea Atlántica. La primera de las mociones sobre la situación de los servicios sanitarios y sociosanitarios tras la crisis del covid-19. No hay enmiendas a esta moción. Tiene la palabra la señora García.

MOCIONES PRESENTADAS POR El GRUPO MUNICIPAL DE LA MAREA ATLÁNTICA

Primera. Moción sobre la situación de los servicios sanitarios y sociosanitarios tras la crisis del covid-19

Señora García Gómez

Gracias. Hoy por la tarde habló en este Pleno la representación de las trabajadoras del Servicio de Ayuda en el Hogar, a quien queremos saludar y agradecer por un trabajo realizado desde hace mucho tiempo con muchísimo esfuerzo físico y esfuerzo emocional y desgraciadamente, como tantas veces ocurre en estos trabajos relacionados con los cuidados, trabajos muy feminizados, pues, un trabajo poco reconocido y muy precarizado. Si esto ya era así antes de la epidemia del coronavirus, la pandemia lo que hace es

primeira liña de contaxios e non dotalas dos medios mínimos necesarios para protexerse elas e protexernos aos demais.

Agora chega a nova normalidade e cremos que deron un exemplo de responsabilidade e de bo facer no desempeño das súas funcións. Falamos das traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar pero tamén do persoal sanitario, do persoal sociosanitario, do persoal de traballos sociais que estiveron, sen dúbida, en primeira liña abordando esta etapa tan difícil.

A sociedade recoñeceu de maneira unánime ese traballo e esa dificultade derivada de tantos anos de recortes e de política neoliberal que conduciu a unha absoluta debilitación deste servizo, sexa privatización de moitos servizos. Non compartimos ese modelo que desemboca nun detrimento da calidade asistencial, na falta de traballo digno do persoal contratado e que prioriza, como en tantos outros casos, o beneficio empresarial.

Con este contexto a Xunta de Galicia saca unha medida estrela que é un bono de 250 euros para gastar en establecementos hostaleiros e iso o que nos indica é que non entenderon nada, non entenderon onde está o problema. Non entenderon realmente que ensinanzas nos deixou a pandemia. Non entenderon o que lle están pedindo os colectivos sanitarios, sociosanitarios. Non entenderon realmente as ensinanzas que nos deixa o covid e non é algo que digamos nós, é algo que di a plataforma SOS Sanidade Pública, que di o colectivo Enfermeiras en Loita, que di a plataforma galega de traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar, que di a plataforma MODEPEN, que estaba hoxe no Pleno, que din os sindicatos médicos, que din os Colexios Oficiais de

exponerlas aún más a la primera línea de contagios y no dotarlas de los medios mínimos necesarios para protegerse ellas y protegernos a los demás.

Ahora llega la nueva normalidad y creemos que dieron un ejemplo de responsabilidad y de buen hacer en el desempeño de sus funciones. Hablamos de las trabajadoras del Servicio de Ayuda en el Hogar pero también del personal sanitario, del personal sociosanitario, del personal de trabajos sociales que estuvieron, sin duda, en primera línea abordando esta etapa tan difícil.

La sociedad reconoció de manera unánime ese trabajo y esa dificultad derivada de tantos años de recortes y de política neoliberal que condujo a una absoluta debilitación de este servicio, sea privatización de muchos servicios. No compartimos ese modelo que desemboca en un detrimento de la calidad asistencial, en la falta de trabajo digno del personal contratado y que prioriza, como en tantos otros casos, el beneficio empresarial.

Con este contexto la Xunta de Galicia saca una medida estrella que es un bono de 250 euros para gastar en establecimientos hosteleros y eso lo que nos indica es que no entendieron nada, no entendieron dónde está el problema. No entendieron realmente qué enseñanzas nos dejó la pandemia. No entendieron lo que le están pidiendo los colectivos sanitarios, sociosanitarios. No entendieron realmente las enseñanzas que nos deja el covid y no es algo que digamos nosotros, es algo que dice la plataforma SOS Sanidade Pública, que dice el colectivo Enfermeiras en Loita, que dice la plataforma gallega de trabajadoras del Servicio de Ayuda en el Hogar, que dice la plataforma MODEPEN, que estaba hoy en el Pleno, que dicen los sindicatos médicos, que

Médicos e que din, incluso, os Colexios Oficiais de Traballadoras Sociais. O que están pedindo son máis medios, máis recursos, máis estabilidade laboral e por fin poder saír da precariedade nestes sectores que, a fin de contas, o que están é coidando das nosas vidas.

dicen los Colegios Oficiales de Médicos y que dicen, incluso, los Colegios Oficiales de Trabajadoras Sociales. Lo que están pidiendo son más medios, más recursos, más estabilidad laboral y por fin poder salir de la precariedad en estos sectores que, a fin de cuentas, lo que están es cuidando de nuestras vidas.

A nivel municipal a pandemia tamén fixo que se incrementara a demanda dos servizos sociais municipais, que se conducira a unha enorme sobrecarga de traballo no persoal municipal destinado a estas tarefas e dende a Marea Atlántica propuxemos dende o primeiro día o reforzo de persoal e o reforzo de recursos na Área de Benestar amparándose nas directrices que estaban emanando do Ministerio de Madrid. O obxectivo é coidar a quen coida. Por iso traemos aquí toda unha serie de acordos que instan a diferentes administracións a poñerse a traballar e a corrixir as deficiencias detectadas nestes ámbitos; incrementar o investimento e poñer fin aos contratos precarios; desculparse publicamente pola enorme metedura de pata do bono dos 250 euros; a apertura inmediata dos centros de día; a construción de residencias públicas e o rescate daquelas que se atopan en réxime de xestión indirecta; a fiscalización por parte do Goberno municipal das empresas concesionarias do Servizo de Axuda no Fogar; o reforzo da plantilla de traballadoras dos Servizos Sociais municipais; a convocatoria do Consello Municipal da Saúde para chequear con eles cales son esas necesidades e cales son eses reforzos que necesitan por parte de todas as administracións. Nada máis, moitas grazas.

A nivel municipal la pandemia también hizo que se incrementase la demanda de los servicios sociales municipales, que condujese a una enorme sobrecarga de trabajo en el personal municipal destinado a estas tareas y desde la Marea Atlántica propusimos desde el primer día el refuerzo de personal y el refuerzo de recursos en el Área de Bienestar amparándose en las directrices que estaban emanando del Ministerio de Madrid. El objetivo es cuidar a quien cuida. Por eso traemos aquí toda una serie de acuerdos que instan a diferentes administraciones a ponerse a trabajar y a corregir las deficiencias detectadas en estos ámbitos; incrementar la inversión y poner fin a los contratos precarios; disculparse públicamente por la enorme metedura de pata del bono de los 250 euros; la apertura inmediata de los centros de día; la construcción de residencias públicas y el rescate de aquellas que se encuentran en régimen de gestión indirecta; la fiscalización por parte del Gobierno municipal de las empresas concesionarias del Servicio de Ayuda en el Hogar; el refuerzo de la plantilla de trabajadoras de los Servicios Sociales municipales; la convocatoria del Consello Municipal da Saúde para comprobar con ellos cuáles son esas necesidades y cuáles son esos refuerzos que necesitan por parte de todas las administraciones. Nada más, muchas gracias.

Presidencia

Moitas grazas, señora García.

Presidencia

Muchas gracias, señora García.

Polo Grupo Mixto, señora Martínez.

Señora Martínez Lema

Moitas grazas, señora alcaldesa.

Como xa mencionaba na moción sobre as residencias, a crise do covid deixou ao descuberto moitas carencias nos servizos sanitarios e sociosanitarios e abriu unha perda de confianza enorme nos profesionais sanitarios, que necesita ser recuperada para non resentir máis o noso sistema. E de novo recorro a expertos para atreverme a dicir que calquera solución pasa inevitablemente por unha política de contratación e retributiva. Os nosos sanitarios, os que conseguen que a nosa sanidade estea nos primeiros postos do mundo, como dicía antes, tamén conséguenо a costa de redución de recursos. Se comparamos soldos, os médicos españois cobran dúas veces e media menos que un francés ou un alemán, tres veces menos que un médico británico, cinco menos que un sanitario en Estados Unidos. Esta desigualdade provoca a emigración dos nosos profesionais aló onde encontran mellores condicións.

Outra das solucións podería pasar pola estabilidade laboral, o grao de interinidade neste país é do 30 %, un de cada tres sanitarios é interino. As especialidades, ademais, non teñen o recoñecemento que se merecen. Curiosamente dúas das que máis traballaron nesta pandemia, das máis expostas, como son os médicos de urxencias e as enfermidades infecciosas, levan anos intentando conseguir o recoñecemento da súa especialidade. Semella que despois de todo o acontecido é hora de que as recoñezan.

É fundamental, tamén, garantir unha

Por el Grupo Mixto, señora Martínez.

Señora Martínez Lema

Muchas gracias, señora alcaldesa.

Como ya mencionaba en la moción sobre las residencias, la crisis del covid dejó al descubierto muchas carencias en los servicios sanitarios y sociosanitarios y abrió una pérdida de confianza enorme en los profesionales sanitarios, que necesita ser recuperada para no resentir más nuestro sistema. Y de nuevo recurro a expertos para atreverme a decir que cualquier solución pasa inevitablemente por una política de contratación y retributiva. Nuestros sanitarios, los que consiguen que nuestra sanidad esté en los primeros puestos del mundo, como decía antes, también lo consiguen a costa de reducción de recursos. Si comparamos sueldos, los médicos españoles cobran dos veces y media menos que un francés o un alemán, tres veces menos que un médico británico, cinco menos que un sanitario en Estados Unidos. Esta desigualdad provoca la emigración de nuestros profesionales allá donde encuentran mejores condiciones.

Otra de las soluciones podría pasar por la estabilidad laboral, el grado de interinidad en este país es del 30 %, uno de cada tres sanitarios es interino. Las especialidades, además, no tienen el reconocimiento que se merecen. Curiosamente dos de las que más trabajaron en esta pandemia, de las más expuestas, como son los médicos de urgencias y las enfermedades infecciosas, llevan años intentando conseguir el reconocimiento de su especialidad. Parece que después de todo lo acontecido es hora de que las reconozcan.

Es fundamental, también, garantizar una

formación continuada dos profesionais, garantir que os obxectivos desa formación sexan positivos para o Sistema Nacional de Saúde. Deberiamos, tamén, facer unha reordenación das profesións sanitarias, aproveitar máis o potencial da Enfermería. Temos neste país por cada 100.000 habitantes unha terceira parte de enfermeiras que ten, por exemplo, Alemaña. Moita culpa diso tamén teno a emigración destas profesionais, que non encontran aquí unhas condicións laborais nada adecuadas, con contratos encadeados continuamente e sen ningunha estabilidade laboral. E, unha vez máis, insisto en que o que está a pasar na nosa sanidade non é culpa dos gobernos que están agora mesmo. É un cúmulo de moitos anos atrás. Datos en Galicia: a metade do Presuposto da Xunta nas últimas dúas lexislaturas é para sanidade. Si descendeu o gasto orzamentado para sanidade desde 2010 ata 2014 por culpa da crise de 2008, pero a partir do 2015 empezou a subir. No 2017 xa foi máis alto ca nunca e seguiu subindo. Si baixou a porcentaxe do Presuposto con respecto ao PIB, pero foi en toda España.

formación continuada de los profesionales, garantizar que los objetivos de esa formación sean positivos para el Sistema Nacional de Salud. Deberíamos, también, hacer una reordenación de las profesiones sanitarias, aprovechar más el potencial de la Enfermería. Tenemos en este país por cada 100.000 habitantes una tercera parte de enfermeras que tiene, por ejemplo, Alemania. Mucha culpa de eso también lo tiene la emigración de estas profesionales, que no encuentran aquí unas condiciones laborales nada adecuadas, con contratos encadenados continuamente y sin ninguna estabilidad laboral. Y, una vez más, insisto en que lo que está pasando en nuestra sanidad no es culpa de los gobiernos que están ahora mismo. Es un cúmulo de muchos años atrás. Datos en Galicia: la mitad del Presupuesto de la Xunta en las últimas dos legislaturas es para sanidad. Sí descendió el gasto presupuestado para sanidad desde 2010 hasta 2014 por culpa de la crisis de 2008, pero a partir del 2015 empezó a subir. En el 2017 ya fue más alto que nunca y siguió subiendo. Sí bajó el porcentaje del Presupuesto con respeto al PIB, pero fue en toda España.

Hai que deixar de botarse culpas entre uns e outros e buscar un consenso entre todas as forzas políticas. Un acordo institucional para a nosa sanidade será a única maneira de encontrar solucións. Imos votar a favor desta moción. Moitas grazas.

Hay que dejar de echarse culpas entre unos y otros y buscar un consenso entre todas las fuerzas políticas. Un acuerdo institucional para nuestra sanidad será la única manera de encontrar soluciones. Vamos a votar a favor de esta moción. Muchas gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señora Martínez.

Muchas gracias, señora Martínez.

Polo Bloque Nacionalista Galego, señora Veira.

Por el Bloque Nacionalista Galego, señora Veira.

Señora Veira González

Señora Veira González

Farmacéuticas, enfermeiras, mulleres

Farmacéuticas, enfermeras, mujeres

traballadoras do Servizo de Axuda a Domicilio, traballadoras sociais, profesoras, limpadoras, caixeiras, persoas, –mulleres– que traballan nas residencias de maiores... se algo nos quedou claro na crise da covid é que os traballos máis esenciais da nosa sociedade están enormemente feminizados. E cal é ou como lle agradecemos, non?, ás mulleres...

trabajadoras del Servicio de Ayuda a Domicilio, trabajadoras sociales, profesoras, limpiadoras, cajeras, personas, –mujeres– que trabajan en las residencias de mayores... si algo nos quedó claro en la crisis de la covid es que los trabajos más esenciales de nuestra sociedad están enormemente feminizados. Y cuál es o cómo le agradecemos, ¿no?, a las mujeres...

Presidencia

Presidencia

Perdoe un momento, señora Veira, por favor.

Perdone un momento, señora Veira, por favor.

Señora Veira González

Señora Veira González

Si.

Sí.

Presidencia

Presidencia

Garden silencio.

Guarden silencio.

A Presidencia pide silencio os demais membros da Corporación.

La Presidencia pide silencio a los demás miembros de la Corporación.

Señora Veira González

Señora Veira González

Grazas, porque a min resúltame un pouco difícil concentrarme cando teño aí, no campo visual... en fin, conversas, non?.

Gracias, porque a mí me resulta un poco difícil concentrarme cuando tengo ahí, en el campo visual... en fin, conversaciones, ¿no?.

Continúo. Como lle agradece a sociedade ás mulleres que exercen estes traballos esenciais o seu labor, a súa entrega e moitas veces arriscar a súa propia vida? Porque nesta crise houbo moito deste persoal que non tivo os equipos de protección individual debidos, pois, con traballo precario; podemos falar de canto se lle paga ás limpadoras, que tan necesarias foron nesta crise; podemos falar como se lle paga o persoal do Servizo de Axuda a Domicilio e podemos falar, tamén, de se teñen seguridade ou non nos seus propios traballos e se as empresas as fornecen ou non dos equipos de

Continúo. ¿Cómo le agradece la sociedad a las mujeres que ejercen estos trabajos esenciales su labor, su entrega y muchas veces arriesgar su propia vida? Porque en esta crisis hubo mucho de este personal que no tuvo los equipos de protección individual debidos, pues, con trabajo precario; podemos hablar de cuánto se le paga a las limpiadoras, que tan necesarias fueron en esta crisis; podemos hablar cómo se le paga al personal del Servicio de Ayuda a Domicilio y podemos hablar, también, de si tienen seguridad o no en sus propios trabajos y si las empresas las suministran o no de los equipos de

protección individual, non digo agora, na crise da covid, senón tamén anteriormente e como lle agradece a sociedade, como lle agradece o Sergas ás enfermeiras ese traballo esencial? Pois agradécello con contratos diarios, con contratos por hora. Agradécello agora, nunha xestión da covid, que supoño que o dirán desde o Partido Popular, que se contratou un reforzo para a covid de non sei cantos milleiros de profesionais, porque todo o contan así, por milleiros. Pois o certo é que agora mesmo o persoal que estaba contratado pola covid está no Servizo Galego de Saúde e as persoas que estaban na listaxe de substitución non poden estar traballando e a xente que estaba por reforzo da covid está cubrindo baixas e cubrindo outro tipo de contratación, saltándose, por certo, acordos laborais e demais.

protección individual, no digo ahora, en la crisis de la covid, sino también anteriormente y ¿cómo le agradece la sociedad, cómo le agradece el Sergas a las enfermeras ese trabajo esencial? Pues se lo agradece con contratos diarios, con contratos por hora. Se lo agradece ahora, en una gestión de la covid, que supongo que lo dirán desde el Partido Popular, que se contrató un refuerzo para la covid de no sé cuántos millares de profesionales, porque todo lo cuentan así, por millares. Pues lo cierto es que ahora mismo el personal que estaba contratado por la covid está en el Servizo Galego de Saúde y las personas que estaban en el listado de sustitución no pueden estar trabajando y la gente que estaba por refuerzo de la covid está cubriendo bajas y cubriendo otro tipo de contratación, saltándose, por cierto, acuerdos laborales y demás.

E como lle agradece o Sergas ou como pretende agradecerlle o Sergas os sanitarios a súa entrega, moitas veces arriscando a súa vida? Pois pretende compralos, máis ben, mellor dito que agradecéndollo, con 250 euros de bono para gastar no sector turístico. Pois a verdade é que eu creo que é de honrar e de nomear a reacción dos profesionais e as profesionais que non aceptaron que se lles comprase con estes 250 euros. É de honrar esa reacción porque a verdade é que o que cómpre no Servizo Galego de Saúde é estabilizar o persoal, o que cómpre é reforzar a atención primaria e o que cómpre é tomarse en serio a saúde pública do noso país e iso é o que non fai o Partido Popular, iso é o que non fai o Goberno de Feijóo. Pero non se preocupen, que máis pronto que tarde poderemos construír unha nova Galiza onde a saúde importe de verdade.

¿Y cómo le agradece el Sergas o cómo pretende agradecerle el Sergas a los sanitarios su entrega, muchas veces arriesgando su vida? Pues pretende comprarlos, más bien, mejor dicho que agradeciéndoselo, con 250 euros de bono para gastar en el sector turístico. Pues la verdad es que yo creo que es de honrar y de mencionar la reacción de los profesionales y las profesionales que no aceptaron que se les comprara con estos 250 euros. Es de honrar esa reacción porque la verdad es que lo que hace falta en el Servicio Galego de Saúde es estabilizar al personal, lo que hace falta es reforzar la atención primaria y lo que hace falta es tomarse en serio la salud pública de nuestro país y eso es lo que no hace el Partido Popular, eso es lo que no hace el Gobierno de Feijóo. Pero no se preocupen, que más pronto que tarde podremos construir una nueva Galicia donde la salud importe de verdad.

Presidencia

Moitas grazas, señora Veira.

Presidencia

Muchas gracias, señora Veira.

Por favor, á xente que está no palco tamén se lla escoita desde aquí. Era mellor cando estaban separados, eh? De verdade. Polo menos estaban máis caladiños.

Polo Grupo Popular, señora Gutiérrez.

Señora Gutiérrez Roselló

Grazas, señora alcaldesa.

Chegou a nova normalidade e con ela un período de retorno paulatino ás actividades sociais e económicas que se desenvolverán baixo as novas condicións de vida que evolucionan e que continuarán facéndoo, parece, que para sempre, xa. Esta evolución debería afectar a moitos conceptos cos que conviven os cidadáns, a todo e a todos. Cuestión diferente é como evolucionan as opinións, especialmente dos señores da Marea, respecto diso, que permanecen ancorados nas súas mantras, a pesar de que ás veces as cousas cambian e estes cambios sempre teñen unha razón de ser. Todos imos estar de acordo en que nestas circunstancias todos os recursos profesionais sanitarios e afíns comportáronse coa maior das eficacias, conforme as circunstancias e aos recursos vividos e a pesar diso moitas familias víronse tristemente afectadas. Agora ben, vostedes imaxínanse que tería sido da atención sanitaria no CHUAC nesta pandemia sen o investimento que fixo a Xunta de Feijóo no 2009? 100 millóns de euros. Efectivamente, señora Veira, nós contamos o que achegamos, non nos estamos inventando nada e este investimento supuxo multiplicar por 5 a superficie das urxencias; supuxo incorporar 15 novos quirófanos; construír a nova central de esterilización; mellorar un 10 % o número de consultas; atender a un 10,5

Por favor, a la gente que está en el palco también se la escucha desde aquí. Era mejor cuando estaban separados, ¿eh? De verdad. Por lo menos estaban más calladitos.

Por el Grupo Popular, señora Gutiérrez.

Señora Gutiérrez Roselló

Gracias, señora alcaldesa.

Ha llegado la nueva normalidad y con ella un período de retorno paulatino a las actividades sociales y económicas que se desarrollarán bajo las nuevas condiciones de vida que evolucionan y que continuarán haciéndolo, parece, que para siempre, ya. Esta evolución debería afectar a muchos conceptos con los que conviven los ciudadanos, a todo y a todos. Cuestión diferente es cómo evolucionan las opiniones, especialmente de los señores de la Marea, al respecto, que permanecen anclados en sus mantras, a pesar de que a veces las cosas cambian y estos cambios siempre tienen una razón de ser. Todos vamos a estar de acuerdo en que en estas circunstancias todos los recursos profesionales sanitarios y afines se han comportado con la mayor de las eficacias, con arreglo a las circunstancias y a los recursos vividos y a pesar de ello muchas familias se han visto tristemente afectadas. Ahora bien, ¿ustedes se imaginan que hubiera sido de la atención sanitaria en el CHUAC en esta pandemia sin la inversión que hizo la Xunta de Feijóo en el 2009? 100 millones de euros. Efectivamente, señora Veira, nosotros contamos lo que aportamos, no nos estamos inventando nada y esta inversión supuso multiplicar por 5 la superficie de las urgencias; supuso incorporar 15 nuevos quirófanos; construir la nueva central de esterilización; mejorar un 10 % el número de consultas; atender a un 10,5

% máis de urxencias. É fácil facer outro tipo de inventario cando non se goberna, cando se fala desde o estrado, pero ben, logo a realidade é outra. Quizá sexa necesario lembrar que o orzamento sanitario creceu un 13 % desde que o PP goberna. Que hai 3.547 profesionais máis que cando o PP chegou á Xunta, 520 camas máis, 1.013 enfermeiros máis, o 37 % de quirófanos máis. No futuro está previsto manter e incrementar os recursos, priorizar a atención primaria nas convocatorias anuais de oferta pública de emprego do Sergas, que esgotarán as taxas máximas de reposición fixadas polo Estado e que no caso de eliminarse convocarán todas as vacantes existentes co fin de que se poida chegar a 3.500 prazas públicas.

% más de urgencias. Es fácil hacer otro tipo de inventario cuando no se gobierna, cuando se habla desde el estrado, pero bueno, luego la realidad es otra. Quizá sea necesario recordar que el presupuesto sanitario creció un 13 % desde que el PP gobierna. Que hay 3.547 profesionales más que cuando el PP llegó a la Xunta, 520 camas más, 1.013 enfermeros más, el 37 % de quirófanos más. En el futuro está previsto mantener e incrementar los recursos, priorizar la atención primaria en las convocatorias anuales de oferta pública de empleo del Sergas, que agotarán las tasas máximas de reposición fijadas por el Estado y que en caso de eliminarse convocarán todas las vacantes existentes con el fin de que se pueda llegar a 3.500 plazas públicas.

Despois desta pandemia, parécelles mal a vostedes que o señor Feijóo teña comprometido 400 millóns de euros para construír un novo CHUAC? Isto permitirá dispoñer do dobre de superficie, dun novo edificio de investigación, o dobre de urxencias, un 50 % máis de consultas, un 30 % máis de quirófanos, un 15 % máis de camas, un 90 % máis de hospital de día e melloras no Abente e Lago e en Oza. Entón, todo isto que, como a señora di, contamos por miles, contamos o que é: miles, centos, unidades, o que é. Ben, dada a miña opinión respecto diso, falarei dos centros de día.

Después de esta pandemia, ¿les parece mal a ustedes que el señor Feijóo haya comprometido 400 millones de euros para construir un nuevo CHUAC? Esto permitirá disponer del doble de superficie, de un nuevo edificio de investigación, el doble de urgencias, un 50 % más de consultas, un 30 % más de quirófanos, un 15 % más de camas, un 90 % más de hospital de día y mejoras en el Abente y Lago y en Oza. Entonces, todo esto que, como la señora dice, contamos por miles, contamos lo que es: miles, cientos, unidades, lo que es. Bueno, dada mi opinión al respecto, hablaré de los centros de día.

En canto aos centros de día a Xunta traballou con este sector na preparación do reinicio da súa actividade. De feito, xa anunciou que a súa apertura producirase o 15 xullo e durante estas últimas semanas o traballo realizado consistía basicamente en que o persoal recibise a formación específica que necesitaba; facilitáronselles as recomendacións sanitarias necesarias para que puidesen reabrir de forma segura; fornecéronselles os equipos de

En cuanto a los centros de día la Xunta ha trabajado con este sector en la preparación del reinicio de su actividad. De hecho, ya ha anunciado que su apertura se producirá el 15 julio y durante estas últimas semanas el trabajo realizado consistía básicamente en que el personal haya recibido la formación específica que necesitaba; se les han facilitado las recomendaciones sanitarias necesarias para que pudieran reabrir de forma segura; se les han

protección e os centros prepararon os seus protocolos de seguridade, hixiene e prevención, cumprindo co Plan de reactivación no ámbito sanitario.

suministrado los equipos de protección y los centros han preparado sus protocolos de seguridad, higiene y prevención, cumpliendo con el Plan de reactivación en el ámbito sanitario.

O Goberno galego actuou con prudencia neste ámbito, que é algo bastante importante nesta situación. Escoitou en todo momento as opinións dos representantes do sector e da comunidade médica, cumprindo co compromiso de normalizar progresivamente a situación destes servizos. Finalmente farei unha referencia ao cheque turismo sanitario. Tanto o presidente da Xunta como o... **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** *xa pediron desculpas públicas pola maneira de comunicar o bono solidario posto en marcha pola Consellería de Cultura e Turismo. O que se pretendía era estimular a demanda turística. Pensouse que sería de xustiza darllo os profesionais que máis sufriron esta pandemia. Non é un incentivo aos traballadores sanitarios, nin moito menos, nin o recoñecemento de Sanidade aos seus profesionais. É un bono para impulsar un dos sectores economicamente máis afectados, atendendo a unha petición formulada polo sector turístico. Solicitalo será absolutamente voluntario. Nada máis. Grazas.*

El Gobierno gallego ha actuado con prudencia en este ámbito, que es algo bastante importante en esta situación. Ha escuchado en todo momento las opiniones de los representantes del sector y de la comunidad médica, cumpliendo con el compromiso de normalizar progresivamente la situación de estos servicios. Finalmente haré una referencia al cheque turismo sanitario. Tanto el presidente de la Xunta como el… ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** *ya han pedido disculpas públicas por la manera de comunicar el bono solidario puesto en marcha por la Consellería de Cultura y Turismo. Lo que se pretendía era estimular la demanda turística. Se pensó que sería de justicia dárselo a los profesionales que más sufrieron esta pandemia. No es un incentivo a los trabajadores sanitarios, ni mucho menos, ni el reconocimiento de Sanidad a sus profesionales. Es un bono para impulsar uno de los sectores económicamente más afectados, atendiendo a una petición formulada por el sector turístico. Solicitarlo será absolutamente voluntario. Nada más. Gracias.*

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señora Gutiérrez.

Muchas gracias, señora Gutiérrez.

Pecha o debate a señora Neira, polo Grupo Socialista.

Cierra el debate la señora Neira, por el Grupo Socialista.

Señora Neira Fernández

Señora Neira Fernández

Grazas, señora alcaldesa. Procuraremos estar en silencio. Se nos temos que separar, separámonos.

Gracias, señora alcaldesa. Procuraremos estar en silencio. Si nos tenemos que separar, nos separamos.

A cuestión que aquí se formula, ben, en primeiro lugar imos votar a favor desta moción e vou tomar, para comezar a miña intervención, o fío da intervención que acaba de facer vostede, señora Gutiérrez, fundamentalmente en relación aos centros de día. Eu imaxínome que ser líder en comunidades autónomas que é a última que abre os centros de día non creo que sexa nada para estar orgullosos. Dicir que se abren os centros de día despois de estudar os protocolos de apertura para facelo nas debidas condicións e escoitando ao sector é non escoitar por parte do seu grupo municipal o que di o sector. O certo é que o sector leva reclamando que se abran os centros de día nesta comunidade autónoma, da mesma maneira que se foron abrindo de maneira paulatina noutras comunidades autónomas e a resposta que se lles dá é que os centros de día non se abren ata setembro. Posteriormente empezan a dicir que se abrirán soamente para o tratamento terapéutico e hoxe, por fin, esta mañá deciden que se abren o 15 de xullo. Eu creo que dicir que un sector como son os centros de día, co que iso conleva, tamén, para a conciliación de moitas familias, para o coidado terapéutico de moitos dos nosos maiores que non están ingresados en residencia, como esa parte intermedia entre a vida autónoma e a vida de ingreso nunha residencia, ben, pois, dicir que se abren o 15 de xullo e que se fai dunha maneira responsable e rápida non é, desde logo, un exemplo de xestión. O certo é que nos centros de día, alcaldes de todo signo –tamén a nosa alcaldesa– piden o presidente da Xunta de Galicia a súa apertura, pero do Partido Socialista, doutros partidos políticos, tamén do seu, e que tardan, como tardan en dar resposta en moitas ocasións desde a Consellería de Política Social, non así noutras Consellerías, que todo hai que dicilo, tardan en dar resposta ao que ten

mociones del Partido Popular relativa al Ingreso Mínimo Vital y a la Renta Social Municipal. En esta moción hay una enmienda de sustitución del Grupo Socialista a la moción de la Marea. Tiene la palabra a señora Cameán. Cuando quiera.

A continuación terá lugar un debate conxunto pero votación por separado da terceira das mocións presentadas polo Grupo Municipal da Marea Atlántica e a primeira presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular.

A continuación tendrá lugar un debate conjunto pero votación por separado de la tercera de las mociones presentadas por el Grupo Municipal de la Marea Atlántica y la primera presentada por el Grupo Municipal del Partido Popular.

Terceira. Moción sobre o Ingreso Mínimo Vital (IMV) e a Renda Social Municipal (RSM)

Tercera. Moción sobre el Ingreso Mínimo Vital (IMV) y la Renta Social Municipal (RSM)

Sobre esta moción o Grupo Municipal Socialista presenta unha emenda de substitución, que non é aceptada polo Grupo Municipal da Marea Atlántica.

Sobre esta moción el Grupo Municipal Socialista presenta una enmienda de sustitución, que no es aceptada por el Grupo Municipal de la Marea Atlántica.

Primeira. Moción relativa ao Ingreso Mínimo Vital

Primera. Moción relativa al Ingreso Mínimo Vital

Ás dezasete horas e catro minutos sae do Salón de Sesións o señor Jorquera Caselas.

A las diecisiete horas y cuatro minutos sale del Salón de Sesiones el señor Jorquera Caselas.

<u>Señora Cameán Calvete</u>

<u>Señora Cameán Calvete</u>

Moitísimas grazas.

Muchísimas gracias.

Ben, xa hai tempo que o Comité de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais da ONU vén alertando dos incumprimentos dos dereitos sociais no Estado español.

Bien, ya hace tiempo que el Comité de Derechos Económicos, Sociales y Culturales de la ONU viene alertando de los incumplimientos de los derechos sociales en el Estado español.

Ás dezasete horas e cinco minutos sae do Salón de Sesións a señora Peñalosa López-Pin.

A las diecisiete horas y cinco minutos sale del Salón de Sesiones la señora Peñalosa López-Pin.

Tamén o fixo o Comité de Dereitos Sociais da Unión Europea, que nun dos seus informes alertou dos importantes

También lo hizo el Comité de Derechos Sociales de la Unión Europea, que en uno de sus informes alertó de los

incumprimentos da Carta Social Europea e alertou tamén dun sistema de rendas que é absolutamente insuficiente. É evidente, polo tanto, dende hai tempo, que os datos da pobreza son indecentes para unha democracia. Xa no 2016 o Goberno da Marea Atlántica implementou a Renda Social Municipal para que as nosas veciñas puidesen ter cubertas as súas necesidades básicas para a vida e recentemente o Goberno de coalición do Estado veu de aprobar o Ingreso Mínimo Vital. Ambas as dúas, dúas medidas históricas, dúas medidas que nos permiten avanzar, tanto en termos sociais como en termos democráticos.

importantes incumplimientos de la Carta Social Europea y alertó también de un sistema de rentas que es absolutamente insuficiente. Es evidente, por lo tanto, desde hace tiempo, que los datos de la pobreza son indecentes para una democracia. Ya en el 2016 el Gobierno de la Marea Atlántica implementó la Renta Social Municipal para que nuestras vecinas pudieran tener cubiertas sus necesidades básicas para la vida y recientemente el Gobierno de coalición del Estado acaba de aprobar el Ingreso Mínimo Vital. ambas, dos medidas históricas, dos medidas que nos permiten avanzar, tanto en términos sociales como en términos democráticos.

O que traemos hoxe aquí non é máis que unha proposta construtiva, unha proposta que parte de dúas patas:

Lo que traemos hoy aquí no es más que una propuesta constructiva, una propuesta que parte de dos patas:

-A primeira é a creación dunha oficina específica para apoiar a esas veciñas que están a solicitar ese Ingreso Mínimo Vital pero que por diversas cuestións non poden facelo por carecer de ordenador ou por non ter a formación necesaria. Isto xa se está facendo en diversos Concellos, temos aquí un exemplo en Sada.

-La primera es la creación de una oficina específica para apoyar a esas vecinas que están solicitando ese Ingreso Mínimo Vital pero que por diversas cuestiones no pueden hacerlo por carecer de ordenador o por no tener la formación necesaria. Esto ya se está haciendo en diversos ayuntamientos, tenemos aquí un ejemplo en Sada.

-En segundo lugar, o que propoñemos, tamén, é que se amplíe a Renda Social Municipal, para que? Pois para chegar a máis persoas e para, precisamente, cumprir iso que dicimos moito, que é non deixar a ninguén atrás. Sabemos que a Renda Social Municipal neste momento cubre a persoas que quedan fóra do Ingreso Mínimo Vital, como os menores de 18 a 23 anos e cremos que aínda se pode facer máis, se pode mellorar máis e aquí estamos para colaborar niso.

-En segundo lugar, lo que proponemos, también, es que se amplíe la Renta Social Municipal, ¿para qué? Pues para llegar a más personas y para, precisamente, cumplir eso que decimos mucho, que es no dejar a nadie atrás. Sabemos que la Renta Social Municipal en este momento cubre a personas que quedan fuera del Ingreso Mínimo Vital, como los menores de 18 a 23 años y creemos que aún se puede hacer más, se puede mejorar más y aquí estamos para colaborar en eso.

O Partido Popular tamén trae hoxe unha moción sobre o Ingreso Mínimo Vital para que o Estado financie a sobrecarga que implica a tramitación desta

El Partido Popular también trae hoy una moción sobre el Ingreso Mínimo Vital para que el Estado financie la sobrecarga que implica la tramitación

prestación para os Concellos e que derive, loxicamente tamén, eses fondos ás administracións locais, mediante pois tamén o traslado dese convenio de colaboración. A priori esta proposta parece que ten un contido razoable, pero, dende logo, despois de todo o que veu sucedendo e despois da actitude do seu partido en relación coa aprobación do Ingreso Mínimo Vital parécenos que, dende logo, esta actitude non foi nin moito menos razoable nin moito menos sensata. Simplemente por facer un recordatorio, empezaron vostedes criticando moi contundentemente esta medida ao estilo de blancos e negros da ultradereita e incluso o seu xefe de Madrid, o señor Casado, publicou no seu Twitter en relación a esta medida: paguita e aprobado general. Está falando de paguitas xusto o partido dos papeles de Bárcenas. Dixeron, tamén, que isto xa foi inventado por Manuel Fraga, e miren unha cuestión: se o inventou Manuel Fraga, a verdade é que pouco avanzamos nestes anos porque en Galicia a RISGA neste momento cubre o 7 % da poboación que se atopa por debaixo do umbral da pobreza cando noutros sitios, como no País Vasco, se cobre ao 70 %. Para inventalo Manuel Fraga –xa digo– de pouco nos serviu. E, dende logo, cremos que estas actitudes, lonxe de ser coherentes, o que fan é criminalizar. Nós, dende logo, non vemos que o seu partido, que o Partido Popular, sexa tan esixente e fale de paguitas, fale de efecto chamada, cando falamos de redistribuír cara arriba, non?, cando falamos de rescatar ás empresas, cando falamos de rescatar os bancos, cando falamos de rescatar ás empresas aí si, aí non lle ven problema, aí por suposto que as paguitas, o que sexa necesario. Cando falamos de redistribuír cara abaixo, aí si: luz, taquígrafo, fiscalicemos, comprobemos e por dios, que non nos vaian a defraudar!.

de esta prestación para los Ayuntamientos y que derive, lógicamente también, esos fondos a las administraciones locales, mediante pues también el traslado de ese convenio de colaboración. A priori esta propuesta parece que tiene un contenido razonable, pero, desde luego, después de todo lo que ha venido sucediendo y después de la actitud de su partido en relación con la aprobación del Ingreso Mínimo Vital nos parece que, desde luego, esta actitud no fue ni mucho menos razonable ni mucho menos sensata. Simplemente por hacer un recordatorio, empezaron ustedes criticando muy contundentemente esta medida al estilo de blancos y negros de la ultraderecha e incluso su jefe de Madrid, el señor Casado, publicó en su Twitter en relación a esta medida: paguita y aprobado general. Está hablando de paguitas justo el partido de los papeles de Bárcenas. Dijeron, también, que esto ya fue inventado por Manuel Fraga, y miren una cuestión: si lo inventó Manuel Fraga, la verdad es que poco avanzamos en estos años porque en Galicia la RISGA en este momento cubre el 7 % de la población que se encuentra por debajo del umbral de la pobreza cuando en otros sitios, como en el País Vasco, se cubre al 70 %. Para inventarlo Manuel Fraga –ya digo– de poco nos sirvió. Y, desde luego, creemos que estas actitudes, lejos de ser coherentes, lo que hacen es criminalizar. Nosotros, desde luego, no vemos que su partido, que el Partido Popular, sea tan exigente y hable de paguitas, hable de efecto llamada, cuando hablamos de redistribuir hacia arriba, ¿no?, cuando hablamos de rescatar a las empresas, cuando hablamos de rescatar a los bancos, cuando hablamos de rescatar a las empresas ahí sí, ahí no le ven problema, ahí por supuesto que las paguitas, lo que sea necesario. Cuando hablamos de redistribuir hacia abajo, ahí sí: luz, taquígrafo, fiscalicemos,

comprobemos y ¡por dios, que no nos vayan a defraudar!.

Ben, remato xa. Dende logo, o Partido Popular non é quen nos vai a sacar da situación da pobreza e aí están os datos: 20 % a taxa de pobreza con Feijóo, o Partido Popular gobernando no noso país e nós temos claro que liberdade é poder chegar a fin de mes. Moitas grazas.

Bien, finalizo ya. Desde luego, el Partido Popular no es quien nos va a sacar de la situación de la pobreza y ahí están los datos: 20 % la tasa de pobreza con Feijóo, el Partido Popular gobernando en nuestro país y nosotros tenemos claro que libertad es poder llegar el fin de mes. Muchas gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señora Cameán.

Muchas gracias, señora Cameán.

Ten a palabra polo Partido Popular o señor Rodríguez.

Tiene la palabra por el Partido Popular el señor Rodríguez.

Señor Rodríguez Martínez

Señor Rodríguez Martínez

A pandemia xerou unha crise de terribles consecuencias: máis de 27.000 falecidos, 3 millóns de afectados por ERTES, 4 millóns de parados, tamén son millóns as persoas que necesitan axuda e con ese obxecto as administracións, tanto autonómica como local teñen xa vixentes distintos instrumentos para iso. No ámbito autonómico, Galicia foi unha das primeiras en poñer en marcha unha renda de integración social. Actualmente, son 10.500 persoas as perceptoras da RISGA, cun orzamento anual de 64,4 millóns de euros. Na nosa cidade, concretamente, 7 millóns de euros anuais para 1.200 beneficiarios. En total, a Xunta destina 12 millóns anuais na nosa cidade para axudas sociais e a 2.000 familias coruñesas axudóuselles, por exemplo, a aboar a súa factura da luz.

La pandemia ha generado una crisis de terribles consecuencias: más de 27.000 fallecidos, 3 millones de afectados por ERTES, 4 millones de parados, también son millones las personas que necesitan ayuda y con ese objeto las administraciones, tanto autonómica como local tienen ya vigentes distintos instrumentos para ello. En el ámbito autonómico, Galicia fue una de las primeras en poner en marcha una renta de integración social. Actualmente, son 10.500 personas las perceptoras de la RISGA, con un presupuesto anual de 64,4 millones de euros. En nuestra ciudad, concretamente, 7 millones de euros anuales para 1.200 beneficiarios. En total, la Xunta destina 12 millones anuales en nuestra ciudad para ayudas sociales y a 2.000 familias coruñesas se les ayudó, por ejemplo, a abonar su factura de la luz.

No ámbito local tamén temos a emerxencia social e a renda social. Esta última, por certo, cun orzamento e uns beneficiarios moi lonxe dos anunciados aos catro ventos polo anterior Goberno. As comparacións son odiosas pero

En el ámbito local también tenemos la emergencia social y la renta social. Esta última, por cierto, con un presupuesto y unos beneficiarios muy lejos de los anunciados a bombo y platillo por el anterior Gobierno. Las comparaciones

unhas máis que outras. De verdade quere vostede, señora Cameán, que comparemos o efecto da RISGA co efecto da renda social?.

Estas necesidades incrementáronse coa pandemia. Ante esta situación o Goberno de España co apoio do Partido Popular... eu non se que máis queren, é dicir, se hai algunha cuestión máis na que vostedes consideren que debemos facer á parte do si... envolvelo ou algo polo estilo, pois, trasládannolo e tentaremos contentarlles para a seguinte ocasión que apoiemos ao seu Goberno.

As axudas, este Ingreso Mínimo Vital que se puxo en marcha comparte obxectivos con estas axudas que acabamos de enunciar e que xa están a xestionar comunidades autónomas e entidades locais e que quizais, por tanto, o lóxico fose máis eficaz e eficiente transferirlles fondos para que puidesen continuar reforzando e ampliando estas axudas, pero o Goberno de España non o estimou conveniente e non acordou esta medida nin con comunidades nin con entidades locais.

A Xunta traballa para que os perceptores da RISGA poidan percibir de oficio este Ingreso Mínimo Vital e un dos deberes a partir do 13 de xullo para o Goberno que saia das urnas será modificar a Lei de inclusión social para permitir esa compatibilidade. O único que sabemos é que as comunidades autónomas ou as entidades locais poden iniciar o procedemento administrativo e subscribir o convenio co Instituto Nacional da Seguridade Social. Iso si, os gastos derivados da xestión van ser a cargo das propias entidades locais. E tamén sabemos que hai determinadas comunidades autónomas: País Vasco, Navarra e Cataluña, que poden xestionar esta nova prestación, o cal é

son odiosas pero unas más que otras. ¿De verdad quiere usted, señora Cameán, que comparemos el efecto de la RISGA con el efecto de la renta social?.

Estas necesidades se han incrementado con la pandemia. Ante esta situación el Gobierno de España con el apoyo del Partido Popular…yo no sé qué más quieren, es decir, si hay alguna cuestión más en la que ustedes consideren que debemos hacer aparte del sí... envolverlo o algo por el estilo, pues, nos lo trasladan e intentaremos contentarles para la siguiente ocasión que apoyemos a su Gobierno.

Las ayudas, este Ingreso Mínimo Vital que se ha puesto en marcha comparte objetivos con estas ayudas que acabamos de enunciar y que ya están gestionando comunidades autónomas y entidades locales y que quizás, por tanto, lo lógico hubiera sido más eficaz y eficiente transferirles fondos para que pudiesen continuar reforzando y ampliando estas ayudas, pero el Gobierno de España no lo estimó conveniente y no consensuó esta medida ni con comunidades ni con entidades locales.

La Xunta trabaja para que los perceptores de la RISGA puedan percibir de oficio este Ingreso Mínimo Vital y uno de los deberes a partir del 13 de julio para el Gobierno que salga de las urnas será modificar la Ley de inclusión social para permitir esa compatibilidad. Lo único que sabemos es que las comunidades autónomas o las entidades locales pueden iniciar el procedimiento administrativo y suscribir el convenio con el Instituto Nacional de la Seguridad Social. Eso sí, los gastos derivados de la gestión van a ser a cargo de las propias entidades locales. Y también sabemos que hay determinadas comunidades autónomas: País Vasco, Navarra y Cataluña, que pueden

un agravio comparativo co resto de comunidades e contradí, evidentemente, a igualdade mesma e polo tanto cremos que demostrando a Xunta o seu acerto na xestión das axudas sociais, pois, o comportamento debería de ser outro. Durante a pandemia, sen ir máis lonxe, aprobouse un Plan de continxencia social e agora un paquete extraordinario de medidas de inclusión dotado con máis de 38 millóns de euros, formado por:

gestionar esta nueva prestación, lo cual es un agravio comparativo con el resto de comunidades y contradice, evidentemente, la igualdad misma y por lo tanto creemos que habiendo demostrado la Xunta su acierto en la gestión de las ayudas sociales, pues, el comportamiento debería de haber sido otro. Durante la pandemia, sin ir más lejos, se aprobó un Plan de contingencia social y ahora un paquete extraordinario de medidas de inclusión dotado con más de 38 millones de euros, formado por:

-Tarxeta moedeiro: máis de 30.000 familias que poden adquirir produtos de primeira necesidade.

-Tarjeta monedero: más de 30.000 familias que pueden adquirir productos de primera necesidad.

-Menú solidario, destinado a 20.000 persoas, ás que se lles cofinanciará o menú en establecementos hostaleiros da cidade.

-Menú solidario, destinado a 20.000 personas, a las que se les cofinanciará el menú en establecimientos hosteleros de la ciudad.

-Extensión do programa "Comer en casa a 2.000 persoas, un 40 % máis das existentes.

-Extensión del programa "Xantar na casa" a 2.000 personas, un 40 % más de las existentes.

-Estender ata final de ano o servizo de axuda no fogar, cun incremento do 50 %. Poderano percibir 12.500 persoas máis.

-Extender hasta final de año el servicio de ayuda en el hogar, con un incremento del 50 %. Lo podrán percibir 12.500 personas más.

-Incrementar un 50 % as axudas de inclusión social. É dicir, de 3 a 4 millóns e medio, 1.100 persoas máis cada ano.

-Incrementar un 50 % las ayudas de inclusión social. Es decir, de 3 a 4 millones y medio, 1.100 personas más cada año.

-E, por último, unha orde especial de axudas para entidades de iniciativa social, dotada cun millón e medio de euros.

-Y, por último, una orden especial de ayudas para entidades de iniciativa social, dotada con un millón y medio de euros.

Por tanto, o que propoñemos é instar o Goberno de España a crear un novo fondo que permita a aquelas entidades locais que asuman a xestión desta nova prestación, a atendela de maneira adecuada, sen poñer en risco a tramitación das axudas sociais xa existentes na comunidade ou no

Por tanto, lo que proponemos es instar al Gobierno de España a crear un nuevo fondo que permita a aquellas entidades locales que asuman la gestión de esta nueva prestación, a atenderla de manera adecuada, sin poner en riesgo la tramitación de las ayudas sociales ya existentes en la comunidad o en el

concello e, por último, garantir que todas as comunidades autónomas poidan participar da mesma maneira na tramitación e/ou xestión desta axuda se o consideran máis axeitado para a cidadanía que representan. Agardamos que a pesar destas cuestións que vostedes formulan, non se trata de estar ao 100 % de acordo en todo, pero cremos que esta é unha iniciativa que merece o apoio tamén do seu grupo e por iso sometémolo á consideración e agardamos obtelo. Moitas grazas.

ayuntamiento y, por último, garantizar que todas las comunidades autónomas puedan participar de la misma manera en la tramitación y/o gestión de esta ayuda si lo consideran más adecuado para la ciudadanía que representan. Esperamos que a pesar de estas cuestiones que ustedes plantean, no se trata de estar al 100 % de acuerdo en todo, pero creemos que esta es una iniciativa que merece el apoyo también de su grupo y por eso lo sometemos a la consideración y esperamos obtenerlo. Muchas gracias.

Presidencia

Moitas grazas, señor Rodríguez.

Polo Grupo Mixto, señora Martínez.

Presidencia

Muchas gracias, señor Rodríguez.

Por el Grupo Mixto, señora Martínez.

Señora Martínez Lema

Moitas grazas, señora alcaldesa.

Imos apoiar as dúas mocións, entre outras cousas, porque de forma unánime este martes día 30 de xuño os integrantes da Federación Española de Municipios e Provincias consideraron en Xunta de Goberno que o financiamento dos gastos derivados da xestión do Ingreso Mínimo Vital que poidan desenvolver as entidades locais deberán ser financiados integramente a través dun fondo económico propio para a xestión polas entidades locais deste Ingreso Mínimo Vital. Tamén acordaron que deberá estar dotado orzamentariamente durante todos os anos de vixencia dos convenios que se subscriban e emitiron unha declaración sobre iso que inclúe de forma moi similar os acordos 1 e 2 da moción do Partido Popular, sen mencionar especificamente os 4 e 5 da moción do PP, pide que se garanta tamén poder participar ás comunidades autónomas da mesma maneira na tramitación desta axuda.

Señora Martínez Lema

Muchas gracias, señora alcaldesa.

Vamos a apoyar las dos mociones, entre otras cosas, porque de forma unánime este martes día 30 de junio los integrantes de la Federación Española de Municipios y Provincias consideraron en Junta de Gobierno que la financiación de los gastos derivados de la gestión del Ingreso Mínimo Vital que puedan desarrollar las entidades locales deberán ser financiados íntegramente a través de un fondo económico propio para la gestión por las entidades locales de este Ingreso Mínimo Vital. También acordaron que deberá estar dotado presupuestariamente durante todos los años de vigencia de los convenios que se suscriban y emitieron una declaración sobre eso que incluye de forma muy similar los acuerdos 1 y 2 de la moción del Partido Popular, sin mencionar específicamente los 4 y 5 de la moción del PP, pide que se garantice también poder participar a las comunidades autónomas de la misma manera en la tramitación de esta ayuda.

Cabe dicir que si fai mención a declaración da FEMP ao expoñer a implicación das comunidades autónomas e entidades locais no despregamento da política que persegue consolidar a necesaria implicación de todas as institucións no compromiso común da loita contra a pobreza e as desigualdades en todo o territorio, engarzando o lexítimo exercicio do autogoberno no ámbito das políticas sociais coa provisión colectiva dunha rede de protección mínima e común de ingresos garantidos pola Seguridade Social. E así, no punto terceiro da declaración di: conscientes da grave situación actual, as entidades locais comprométense unha vez máis a paliar as necesidades sociais da cidadanía, contribuíndo segundo as súas capacidades e competencias a implementar o Ingreso Mínimo Vital en colaboración co resto das administracións públicas para que os esforzos e recursos propios empregados deban ser atendidos segundo o principio de corresponsabilidade. A través dese fondo económico propio ao que fai mención a declaración da FEMP queda incluído que o Instituto Nacional da Seguridade Social debe pagar anualmente ás entidades locais que se adhiran aos convenios todos os gastos en que incorresen unha vez remitidos.

Cabe decir que sí hace mención la declaración de la FEMP al exponer la implicación de las comunidades autónomas y entidades locales en el desarrollo de la política que persigue consolidar la necesaria implicación de todas las instituciones en el compromiso común de la lucha contra la pobreza y las desigualdades en todo el territorio, engarzando el legítimo ejercicio del autogobierno en el ámbito de las políticas sociales con la provisión colectiva de una red de protección mínima y común de ingresos garantizados por la Seguridad Social. Y así, en el punto tercero de la declaración dice: conscientes de la grave situación actual, las entidades locales se comprometen una vez más a paliar las necesidades sociales de la ciudadanía, contribuyendo según sus capacidades y competencias a implementar el Ingreso Mínimo Vital en colaboración con el resto de las administraciones públicas para que los esfuerzos y recursos propios empleados deban ser atendidos según el principio de corresponsabilidad. A través de ese fondo económico propio al que hace mención la declaración de la FEMP queda incluido que el Instituto Nacional de la Seguridad Social debe pagar anualmente a las entidades locales que se adhieran a los convenios todos los gastos en que incurriesen una vez remitidos.

Respecto á moción da Marea, o Ingreso Mínimo Vital é compatible con outras axudas que xestionan as entidades locais, no caso da Coruña, a Renda Social Municipal, para o que apoiaremos a modificación da ordenanza que os técnicos consideren oportuna e permita a súa compatibilidade. Moitas grazas.

Respecto a la moción de la Marea, el Ingreso Mínimo Vital es compatible con otras ayudas que gestionan las entidades locales, en el caso de A Coruña, la Renta Social Municipal, para lo cual apoyaremos la modificación de la ordenanza que los técnicos consideren oportuna y permita su compatibilidad. Muchas gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señora Martínez.

Polo Bloque Nacionalista Galego, señora Veira.

Ás dezasete horas e quince minutos entra no Salón de Sesións a señora Peñalosa López-Pin.

Señora Veira González

Grazas, señora alcaldesa.

Ben, pois nós, ao contrario do que indican estas mocións, a do PP non queda moi claro se o que quere é que sexa a comunidade autónoma, se quere que sexa a Xunta de Galiza quen xestione as axudas ou se quere que sexan os Concellos, a verdade, pero nós, ao contrario do que indican estas mocións, entendemos que é necesario transferirlle á Xunta de Galiza, á Comunidade Autónoma de Galiza, a xestión do Ingreso Mínimo Vital e que no caso, ademais, deste país, o compromiso do BNG así expresado pola nosa candidata á Presidencia da Xunta Ana Pontón é que se complemente para facelo máis elevado. E, por que? Porque neste país o que temos é un nivel de pobreza –mesmo traballando– e de desigualdades sociais absolutamente aberrantes, sobre todo na mocidade que, por certo, está absolutamente discriminada no decreto que regula o Ingreso Mínimo Vital, que non é nin moito menos o que se prometeu. Non é unha renda universal e tampouco implica as cantidades das que inicialmente se falaba. E creo que isto tamén o hai que dicir. Nós entendemos, ademais, que o que temos que garantir é un emprego digno, cun goberno que estea a pensar en como darlle un futuro á xente deste país, algo que non se lle dá nin no que se pensa cando se teñen conflitos como os que hai e houbo nestes 11 anos de Goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza en tantas

Muchas gracias, señora Martínez.

Por el Bloque Nacionalista Galego, señora Veira.

A las diecisiete horas y quince minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Peñalosa López-Pin.

Señora Veira González

Gracias, señora alcaldesa.

Bien, pues nosotros, al contrario de lo que indican estas mociones, la del PP no queda muy claro si lo que quiere es que sea la comunidad autónoma, si quiere que sea la Xunta de Galicia quien gestione las ayudas o si quiere que sean los Ayuntamientos, la verdad, pero nosotros, al contrario de lo que indican estas mociones, entendemos que es necesario transferirle a la Xunta de Galicia, a la Comunidad Autónoma de Galicia, la gestión del Ingreso Mínimo Vital y que en el caso, además, de este país, el compromiso del BNG así expresado por nuestra candidata a la Presidencia de la Xunta Ana Pontón es que se complemente para hacerlo más elevado. Y, ¿por qué? Porque en este país lo que tenemos es un nivel de pobreza –incluso trabajando– y de desigualdades sociales absolutamente aberrantes, sobre todo en la juventud que, por cierto, está absolutamente discriminada en el decreto que regula el Ingreso Mínimo Vital, que no es ni mucho menos lo que se prometió. No es una renta universal y tampoco implica las cantidades de las que inicialmente se hablaba. Y creo que esto también hay que decirlo. Nosotros entendemos, además, que lo que tenemos que garantizar es un empleo digno, con un gobierno que piense en cómo darle un futuro a la gente de este país, algo que no se le da ni en lo que se piensa cuando se tienen conflictos como los que hay y hubo en estos 11 años de Gobierno del

empresas no noso país; podemos falar de Noa Madeira; podemos falar de Isowat; podemos falar de Caramelo; podemos falar de Cuca; podemos falar de tantas empresas, de Alcoa, de tantas empresas no noso país nestes 11 anos nos que se perdeu emprego, nos que se perdeu, ademais, industria, nos que se perdeu ademais, maquinaria, nos que se perdeu capital, nos que se perdeu de todo nestes 11 anos.

Partido Popular en la Xunta de Galicia en tantas empresas en nuestro país; podemos hablar de Noa Madeira; podemos hablar de Isowat; podemos hablar de Caramelo; podemos hablar de Cuca; podemos hablar de tantas empresas, de Alcoa, de tantas empresas en nuestro país en estos 11 años en los que se perdió empleo, en los que se perdió, además, industria, en los que se perdió además, maquinaria, en los que se perdió capital, en los que se perdió de todo en estos 11 años.

Ás dezasete horas e dezaoito minutos entra no Salón de Sesións o señor Jorquera Caselas.

A las diecisiete horas y dieciocho minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Jorquera Caselas.

Nós cremos que no que hai que pensar é no emprego, principalmente, en darlle á xente un emprego digno ou cando temos neste momento, que xa dixen, pois 2.000 postos de traballo na comarca da Mariña en Alcoa en risco. O que precisamos é un goberno que non se poña de perfil, que non se poña de lado.

Nosotros creemos que en lo que hay que pensar es en el empleo, principalmente, en darle a la gente un empleo digno o cuando tenemos hoy por hoy, que ya dije, pues 2.000 puestos de trabajo en la comarca de la Mariña en Alcoa en riesgo. Lo que necesitamos es un gobierno que no se ponga de perfil, que no se ponga de lado.

Desde o BNG o que aspiramos é a ter un país con emprego de calidade para que ningunha persoa teña que recorrer ao Ingreso Mínimo Vital xa que a fortaleza e a clave dun país é reducir ao máximo o número de persoas que teña que acudir a este tipo de medidas.

Desde el BNG lo que aspiramos es a tener un país con empleo de calidad para que ninguna persona tenga que recurrir al Ingreso Mínimo Vital ya que la fortaleza y la clave de un país es reducir al máximo el número de personas que tenga que acudir a este tipo de medidas.

En canto ao contido das mocións, cremos que a presión que xa teñen os concellos xestionando outro tipo de axudas –desde as traballadoras sociais fundamentalmente– é excesiva. Non pode ser que cada vez que a un goberno estatal ou autonómico se lle acorde aprobar unha lei logo lle encargue os concellos a súa aplicación ou a súa vixilancia mentres se mantén intacta a Lei Montoro, que ten afogadas ás administracións públicas en canto á contratación de persoal. Iso é o que non

En cuanto al contenido de las mociones, creemos que la presión que ya tienen los ayuntamientos gestionando otro tipo de ayudas –desde las trabajadoras sociales fundamentalmente– es excesiva. No puede ser que cada vez que a un gobierno estatal o autonómico se le acuerde aprobar una ley luego le encargue a los ayuntamientos su aplicación o su vigilancia mientras se mantiene intacta la Ley Montoro, que tiene ahogadas a las administraciones públicas en cuanto a la contratación de

pode ser. Precisamos que desde os concellos as traballadoras sociais poidan tamén facer intervención, non meramente xestión administrativa. Se as cargamos de máis xestións co Ingreso Mínimo Vital será imposíbel que fagan absolutamente nada máis. Entendemos, ademais, que o axeitado sería que xestionase a Xunta de Galiza este Ingreso Mínimo Vital –como dixen ao comezo– porque aquí, na Coruña, existe a Renda Social Municipal, en Compostela hai outro tipo de rendas, existe a RISGA e cremos que a Xunta de Galiza é realmente quen pode darlle encaixe a todas estas medidas e poder, pois, realmente facer que sexan complementarias e que poidan chegar a canta máis xente, mellor. Nada máis.

personal. Eso es lo que no puede ser. Necesitamos que desde los ayuntamientos las trabajadoras sociales puedan también hacer intervención, no meramente gestión administrativa. Si las cargamos de más gestiones con el Ingreso Mínimo Vital será imposible que hagan absolutamente nada más. Entendemos, además, que lo idóneo sería que gestionase la Xunta de Galicia este Ingreso Mínimo Vital –como dije al inicio– porque aquí, en A Coruña, existe la Renta Social Municipal, en Compostela hay otro tipo de rentas, existe la RISGA y creemos que la Xunta de Galicia es realmente quien puede darle encaje a todas estas medidas y poder, pues, realmente hacer que sean complementarias y que puedan llegar a cuanta más gente, mejor. Nada más.

Presidencia

Moitas grazas, señora Veira.

Polo Grupo Socialista, señora Neira.

Presidencia

Muchas gracias, señora Veira.

Por el Grupo Socialista, señora Neira.

Señora Neira Fernández

Grazas, señora alcaldesa.

Ben, en primeiro lugar, manifestar o noso apoio á moción que presenta o Partido Popular e explicar, tamén, a razón da emenda de substitución que facemos á moción que presenta Marea Atlántica.

Fala Marea Atlántica de facer unha oficina de atención para o tema do Ingreso Mínimo Vital e pon como exemplo o Concello de Sada ou outros concellos onde efectivamente se puxo, non con excesivo éxito. O certo é que cunha rede como ten o Concello da Coruña de Servizos Sociais, con 5 equipos de atención social e con todo o persoal e a dotación que teñen os Servizos Sociais do Concello da Coruña, consideramos que neste momento non é

Señora Neira Fernández

Gracias, señora alcaldesa.

Bueno, en primer lugar, manifestar nuestro apoyo a la moción que presenta el Partido Popular y explicar, también, la razón de la enmienda de sustitución que hacemos a la moción que presenta Marea Atlántica.

Habla Marea Atlántica de hacer una oficina de atención para el tema del Ingreso Mínimo Vital y pone como ejemplo el Ayuntamiento de Sada u otros ayuntamientos donde efectivamente se ha puesto, no con excesivo éxito. Lo cierto es que con una red como tiene el Ayuntamiento de A Coruña de Servicios Sociales, con 5 equipos de atención social y con todo el personal y la dotación que tienen los Servicios Sociales del Ayuntamiento de A Coruña,

necesario porque xa quen está facendo ese labor son os propios equipos técnicos e non é necesario facer unha oficina soamente a este respecto.

Respecto ao tema da compatibilidade das axudas, loxicamente, para falar de compatibilidade de axudas hai que facer estudos que sexan sólidos e solventes. Falar de compatibilizar ingreso con renda ou falar de compatibilizar outro tipo de axudas coa renda ten que ir precedido, loxicamente, ben, pois de estudos que nos indiquen finalmente en que marxe da poboación ímonos estar movendo e, polo tanto, como se vai articular. De feito, a Renda Social Municipal é posterior á RISGA e establécese na Ordenanza aprobada neste Salón de Plenos que é incompatible coa mesma. Non se complementou a RISGA, que ten unhas cantidades bastante máis pequenas que a renda social, co ingreso que se tiña por renda. De todos os xeitos e tal e como se establece neste momento, vai tocar a perfís da poboación un pouco diferentes.

En relación á intervención que se fixo por parte do Partido Popular, eu soamente quero dicir unha cousa: están a falar do labor que fai a Xunta a través da RISGA. Todos sabemos que a RISGA, finalmente, é unha axuda de carácter autonómico pero que o traballo desde o minuto cero ata a mera aprobación fano os Servizos Sociais Municipais, tamén así os seguimentos. Polo tanto, se neste momento a aprobación dun Ingreso Mínimo Vital, que é fundamental e que, loxicamente, ninguén dos que estamos aquí presentes tendo en conta que os nosos respectivos partidos políticos aprobárono así no Congreso dos Deputados, estamos en contra desa filosofía, o certo é que require doutro tipo de intervencións. Dicíame o señor Rodríguez en relación ao tema da Xunta

consideramos que en este momento no es necesario porque ya quien está haciendo esa labor son los propios equipos técnicos y no es necesario hacer una oficina solamente a este respecto.

Respecto al tema de la compatibilidad de las ayudas, lógicamente, para hablar de compatibilidad de ayudas hay que hacer estudios que sean sólidos y solventes. Hablar de compatibilizar ingreso con renta o hablar de compatibilizar otro tipo de ayudas con la renta tiene que ir precedido, lógicamente, bueno, pues de estudios que nos indiquen finalmente en qué margen de la población nos vamos a estar moviendo y, por lo tanto, cómo se va a articular. De hecho, la Renta Social Municipal es posterior a la RISGA y se establece en la Ordenanza aprobada en este Salón de Plenos que es incompatible con la misma. No se complementó la RISGA, que tiene unas cantidades bastante más pequeñas que la renta social, con el ingreso que se tenía por renta. De todas formas y tal y como se establece en este momento, va a tocar a perfiles de la población un poco diferentes.

En relación a la intervención que se hizo por parte del Partido Popular, yo solamente quiero decir una cosa: están hablando de la labor que hace la Xunta a través de la RISGA. Todos sabemos que la RISGA, finalmente, es una ayuda de carácter autonómico pero que el trabajo desde el minuto cero hasta la mera aprobación lo hacen los Servicios Sociales Municipales, también así los seguimientos. Por lo tanto, si en este momento la aprobación de un Ingreso Mínimo Vital, que es fundamental y que, lógicamente, nadie de los que estamos aquí presentes teniendo en cuenta que nuestros respectivos partidos políticos lo han aprobado así en el Congreso de los Diputados, estamos en contra de esa filosofía, lo cierto es que requiere de otro tipo de intervenciones. Me decía el

o que están facendo. Pois eu agora preguntaba que están facendo os equipos de atención social ao Ingreso Mínimo Vital e o certo é que por parte da Xunta de Galicia non se avisou os perceptores de RISGA que tamén están cobrando o Ingreso Mínimo Vital e que con todo si o están facendo as traballadoras sociais, tendo en conta que esas cantidades van ser descontadas. Dito todo isto, a xestión do Ingreso Mínimo Vital por parte dos concellos non creo que sexa a mellor das medidas. Si o é, desde logo, require –tal e como se pediu por parte da alcaldesa nunha conferencia de alcaldes co ministro de Seguridade Social– desde logo que se poñan en marcha os medios, tanto económicos-orzamentarios como de persoal suficientes se se quere que por parte das administracións locais xestionemos unha vez máis unha competencia que neste momento parece que é de ámbito estatal. Eu non sei se sería máis axeitado que o xestionara a Xunta se finalmente o traballo vai recaer –-como recae no caso da RISGA– case prefiro que o xestione –como no caso das PNC, das pensións non contributivas– a Seguridade Social. Sexa como for eu creo que hai que facer, loxicamente, os estudos e as formulacións sólidas, coherentes e tamén, ben, pois, solventes **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** *desde o punto de vista social, desde o punto de vista económico, para darlle a isto a sostibilidade que ten que ter. E, por suposto, que a liberdade está en chegar a fin de mes, pero máis liberdade tense co acceso ao mercado de traballo, que finalmente a finalidade de calquera destas axudas é conseguir que por primeira vez ou por vez definitiva se poida ser independente das mesmas e se poida, polo tanto, chegar a fin de mes grazas á incorporación ao mercado de traballo, que é a nosa materia pendente. Nada máis e moitas grazas.*

señor Rodríguez en relación al tema de la Xunta lo que están haciendo. Pues yo ahora preguntaba qué están haciendo los equipos de atención social al Ingreso Mínimo Vital y lo cierto es que por parte de la Xunta de Galicia no se ha avisado a los perceptores de RISGA que también están cobrando el Ingreso Mínimo Vital y que sin embargo sí lo están haciendo las trabajadoras sociales, teniendo en cuenta que esas cantidades van a ser descontadas. Dicho todo esto, la gestión del Ingreso Mínimo Vital por parte de los ayuntamientos no creo que sea la mejor de las medidas. Si lo es, desde luego, requiere –tal y como se pidió por parte de la alcaldesa en una conferencia de alcaldes con el ministro de Seguridad Social– desde luego que se pongan en marcha los medios, tanto económicos-presupuestarios como de personal suficientes si se quiere que por parte de las administraciones locales gestionemos una vez más una competencia que en este momento parece que es de ámbito estatal. Yo no sé si sería más adecuado que lo gestionara la Xunta si finalmente el trabajo va a recaer –como recae en el caso de la RISGA– casi prefiero que lo gestione –como en el caso de las PNC, de las pensiones no contributivas– la Seguridad Social. Sea como fuere yo creo que hay que hacer, lógicamente, los estudios y los planteamientos sólidos, coherentes y también, bueno, pues, solventes ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** *desde el punto de vista social, desde el punto de vista económico, para darle a esto la sostenibilidad que tiene que tener. Y, por supuesto, que la libertad está en llegar a fin de mes, pero más libertad se tiene con el acceso al mercado de trabajo, que finalmente la finalidad de cualquiera de estas ayudas es conseguir que por primera vez o por vez definitiva se pueda ser independiente de las mismas y se pueda, por lo tanto, llegar a fin de mes gracias a la incorporación al mercado*

de trabajo, que es nuestra asignatura pendiente. Nada más y muchas gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señora Neira.

Muchas gracias, señora Neira.

Imos proceder á votación das mocións.

Vamos a proceder a la votación de las mociones.

Hai unha emenda de substitución do Grupo Socialista á emenda da Marea. señora Cameán.

Hay una enmienda de sustitución del Grupo Socialista a la enmienda de la Marea. Señora Cameán.

Señora Cameán Calvete

Señora Cameán Calvete

Non se acepta esta emenda. Non se acepta por distintos motivos. O primeiro é porque xa presentamos outra moción onde, efectivamente, pois, compartimos esa necesidade do reforzo dos servizos sociais pero precisamente consideramos que o oportuno é non sobrecargar. A nosa proposta é diferente, é unha oficina específica administrativa, simplemente de apoio e bueno, pois, modifica o contido. Non a aceptamos.

No se acepta esta enmienda. No se acepta por distintos motivos. El primero es porque ya hemos presentado otra moción donde, pues, compartimos esa necesidad de refuerzo de los servicios sociales pero precisamente consideramos que lo oportuno es no sobrecargar. Nuestra propuesta es diferente, es una oficina específica administrativa, simplemente de apoyo y bueno, pues, modifica el contenido. No la aceptamos.

Presidencia

Presidencia

Ben, moitas grazas. Pois entón procedemos á votación da emenda en primeiro lugar.

Bien, muchas gracias. Pues entonces procedemos a la votación de la enmienda en primer lugar.

Votación da emenda de substitución do Grupo Municipal do Partido Socialista á terceira moción do Grupo Municipal da Marea Atlántica

Votación de la enmienda de sustitución del Grupo Municipal del Partido Socialista a la tercera moción del Grupo Municipal de la Marea Atlántica

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación a emenda de substitución do Grupo Municipal do Partido Socialista á terceira moción do Grupo Municipal da Marea Atlántica, sobre o Ingreso Mínimo Vital (IMV) e a Renda Social Municipal (RSM), producíndose o seguinte resultado:

Seguidamente por la Presidencia se somete a votación la enmienda de sustitución del Grupo Municipal del Partido Socialista a la tercera moción del Grupo Municipal de la Marea Atlántica, sobre el Ingreso Mínimo Vital (IMV) y la Renta Social Municipal (RSM), produciéndose el siguiente resultado:

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 votos).

Vota en contra o Grupo Municipal da Marea Atlántica (MA) (6 votos).

Vota en contra el Grupo Municipal de la Marea Atlántica (MA) (6 votos).

Abstense o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 abstencións).

Se abstiene el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 abstenciones).

Vota a favor o Grupo Mixto (1 voto).

Vota a favor el Grupo Mixto (1 voto).

Presidencia

Presidencia

Pois prospera a emenda e polo tanto xa non se vota a moción.

Pues prospera la enmienda y por tanto ya no se vota la moción.

118. Moción presentada polo Grupo Municipal da Marea Atlántica, emendada polo Grupo Municipal Socialista, sobre o Ingreso Mínimo Vital (IMV) e a Renda Social Municipal (RSM)

118. Moción presentada por el Grupo Municipal de la Marea Atlántica, enmendada por el Grupo Municipal Socialista, sobre el Ingreso Mínimo Vital (IMV) y la Renta Social Municipal (RSM)

Acordo

Acuerdo

A Corporación Municipal da Coruña en Pleno acorda:

La Corporación Municipal de A Coruña en Pleno acuerda:

Primeiro. O Pleno insta o Goberno local ao reforzo dos Servizos Sociais municipais co fin de que poidan facer un importante labor de información á poboación usuaria dos mesmos, en relación co IMV a través dos Equipos de Atención Social.

Primero. El Pleno insta al Gobierno local al refuerzo de los Servicios Sociales municipales con el fin de que puedan hacer una importante labor de información a la población usuaria de los mismos, en relación con el IMV a través de los Equipos de Atención Social.

Segundo. O Pleno insta o Goberno local a estudar o impacto do IMV e a RSM, así como a súa interrelación e, no seu caso, a facer os trámites necesarios para dar a mellor cobertura á poboación máis vulnerable.

Segundo. El Pleno insta al Gobierno local a estudiar el impacto del IMV y la RSM, así como su interrelación y, en su caso, a hacer los trámites necesarios para dar la mejor cobertura a la población más vulnerable.

Votación da primeira moción do Grupo Municipal do Partido Popular

Votación de la primera moción del Grupo Municipal del Partido Popular

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación a primeira moción do Grupo Municipal do Partido Popular, relativa ao Ingreso Mínimo Vital, producíndose o seguinte resultado:

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 votos).

Abstense o Grupo Municipal da Marea Atlántica (MA) (6 abstencións).

Abstense o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 abstencións).

Vota a favor o Grupo Mixto (1 voto).

Presidencia

Queda aprobada a moción.

119. Moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular relativa ao Ingreso Mínimo Vital

Acordo

A Corporación Municipal da Coruña en Pleno acorda:

Instar o Goberno de España e, en concreto, o Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións a:

1. Crear un novo fondo que permita a aquelas Entidades Locais que asuman a xestión desta nova prestación, a través de convenios co Instituto Nacional da Seguridade Social, atender dita xestión de maneira adecuada e sen poñer en risco a tramitación das axudas sociais xa existentes nas mesmas. Sen eses fondos adicionais será inviable para as Entidades Locais xestionar esta nova

Seguidamente por la Presidencia se somete a votación la primera moción del Grupo Municipal del Partido Popular, relativa al Ingreso Mínimo Vital, produciéndose el siguiente resultado:

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 votos).

Se abstiene el Grupo Municipal de la Marea Atlántica (MA) (6 abstenciones).

Se abstiene el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 abstenciones).

Vota a favor el Grupo Mixto (1 voto).

Presidencia

Queda aprobada la moción.

119. Moción presentada por el Grupo Municipal del Partido Popular relativa al Ingreso Mínimo Vital

Acuerdo

La Corporación Municipal de A Coruña en Pleno acuerda:

Instar al Gobierno de España y, en concreto, al Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones a:

1. Crear un nuevo fondo que permita a aquellas Entidades Locales que asuman la gestión de esta nueva prestación, a través de convenios con el Instituto Nacional de la Seguridad Social, atender dicha gestión de manera adecuada y sin poner en riesgo la tramitación de las ayudas sociales ya existentes en las mismas. Sin esos fondos adicionales será inviable para las Entidades Locales

prestación estatal e, por tanto, será inviable a firma destes convenios de colaboración.

gestionar esta nueva prestación estatal y, por tanto, será inviable la firma de estos convenios de colaboración.

2. Enviar, de forma urxente e antes de que esta prestación entre en vigor, a todas as Entidades Locais o borrador do texto de convenio que terían que asinar para xestionar o Ingreso Mínimo Vital para que poidan analizar cos seus servizos técnicos as implicacións económicas, xurídicas e de xestión que se derivan do devandito convenio e valorar adecuadamente se a Entidade Local pode asumir esa xestión ou a mesma permanece no Instituto Nacional da Seguridade Social.

2. Enviar, de forma urgente y antes de que esta prestación entre en vigor, a todas las Entidades Locales el borrador del texto de convenio que tendrían que firmar para gestionar el Ingreso Mínimo Vital para que puedan analizar con sus servicios técnicos las implicaciones económicas, jurídicas y de gestión que se derivan de dicho convenio y valorar adecuadamente si la Entidad Local puede asumir esa gestión o la misma permanece en el Instituto Nacional de la Seguridad Social.

3. Garantir que todas as Comunidades Autónomas poden participar da mesma maneira na tramitación e/ou xestión desta axuda se consideran que é o máis adecuado para os seus cidadáns.

3. Garantizar que todas las Comunidades Autónomas pueden participar de la misma manera en la tramitación y/o gestión de esta ayuda si consideran que es lo más adecuado para sus ciudadanos.

